**

*

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE LINGUAS CLÁSICAS

CURSO 2021-2022

IES DE SOUTOMAIOR

INDICE:

1. **COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO E MATERIAS**
2. **CONTEXTUALIZACIÓN**
3. **PROGRAMACIÓN DE CULTURA CLÁSICA DE 3º**

3.1 Obxectivos.
3.2 A materia de Cultura Clásica na ESO.
3.3 Contribución de Cultura Clásica á adquisición de competencias.
3.4 Secuenciación e temporalización dos contidos.
3.5 Criterios de cualificación, estándares de aprendizaxe, competencias clave e instrumentos de avaliación.
3.6 Contidos mínimos.
3.7 Metodoloxía.
3.8 Docencia non presencial.
3.9 Avaliación e actividades de recuperación.
3.10 Materiais e recursos didácticos.
3.11 Atención á diversidade.
3.12 Actividades complementarias e extraescolares.

4. PROGRAMACIÓN DE 4º E.S.O LATÍN

4.1.INTRODUCIÓN

4.2. OBXECTIVOS XERAIS

4.3. CONTIDOS SECUENCIADOS E TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓN

4.4. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

4.5. DOCENCIA NON PRESENCIAL

4.6. AVALIACIÓN

4.6.1 Criterios de avaliación

4.6.2. Estándares de aprendizaxe

4.6.3. Graos mínimos esixibles para superar a materia

4.6.4. Procedementos de avaliación

4.6.5. Instrumentos de avaliación

4.6.6. Criterios de cualificación

4.6.7. Avaliación e cualificación non presencial

4.7. EDUCACIÓN EN VALORES E TEMAS TRANSVERSAIS

4.8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

4.9. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

5. LATÍN 1º BACHARELATO

5.1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

5.2. OBXECTIVOS DA ETAPA DE BACHARELATO

5.3. CONTIDOS E SECUENCIACIÓN DAS UNIDADES

5.3.1. Esquema de Concreción. Graos mínimos

5.3.2. Docencia non presencial

5.4. AVALIACIÓN

5.4.1. Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe

5.4.2. Procedementos de avaliación

5.4.3. Criterios de cualificación

5.4.4. Organización de actividades de seguemento, recuperación e avaliación da materia pendente

5.4.5. Avaliación e cualificación non presencial

6. LATÍN 2º BACHARELATO

6.1. CONTIDOS SECUENCIADOS E TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓN

6.2. METODOLOXÍA

6.3. DOCENCIA NON PRESENCIAL

6.3. AVALIACIÓN

6.3.1. Criterios de avaliación

6.3.2. Estándares de aprendizaxe

6.3.3. Graos mínimos esixibles

6.3.4. Procedementos de avaliación

6.3.5 Instrumentos de avaliación

6.3.6. Criterios de cualificación

6.3.7.Organización das actividades de seguemento, recuperación e avaliación da materia pendente

6.3.8. Avaliación e cualificación non presencial

6.4. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

6.5. CONCRECIÓN DA TRANSVERSALIDADE

6 .6.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

6.7. TRATAMENTO E FOMENTO DA LECTURA

6.8.TRATAMENTO E FOMENTO DAS TIC

6.9. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

7. GREGO 1º BACHARELATO

7.1. INTRODUCCIÓN- CONTEXTUALIZACIÓN

2.CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS E CONCRECIÓN EN RELACIÓN COS ESTÁNDARES

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

4. CONTIDOS E SECUENCIACIÓN

4.1. Temporalización

4.2. Esquema de concreción 117

5. METODOLOXÍA 166

6. DOCENCIA NON PRESENCIAL 169

7. AVALIACIÓN 169

7.1. Grao mínimos esixibles para superar a materia 169

7.2. Procedementos de avaliación 172

7.3. Instrumentos de avaliación 173

7.4. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e Competencias clave 173

7.5. Criterios de cualificación 175

7.6.. Avaliación e cualificación non presencial 175

7.7. Organización dos procedementos de acreditación dos coñecementos previos 176

7.8. Deseño da avaliación inicial e medidas adoptadas 177

7.9. Organización das actividades de seguemento, recuperación e avaliación da materia pendente 177

8. CONCRECIÓN DA TRANSVERSALIDADE 178

8.1. Medidas de atención á diversidade 180

8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES 180

8. GREGO 2º BACHARELATO

181

1.OBXECTIVOS 181

2. CONTIDOS SECUENCIADOS E TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓN 181

3. CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS 183

4. AVALIACIÓN 183

4.1. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave 183

4.2. Grao mínimo esixible para superar a materia de 2º de Bacharelato 189

4.3. Procedementos de avaliación 190

4.4. Criterios e instrumentos de avaliación 191

4.5. Criterios mínimos de avaliación 192

4.6. Criterios de cualificación 193

5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: REFORZOSE E PENDENTES DE 2º DE BACHARELATO 194

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS DA MATERIA DE 1º E 2º DE BACHARELATO 194

7.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS EXTRAESCOLARES 195

8. TRATAMENTO E FOMENTO DA LECTURA EN 1º E 2º DE BACHARELATO 195

9.TRATAMENTO E FOMENTO DAS TIC 196

10. INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE 196

11. CONCRECIÓN DA METODOLOXÍA DIDÁCTICA 197

12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 198

1. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO E MATERIAS

O departamento de Linguas Clásicas é unipersoal, con Xosé Abilleira como único membro.

As materias que se imparten con cadanseu profesorado son as seguintes:

- Cultura Clásica nun grupo de 3º ESO, impartindo docencia o profesor do Departamento de Filosofía, 2 horas semanais.
- Latín de 4º ESO nun grupo, impartindo docencia a profesora , do departamento de Lingua Española con 3 horas semanais.
- Latín de 1º Bacharelato, impartindo docencia Xosé Abilleira, 4 horas semanais.
- Latín de 2º Bacharelato, impartindo docencia Xosé Abilleira, 4 horas semanais.
- Grego de 1º Bacharelato, impartindo docencia Xosé Abilleira, 4 horas semanais.
- Grego de 2º Bacharelato, impartindo docencia Xosé Abilleira, 4 horas semanais.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

Soutomaior é, en boa medida, un concello-vila que linda cos de Pontevedra, Pontecaldelas e Redondela, cun censo de aproximadamente 7400 habitantes nunha extensión de case 25 km2.

Conta con dous destacados núcleos poboacionais: un, Arcade, de características semiurbanas, e outro, Soutomaior, “capital” administrativa, de fisionomía rural.

Agás Arcade, que a ten máis concentrada, o resto do concello ten unha distribución da poboación máis dispersa.

No primeiro núcleo destaca unha ocupación importante no sector servizos. No resto do municipio hai dedicación ao sector primario (agricultura-viticultura, economía da ría...). Hai unha importante presenza de persoas inmigrantes, sobre todo de orixe marroquí.

É un concello cun interesante patrimonio natural (ríos-ría) e cultural (destaca o castelo).

O IES atópase na estrada que desde Arcade vai cara ao interior en dirección a Soutomaior. A oferta educativa é de ESO e Bacharelato, en todos os seus niveis. A el acode algún alumnado de zonas rurais pertencentes aos concellos limítrofes.

De xeito similar ao curso pasado, aínda que con un desenvolvemento e perspectivas máis positivos, o presente curso vese condicionado pola pandemia, situación que repercute nas cuestións organizativas e docentes seguindo os distintos protocolos e normativas das autoridades sanitarias e educativas. Comezamos cunha docencia presencial e hai que ter en conta que esta situación puidese modificarse en función da evolución sociosanitaria. Tamén hai aspectos abertos e indefinidos derivados da aplicación da LOMLOE, a nova Lei Educativa (sobre todo está no aire aspectos de repetición, etc).

3. PROGRAMACIÓN DE CULTURA CLÁSICA 3º ESO

3.1 Obxectivos.

O *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOGA de 29 de Xuño de 2015),* establece no artigo 10 que a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos norespecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entreas persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.2 A materia de Cultura Clásica na ESO.

A materia de Cultura Clásica ten como obxectivo primordial achegar o alumnado ao estudo das civilizacións grega e latina nos ámbitos literario, artístico, filosófico, científico, sociopolítico e lingüístico, de xeito que poida tomar conciencia da influencia, o mantemento e a presenza destes aspectos na cultura occidental, e comprender a súa identidade cultural, así como as manifestacións que a definen.

A través de Cultura Clásica preténdese iniciar o alumnado nun exercicio de reflexión e a análise sobre as bases en que descansan realidades moi importantes da nosa cultura, confrontándoas co que coñecemos como legado clásico: un patrimonio común que debe ser considerado irrenunciable para os cidadáns e as cidadás de Europa.

De acordo con esta formulación, o currículo básico da materia articúlase en bloques temáticos pertencentes a dous ámbitos diferentes: o ámbito lingüístico e o non lingüístico.

O ámbito lingüístico oriéntase fundamentalmente a analizar a relación de parentesco entre as linguas clásicas e un bo número das que se falan na actualidade. Para iso, pártese do concepto de familia lingüística, centrando a atención na familia das linguas indoeuropeas, á que pertencen o grego e o latín e da que se deriva unha boa parte das linguas modernas. O estudo da orixe e a evolución da familia lingüística indoeuropea acompáñase coa descrición do marco histórico e xeográfico onde ten lugar a devandita evolución. En relación con este aspecto, inclúese un percorrido a través da orixe e a evolución da escritura e a súa diversidade de sistemas e alfabetos. Préstase especial atención ao importantísimo papel que o latín e o grego xogaron na configuración das linguas modernas, en especial na composición culta e na formación do léxico. O obxectivo último da materia de Cultura Clásica, neste ámbito será permitir ao alumnado afondar na comprensión da propia lingua e no uso desta esma como elemento esencial para a comunicación e a adquisición de coñecementos.

No ámbito non lingüístico englóbase o resto dos bloques propostos: xeografía, historia, mitoloxía, relixión, arte, sociedade e vida cotiá, e literatura. Todos eles irán enfocados a iniciar o alumnado no coñecemento dos aspectos máis característicos da cultura grecorromana, de xeito que a través do seu estudo sexa quen de analizar e comprender os trazos comúns e os que son diversos, valorar a herdanza clásica e respectar o patrimonio cultural da humanidade. Para sentar as bases deste estudo pártese da necesidade de coñecer o marco xeográfico e histórico en que se desenvolveron as civilizacións grega e romana ao longo do tempo, orixe da civilización occidental. O estudo das relixións grega e romana presta atención ás manifestacións máis significativas da relixiosidade oficial, os cultos públicos e privados, as manifestacións deportivas relacionadas, as festividades relixiosas e os valores culturais asociados a ela. Dentro deste apartado sitúase o capítulo da mitoloxía, no que se aborda a construción do imaxinario colectivo europeo, grazas ás narracións míticas e lendarias, o mundo dos deuses e dos heroes, e o seu mantemento na cultura contemporánea.

Especial atención merecen as manifestacións artísticas que nos legaron as civilizacións grega e romana, que serviron e serven de modelo a moitas das producións actuais. Entre elas cómpre salientar, por unha banda, as relativas ás artes plásticas, concretamente á arquitectura, á escultura e ás artes decorativas, e, pola outra, á literatura, cuxa configuración en xéneros determina toda a nosa tradición literaria, grazas ao acervo de temas, tópicos e recursos estilísticos empregados polos seus autores e polas súas autoras.

Dedícase un apartado á sociedade e á vida cotiá, dentro do cal se tratan aspectos como a organización política e social do mundo grecorromano, as clases sociais, a vida pública e privada, e os valores cívicos que se transmitiron á cultura occidental.

En todos os bloques de contidos vai implícito o estudo inescusable do mantemento do legado clásico na actualidade, co que se pretende analizar todos os elementos desta herdanza clásica que continúan a ser referentes na nosa cultura. Debido ao carácter de optatividade da materia de Cultura Clásica, é necesario ter en conta a flexibilidade na adecuación dos contidos ás características dos centros docentes e ao alumnado que escolla esta opción, de xeito que o seu currículo debe ter a apertura propia das materias específicas.

A comunicación lingüística é a competencia clave con máis presenza no bloque lingüístico, xa que permite descubrir as raíces grecorromanas do vocabulario das linguas que utiliza. Non obstante, no bloque non lingüístico os propios contidos da materia fomentan, tamén, a expresión a través da comunicación textual, oral, audiovisual e dixital.

A presenza das novas tecnoloxías da información e da comunicación no mundo actual debe aproveitarse como unha vantaxe para o labor cotián na aula, traballando, deste xeito, a competencia dixital. A procura de información guiada polo profesorado facilita o desenvolvemento do espírito crítico e o achegamento persoal ao coñecemento. Nesta liña, tamén hai que salientar a importancia do traballo da competencia en aprender a aprender, xa que o alumnado está iniciándose na selección, na avaliación, na comprensión e na produción de información cada vez máis complexa. A perseveranza, os hábitos de estudo, a autonomía e o traballo en equipo son capacidades que se poden afianzar neste capítulo. A descuberta da historia do mundo grego e do romano a través dos seus fitos máis salientables no ámbito da política, a sociedade e a vida cotiá axudarán a potenciar as competencias sociais e cívicas, así como a competencia en sentido da iniciativa e

espírito emprendedor, por medio da planificación de proxectos en equipo, reforzando os conceptos dos valores democráticos, a participación cidadá e a toma de decisións responsables.

Unha visión global da xeografía e historia de Grecia e Roma impulsará o alumnado a comprender os procesos de cambio desde o mundo antigo ata a actualidade, traballando, tamén, a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, que capacitan para a análise de fenómenos complexos, o razoamento lóxico e o rigor científico.

A aproximación ás manifestacións artísticas e literarias do mundo clásico permite o desenvolvemento da competencia en conciencia e expresión culturais, xa que un dos obxectivos principais da materia é a constatación do mantemento das súas pegadas na actualidade.

A materia de Cultura Clásica pode significar para o alumnado de educación secundaria unha excelente vía de achegamento á posta en valor do noso patrimonio cultural, que se aloxa nos restos arqueolóxicos, nos museos e mesmo no contorno cotián, así como nas manifestacións máis inmateriais da cultura grecorromana, como o pensamento, as crenzas, a mitoloxía, a estética e a ética.

3.3 Contribución da materia de Cultura Clásica á adquisición de competencias clave.

A comunicación lingüística (CCL) ten presenza na materia de Cultura Clásica, xa que o estudo do léxico de orixe grega e latina e dos seus textos redundará sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Ademais, esta competencia ten presenza na metodoloxía desta materia, xa que o alumnado deberá facer numerosas exposicións orais. Porén, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias.

O labor de elaboración de traballos en grupo e de exposición oral non só constitúen por si mesmos un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimulan a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender (CAA).

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) poden ser traballadas nos temas de cultura e civilización grega e romana, nomeadamente na educación en Grecia, Roma, no urbanismo e na enxeñaría romana, e as vías de comunicación, en tanto que manifestacións da actividade humana.

A competencia dixital deberá estar presente en todo momento. A procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo/pola profesor/a, deberá servirnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais para pór á disposición da comunidade educativa.

As competencias sociais e cívicas (CSC) poden ser traballadas particularmente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo romano, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

A competencia en conciencia e expresión cultural (CCEC) está moi presente, ademais de no estudo das literaturas grega e latina, nos contidos referidos ás artes plásticas en Grecia e Roma, o urbanismo e a romanización de Hispania e da Gallaecia. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos ou tópicos literarios, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contexto, ben sexa nas páxinas dun libro, ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

A competencia que traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor (CIEE) estará presente sobre todo nos bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

3.4 Secuenciación e temporalización dos contidos.

CULTURA CLÁSICA					
avaliación	*Unidades didácticas*			*temporalización*	*obxectivos*
	unidade	*bloque*	*contido*		
1	1	B.1. Xeografía		Setembro-outubro	f, o
		B.1.1.	Marco xeográfico de Grecia e Roma		
	2	B.2. Historia		Setembro Outubro	e, ñ
		B.2.1.	Marco histórico de Grecia: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.		
		B.3. Mitoloxía			b
		B.3.1.	O panteón grego e romano		
		B. 7. Pervivenza			l, n, ñ
		B.7.2.	Mitoloxía nas manifestacións artísticas actuais		
		B.6. Lingua e literatura			e, f

		B.6.1.	Hª da escritura. Soportes.		
		B.6.2.	Alfabetos grego e latino		
	3	B.2. Historia		Outubro Novembro, Decembro	e, ñ
		B.2.2.	Períodos da Hª de Roma: monarquía, república, imperio. Aspectos básicos da romanización, sobre todo de Gallaecia		
		B.3. Mitoloxía			b
		B.3.1.	O panteón grego e romano		
		B. 7. Pervivenza			l, n, ñ
		B.7.2.	Mitoloxía nas manifestacións artísticas actuais		
		B.6. Lingua e literatura			f
		B.6.8.	Léxico grecolatino na linguaxe científica e técnica		
	4	B.5. Sociedade e vida cotiá		Decembro	a, g, h, ñ
		B.5.1.	Organización política en Grecia e Roma		
		B.5.2.	Clases sociais en Grecia e Roma		
		B.3. Mitoloxía			a, b, e, ñ
		B.3.2.	Os heroes		
		B. 7. Pervivenza			l, n, ñ
		B.7.2.	Mitoloxía nas manifestacións artísticas actuais		
		B.6. Lingua e literatura			f, h, ñ, o
		B.6.3	A familia lgtca. Indoeuropea		
		B.6.8.	Léxico grecolatino na linguaxe científica e técnica		
2	5	B.5. Sociedade e vida cotiá		Xaneiro Febreiro	c, m, ñ
		B.5.3.	A familia en Grecia e Roma		
		B.5.4.	A vida cotiá en Grecia e Roma		
		B.3. Mitoloxía			a, b, e, ñ
		B.3.2.	Os heroes		
		B. 7. Pervivenza			l, n, ñ
		B.7.2.	Mitoloxía nas manifestacións artísticas actuais		
		B.6. Lingua e literatura			f
		B.6.4.	As lgas. romances		
		B.6.8.	Léxico grecolatino na linguaxe científica e técnica		
	6	B.5. Sociedade e vida cotiá		Febreiro Marzo	d, ñ
		B.5.5.	Espectáculos en Grecia e Roma		
		B.3. Mitoloxía			l, ñ
		B.3.3	A relixión grega		
		B. 7. Pervivenza			l, n, ñ
		B.7.2.	Mitoloxía nas manifestacións artísticas actuais		
		B.6. Lingua e literatura			l
		B.6.5.	composición e derivación: prefixos		
		B.6.10.	Xéneros literarios grecolatinos: principais autores e obras.		
	7	B.4. Arte		Marzo Abril	l, b
		B.4.1.	Fundamentos da arte en Grecia e Roma		
		B.4.2.	Arquitectura en Grecia e Roma		
		B.3. Mitoloxía			b
		B.3.4.	A relixión romana		
		B.7. Pervivenza			l, n, ñ
		B.7.1.	Civilización grecolatina nas artes e organización política e social actual		
		B.6. Lingua e literatura			e, h, ñ, o
		B.6.5.	composición e derivación: sufixos		
		B.6.10.	Xéneros literarios grecolatinos: principais autores e obras.		
3	8	B.4. Arte		Abril Maio	l, ñ
		B.4.3.	Escultura en Grecia e Roma		
		B.4.4.	Enxeñería romana		
		B.7. Pervivenza			l, n, ñ
		B.7.1.	Civilización grecolatina nas artes e organización política e social actual		
		B.6. Lingua e literatura			e, h, l, ñ, o
		B.6.5.	composición e derivación: sufixos		
		B.6.10.	Xéneros literarios grecolatinos: principais autores e obras.		
	9	B.4. Arte		Maio Xuño	l
		B.4.3.	Cerámica en Grecia e Roma		
		B.7. Pervivenza			l, n, ñ
		B.7.1.	Civilización grecolatina nas artes e organización política e social actual		
		B.6. Lingua e literatura			e, h, l, ñ, o
		B.6.5.	composición e derivación: sufixos		
		B.6.8.	Léxico grecolatino na linguaxe científica e técnica		
		B.6.9.	Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas		
		B.6.10.	Xéneros literarios grecolatinos: principais autores e obras		

3.5 Criterios de cualificación, estándares de aprendizaxe e instrumentos de avaliación.

CULTURA CLÁSICA 3º ESO.						
Ident. contido	Criterio de avaliación Ident. estándares	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe avaliables	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación		
				Grao de consecución mínimo	Peso na cualificación	Instrumentos de avaliación
B.1. Xeografía						
B.1.1	B1.1. Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	CMCCT CD CAA	CCB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	40 %	10%	Proba escrita Traballo aula Traballo en grupo Libreta
B.2. Historia						
B.2.1 B.2.2	B2.1. Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	CAA CMCCT CD CSC	CCB2.1.1. Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, póndoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.	40 %	10%	Proba escrita Traballo aula Traballo en grupo Libreta
	B2.2. Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos	CSIEE CMCCT CD CSC	CCB2.2.1. Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas.			
		CMCCT CD CSC	CCB2.2.3. Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información.			
	B2.3. Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.	▪ CCEC ▪ CAA ▪ CSC CCL	CCB2.3.1. Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases.			
		▪ CSC ▪ CAA ▪ CCEC CCL	CCB2.3.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país.			
B.3. Mitoloxía						
B.3.1	B3.1. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.		CCB3.1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses.	40%	10%	Proba escrita Traballo aula Traballo en grupo Libreta
B.3.2	B3.2. Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e	CCEC CD CCL	CCB3.2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e			

	diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.		explica os principais aspectos que os diferencian.			
		CAA CSC CCEC CD	CCB3.2.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.			
		CCEC CD	CCB3.2.4. Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.			
	B3.3. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.	CSC CMCCT CCEC	CCB3.3.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, póndoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas			
	B3.4. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.		CCB3.4.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios.			
B.4 Arte						
B.4.1	B4.1. Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	▪ CD CCEC	CCB4.1.1. Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais.	40%	10%	Proba escrita Traballo aula Traballo en grupo Libreta
B.4.2	B4.2. Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares	CCEC CMCCT CD	CCB4.2.1. Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta.			
B.4.3	B4.3. Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática	CCEC CMCCT CD	CCB4.3.1. Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.			
B.4.4	B4.4. Coñecer as creacións urbanísticas romanas, así como a súa rede viaria.	CSC CMCCT CD CCEC	CCB4.4.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.			
B.5. Sociedade e vida cotiá						
B.5.1	B5.1. Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas.	CSC CCL	CCB5.1.1. Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política.	40%	10%	Proba escrita Traballo aula Traballo en grupo Libreta
B.5.2	B5.2. Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.	CSIEE CSC CCL	CCB5.2.1. Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados			

			a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais.			
B.5.3	B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros	▪ CSC CCL	CCB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais.			
B.5.4	B5.4. Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	CD CAA CSC CMCCT CCL	CCB5.4.1. Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma.			
		CAA CMCCT CSC CCL	CCB5.4.2. Identifica e describe formas de traballo e relaciónaas cos coñecementos científicos e técnicos da época, e explica a súa influencia no progreso da cultura occidental.			
B.5.5	B5.5. Identificar as principais formas de lecer da antigüidade.	CSIEE CAA CSC CCL	CCB5.5.1. Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.			
	B5.6. Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia Clásica e as actuais.	CD CAA CSC CCL	CCB5.6.1. Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos e destacando a súa importancia con respecto a outras festividades deste tipo existentes na época, e comenta o seu mantemento no mundo moderno, establecendo semellanzas e diferenzas entre os valores culturais aos que se asocian en cada caso.			
B.6. Lingua e literatura						
B.6.1	B6.1. Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distinguilos e comprender as súas funcións.	CD CCEC CCL	CCB6.1.1. Recoñece tipos de escritura, clasifícaos consonte súa natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen.	40%	10%	Proba escrita Traballo aula Traballo en grupo Libreta
B.6.2	B6.2. Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir os tipos de alfabetos usados na actualidade.	CAA CCEC CCL	CCB6.2.1. Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoos doutros tipos de escrituras, e explica a súa orixe.			
B.6.3	B6.4. Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas.	CMCCT CD CSC	CCB6.4.1. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco.			
B.6.4	B6.5. Identificar as linguas europeas romances e non romances, e localizalas nun mapa.	CSC CD CCL CCA	CCB6.5.1. Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.			
B.6.5	B6.6. Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas	CCL CCA	CCB6.6.1. Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no		10%	

	modernas.		léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.			
B.6.6	B6.7. Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais	CCA CCL	CCB6.7.1. Identifica e diferencia con seguridade cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe sen, necesidade de consultar dicionarios nin outras fontes de información.			
		CD CCL	CCB6.7.2. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual.			
B.6.8	B6.9. Coñecer e utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina	CCL CCA	CCB6.9.1. Explica a partir da súa etimoloxía termos de orixe grecolatina propios da linguaxe científico-técnica e sabe usalos con propiedade.			
B.6.9	B6.10. Constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	CCL CCA	CCB6.10.1. Demostra o influxo do latín e o grego sobre as linguas modernas servíndose de exemplos para ilustrar o mantemento nestas de elementos léxicos morfolóxicos e sintácticos herdados das primeiras.			
B.6. 10	B6.11. Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior.	CCEC CCL CCA	CCB6.11.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos e recoñece a súa influencia na literatura posterior.		10%	
B.7. Pervivencia na actualidade						
	B7.1. Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	CCL CAA	CCB7.1.1. Sinala e describe algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que perviviron ata a actualidade, demostrando a súa vixencia nunha e noutra época mediante exemplos.	40%	10%	Proba escrita Traballo aula Traballo en grupo Libreta
	B7.2. Coñecer a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais.	CAA CCEC	CCB7.2.1. Demostra a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos.			

3.6 Contidos mínimos esixibles.

1. Localizar no tempo e no espazo as etapas básicas das culturas grega e romana e os seus feitos mais relevantes, os elementos de cambio e continuidade e as relacións con outras culturas coetáneas. Búscase comprobar se o alumnado pode identificar en textos e situar no espazo e no tempo feitos relevantes da historia das culturas clásicas.
2. Localizar no espazo geográfico as civilizacións grega e romana, así como recoñecer os elementos relevantes do patrimonio arqueolóxico e artístico na Península Ibérica, sobre todo Galicia. Preténdese comprobar a capacidade para localizar en mapas o espazo das civilizacións antigas, así como recoñecer e situar os restos mais relevantes na Península Ibérica.
3. Identificar as formas básicas de organización social e política de Grecia e de Roma e a súa continuidade no mundo de hoxe. Preténdese comprobar se o alumnado é quen de comprender a organización sociopolítica de Grecia e Roma, así como establecer comparacións coa existente na actualidade.

4. Distinguir nas diversas manifestacións literarias, artísticas e, incluso, científicas de todos os tempos, a mitoloxía clásica como fonte de inspiración.
5. Recoñecer os trazos esenciais de cada xénero literario. Preténdese comprobar se o alumnado coñece os elementos básicos dos xéneros literarios clásicos, acudindo ás aprendizaxes xa adquiridas nas outras linguas.
6. identificar elementos do legado lingüístico común das linguas románicas actuais. Recoñecer o vocabulario grecolatino nas linguas modernas. Búscase comprobar se o alumnado, acudindo ás aprendizaxes xa adquiridas nas outras linguas, é quen de recoñecer elementos comúns a todas elas no vocabulario.
7. Identificar aspectos significativos da achega da cultura clásica á civilización occidental no campo do pensamento, da ciencia e da técnica. Preténdese comprobar se o alumnado é capaz de relacionar as achegas do mundo clásico nos eidos do pensamento, ciencia e técnica, ao mundo actuais.
8. Valorar críticamente a herdanza dos clásicos e as posibilidades de influencia no mundo actual, establecendo relacións entre algúns dos valores, diposicións e costumes. Con este criterio preténdese comprobar se o alumnado, coa axuda do profesorado, é quen de analizar a permanencia do legado clásico na actualidade, así como a evolución co paso do tempo.
9. Manexar recursos que permitan elaborar, coa axuda do profesorado, un traballo temático sinxelo sobre calquera aspecto da produción artística e técnica, a historia, as institucións, ou a vida cotiá en Roma. Preténdese comprobar a capacidade do alumnado para elaborar un pequeno traballo temático sinxelo sobre algún dos aspectos do legado do mundo clásico e a capacidade de exposición posterior na aula. Valorase o grao de planificación e a selección da información, que se debe facer acudindo a fontes variadas, así como a presentación clara e ordenada e a utilización dos medios informáticos.

3.7 Metodoloxía.

Procurará rexerse polos criterios de flexibilidade e adaptación á diversidade do alumnado, e tratará de afastar da aula a ansiedade que con frecuencia xera no segundo curso de bacharelato a proba de Selectividade. Evitarase o apuro inxustificado por parte do/a profesor/a e a anguria no alumnado, actitudes ambas as dúas que dificultan moito a aprendizaxe.

O proceso educativo entenderase como acto de comunicación polo que a claridade na mensaxe será primordial. Non se esquecerá que o alumno ha de ser o protagonista da súa propia aprendizaxe e o docente o seu facilitador, por iso esta programación considerará complemento indispensable o traballo fóra da aula: do alumno coas actividades chamadas de desenvolvemento, reforzo / ampliación, e do/a profesor/a coa súa corrección.

O enfoque metodolóxico deberá favorecer a capacidade de autoaprendizaxe, de traballar en equipo e de aplicar os métodos apropiados de investigación para seguir aprendendo ao longo da vida.

Proporase unha secuencia de traballo axeitada e graduada por medio dunha metodoloxía activa, preferentemente de tipo inductivo-contextual, na que as normas se convirtan en posesión permanente e en automatismo lingüístico. Esta é a metodoloxía que rixe o ensino e aprendizaxe das linguas modernas e este departamento considera que é tamén a liña a seguir para o latín e o grego.

A metodoloxía desta programación terá en conta o seguinte:

- **Carácter integral da materia que imparte**: lingua e cultura están absolutamente imbricadas.
- **Gradación na selección dos contidos**: do máis sinxelo ao máis complexo, do concreto ao abstracto.
- **Motivación**: tratar en todo momento de provocar a motivación intrínseca. Isto contribuirá a aproveitar a bagaxe coa que os alumnos/as cheguen aos distintos cursos (se cursaron Cultura Clásica, as súas lecturas, as súas afeccións, etc).

- **Avaliación formativa**: aprender dos erros, a perfección non existe por iso os erros serán indicativos e formativos.
- **Transversalidade**: a través da cal se manifestarán no estudio do latín os valores fundamentais que a educación intenta inculcar no alumnado.
- **Interdisciplinariedade**: aproveitar en todo momento o estudio paralelo de Grego e Latín, e doutras materias como as linguas, a filosofía e as ciencias sociais, para facer comparación lingüística e cultural.
- **Utilización das T.I.C.**: nesta altura parece xa fóra de lugar manifestar que esta programación declárase aberta ó seu uso tanto para apoio das explicacións (ordenador con canón de video, pizarra electrónica, etc.) como para realizar actividades co alumnado na rede (procura de información, exercicios de reforzo, ampliación ou autoavaliación, etc.). En definitiva para informarse, aprender, comunicarse e para utilizar con sentido crítico, como recurso formativo, materiais de procedencia diversa.

3.8 Docencia non presencial.

No caso de interrupción da presencialidade, a comunicación cos alumnos e a impartición de docencia realizarase a través da aula virtual. Para facilitar a comprensión dos contidos, ademais das explicacións efectuadas a partir do material elaborado polo propio Departamento, proporanse exercicios e tarefas para fixar coñecementos.

As actividades propostas comunicaranse a través da aula virtual no curso correspondente á materia. Para os alumnos que sufran problemas de conectividade que dificulten ou imposibiliten o seu acceso normal á aula virtual habilitaranse outras formas de comunicación como o correo-e, ou outros métodos alternativos que se poidan establecer polo centro (comunicación telefónica, etc.).

Así, o alumnado continuará funcionando da forma máis semellante posible ao período presencial, descargando os materiais propostos na aula virtual, atendendo ás indicacións da profesora e entregando as tarefas correspondentes en tempo e forma tamén telemáticamente.

3.9 Avaliación.

Avaliación inicial

Nos primeiros 15 días de curso farase unha avaliación inicial a través de recollida de información (cuestionarios, preguntas orais/ escritas, composición de textos, etc) para saber o grao de coñecemento que ten a clase sobre a materia a tratar neste curso. Dita avaliación non terá vinculación coa nota final da avaliación, se non que será un punto de partida para o profesor, determinando o grao de coñecemento do grupo para adecuar as futuras explicacións e traballo.

Avaliación continua

Cada avaliación realizarse como mínimo unha proba escrita e unha exposición oral (se as condicións o permiten). Valorarase ademais o traballo na aula, tendo en conta o caderno de clase, a observación polo profesor de dito traballo, a realización das tarefas e dos traballos, tanto individuais coma colectivos.

Dentro da observación do traballo na aula valoraranse os seguintes aspectos:

- participación activa durante as clases (atención, preguntas en caso de dúbida...)
- interese demostrado polo alumno/a
- realización das tarefas e corrección das mesmas
- compañeirismo á hora do traballo
- respecto aos compañeiros e ao profesor

A recollida de dita información farase por observación directa do profesor e comprobacións periódicas do caderno de clase.

O cálculo para a cualificación de cada una das avaliacións será o seguinte:
- 40% : constituído polo traballo na aula (valorado polos instrumentos anteriormente citados)
- 60% : constituído por unha proba escrita (como mínimo) e un traballo con exposición oral (se as condicións o permiten).

- Proba escrita: valorará os coñecementos teóricos, procedementais e competencias do alumnado na materia. Cómpre evitar as faltas de ortografía. Un exceso delas sería "penalizado": cada dúas faltas suporían unha décima de desconto.
- Traballo con exposición oral no que se valorará:

- a estrutura (portada, índice, distintos apartados ben sinalizados, bibliografía e webgrafía, conclusión)
- o contido (constituirá o elemento máis valorado da nota final do traballo)
- a calidade da presentación dixital (ben estruturada, con imaxes, transicións, contido esquemático e ben elaborado...)
- a calidade da exposición oral (linguaxe apropiada, boa dicción, claridade de ideas, contacto visual co auditorio...)

No caso de que un alumno/a non superase unha proba, esta pode compensarse con outras sempre que a nota mínima en dita proba chegue ao 3. En caso contrario, terá que recuperar a proba na seguinte avaliación.

No caso de que un alumno/a non supere unha avaliación, está estipulada unha proba de recuperación que será realizada nos primeiros 15 días da seguinte avaliación (exceptuando a 3ª avaliación, na que se realizará a finais da mesma).

Durante o curso se poderán realizar traballos e tarefas optativas dirixidas polo profesor (pequenas investigacións, comentarios...) que serán avaliadas positivamente sobre a nota da avaliación. Tamén serán tidos en conta positivamente os traballos, comentarios, etc. (referidos a aspectos dos contidos e elaborados cun mínimo de corrección) entregados voluntariamente.

Avaliación extraordinaria

No caso de que un alumno/a, non consiga superar a materia na convocatoria ordinaria, disporá dunha nova oportunidade na convocatoria extraordinaria, que consistirá nunha proba escrita na que se incluirán preguntas semellantes ás realizadas durante o curso (definicións, eixos cronolóxicos, imaxes, textos...).

Nesta convocatoria, a cualificación final corresponderá nun 100% á nota conseguida polo alumno/a na proba escrita.

Avaliación e cualificación non presencial

Durante o(s) periodo(s) nos que se suspendesen as aulas, os procedementos de avaliación adaptaranse á nova situación e as probas poderán consistir en comentario de texto ou imaxe/ilustración, desenvolvemento de temas e/ou cuestionarios, algunha sinxela tradución... A comunicación das probas e entrega por parte do alumnado realizarase a través da aula virtual, no tempo e forma que se estableza. Para o alumnado que sufra problemas de conectividade que dificulten ou imposibiliten o seu acceso normal á aula virtual habilitaranse outras formas de comunicación como o correo-e, ou outros métodos alternativos que se poidan establecer polo centro ou a administración educativa (comunicación telefónica, etc.). O cálculo das notas e criterios de superación e recuperación da materia mantéñense respecto do establecido para as clases presenciais, e polo tanto as probas realizadas en períodos online contribuirán á media do mesmo xeito que se fosen presenciais.

3.10 Materiais e recursos didácticos.

Este curso introdúcese Edixgal. Non se establece libro de texto ao alumnado. O material será elaborado e/ou decidido polo profesor. Acudirase tamén ao material bibliográfico e dvd's dispoñibles na biblioteca do centro e/ou proporcionados polo profesor.

Aínda así, pódese recomendar e ter en conta o emprego, entre outras fontes, da seguinte dictiografía:

- **Proyecto Palladium**. http://recursos.cnice.mec.es/latingriego. Proxecto elaborado baixo a dirección do Ministerio de Educación. Inclúe materiais para todo o currículo de latín, grego e Cultura Clásica. Moi completo en actividades e exercicios. Aínda que deben depurarse algunhas deficiencias de funcionamento resulta de gran utilidade.
- **Scripta. Conocer la literatura latina.** http://www.cnice.mec.es/pamc/pamc_2001/2001_scripta_conocer_literatura/ Esta aplicación, concebida como un libro electrónico, é un instrumento didáctico que pretende dinamizar o traballo convencional na aula de Latín, aproveitando as posibilidades que brindan os medios electrónicos para potenciar o protagonismo do alumno. Autor: Francisco Manzanero Can.
- **Kairos.** http://recursostic.educacion.es/kairos/web/metodologia/metodologia.html Tratase dun programa de apoio ao profesorado de Historia de Secundaria e Bacharelato. ***Kairos*** conten interesantísimas propostas metodolóxicas para a didáctica da historia, que utilizan dende a mitoloxía ata o cine e a fotografía. Ademais ofrece un espazo de comunicación:para achegamento de documentos, presentación de libros e publicacións electrónicas e permanente actualización de documentos.
- **Historia del Teatro**. http://www.cnice.mec.es/pamc/pamc_2000/2000_historia_teatro/ Esta aplicación, creada por Miguel Ángel Gómez Ferro y César Vallejo de Castro, ofrece unha visión do teatro a traverso de distintas épocas, dende Grecia ata o s. XVIII.
- **Biblioteca Augustana**. http://www.fh-augsburg.de/~harsch/saeca01.html Ampla biblioteca de textos latinos desmenuzados e analizados de moi doada utilización.
- **Cultura Clásica.** http://www.culturaclasica.com/enlaces/latin.htm Páxina da Asociación Cultural **Culturaclasica.com** que ten coma principal misión informar e manter de xeito virtual ao día a todos aqueles interesados no mundo grecorromano. Nestas páxinas pódese atopar todo tipo de información actualizada cada día sobre todo o que atinxe á cultura, literatura, historia, arqueoloxía, cine, mitoloxía, educación, sociedade, noticias, etc., relacionadas coa civilizacións grega e romana.
- **Aula de Latín** http://antalya.uab.es/pcano/aulatin/ Portal da área de Filoloxía Latina da **Universidad Autónoma de Barcelona** dedicado á didáctica do **latín** desde diferentes puntos de vista: gramática, sintaxe, xogos ou cine. Moi boa selección de enlaces comentados.
- **Proyecto Grammaticvs** http://www.santiagoapostol.net/grammaticus/ É un sitio dedicado ao latín e á cultura clásica no Ensino Secundario, onde se poden encontrar materiais sobre lingua e cultura latinas, nomeadamente o seu programa de inicio á tradución.
- **Departamento de clásicas del IES Universidad Laboral de Cáceres.** http://www.unilaboralcaceres.net/departamentos/latinygriego/recursos.html#LENGUA Páxina interesante polo que aporta de recursos de latín e cultura clásica en forma de resumes, esquemas, etc. para ser utilizados polos estudantes.

-SEECGalicia.org.

Informa de distintos eventos, actos, cursiños, publicacións, novas, etc. realizados en Galicia, en relación coa cultura clásica.

3.11 Atención á diversidade.

Coma profesor, e en colaboración co Departamento de Orientación, atenderase á diversidade:

- Establecendo secuencias de contidos que aseguren as aprendizaxes básicas para todos/as os alumnos/as e coñecementos de maior complexidade para algúns/as
- Propoñendo actividades de ensino-aprendizaxe diversificadas e con diferentes niveis de dificultade.
- Establecendo agrupamentos que posibiliten aprendizaxes cooperativas e facilitando traballos en parellas.
- Ofertando diferentes tempos na realización das actividades e tarefas en función dos ritmos de aprendizaxe dos distintos alumnos/as cando sexan actividades individuais.
- Propoñendo actividades abertas onde todos os alumnos/as poidan acadar algunha meta máis ou menos complexa dependendo da súa capacidade.
- Incluíndo actividades de reforzo para aqueles alumnos/as que non seguen o ritmo dos compañeiros.
- Preparando actividades de recuperación para aqueles alumnos/as que non teñan acadado os obxectivos ao finalizar a secuencia (vid. Actividades de recuperación).
- Propoñendo actividades de ampliación e/ou profundización para aqueles alumnos/as cun ritmo de aprendizaxe maior ou con maior capacidade de aprendizaxe.
- Aplicando os criterios de avaliación con diferentes esixencias de logro.
- O reforzo educativo ou adaptación do currículo prescrito, que non afecte a aspectos substantivos do mesmo, senón a aspectos que son competencia do profesorado tales como a organización de contidos, a secuencia dos mesmos, a diversidade metodolóxica en canto a tipos e organización, as formas de agrupamento na aula e as relacións de interacción entre uns alumnos/as e outros/as, a diversificación de recursos didácticos, as formas concretas de avaliación, así coma os instrumentos ou técnicas desa mesma avaliación.

3.12 Actividades complementarias e extraescolares.

Tendo en conta a situación de pandemia e as recomendacións establecidas para o ámbito docente, de ser posible, so se realizarán seguindo os protocolos ao respecto, entre outras actividades puntuais en función de eventos dos que a día de hoxe descoñecemos a súa celebración, a visita a cidades ou vilas próximas –duración máxima dun día-que teñan interese no relativo ao mundo clásico, asistencia a exposicións, museos, ou obras de teatro, conferencias, etc...

Tamén poderanse facer, en colaboración coa Biblioteca ou en colaboración con outros departamentos, exposición referidas ao Mundo Clásico en todos os apartados/contidos contemplados aquí ou outras que se acorden (charlas, elaboración de material didáctico ou creativo –posters, un “xornal” clásico, etc). Igualmente, segundo a evolución do curso, poderase realizar cara ao final do mesmo unhas Xornadas de Cine Clásico para o alumnado. Polo demais, non se contemplan outras habituais actividades complementarias e extraescolares que requiran máis dun día.

4. LATÍN 4º E.S.O.

4. 1. INTRODUCIÓN

Recollendo as ideas fundamentais do sinalado nas correspondentes disposicións normativas, como materia do currículo de 4º curso da ESO, o latín supón un achegamento específico e asemade directo á lingua e á cultura de Roma e, consecuentemente, ao mundo antigo. O seu estudo ofrécese a partir de contidos lingüísticos e culturais, complementarios entre si e unidos polo seu carácter de incorporacións substanciais do que se coñece como herdanza clásica.

A práctica totalidade das linguas de Europa occidental incrementou os seus recursos expresivos, en todas as épocas, mesmo na actualidade, coa adopción de palabras de orixe latina. Esa calidade de achega e continuidade na sociedade actual debe guiar a súa presentación e dar sentido ao seu estudo.

A adquisición de capacidades básicas e o logro dos obxectivos da etapa deberán estar no horizonte dos dous obxectivos primordiais que persegue esta materia: iniciar un estudo básico da lingua que é nexo e está na orixe do amplo grupo de linguas romances e coñecer os aspectos máis relevantes da sociedade e da cultura romanas para poder relacionalos cos do mundo actual. O primeiro obxectivo axuda a mellorar o coñecemento e uso das propias linguas como instrumento primordial de aprendizaxe e comunicación; o segundo achega unha interpretación máis ponderada da sociedade actual.

Resulta evidente que a lingua latina é unha das máis importantes achegas do mundo clásico á civilización occidental, polo que é razoable que os contidos propiamente lingüísticos ocupen un espazo moi considerable e substancial da materia. Por evolución ou por influencia léxica o latín está presente nas linguas que utilizamos o unas que son obxecto de aprendizaxe para o alumnado.

O estudo do sistema da lingua latina como modelo de lingua flexiva permite, a través da comparación, unha reflexión profunda sobre os elementos formais e os mecanismos sintácticos das linguas de uso do alumnado. O coñecemento, sequera básico, do latín fai posible entender as linguas de orixe romance como o resultado concreto dunha evolución, e apreciar en que medida a súa estrutura e o seu léxico están en débeda coa lingua da que proceden. Pola súa banda, a práctica da tradución constitúe unha experiencia de investigación que utiliza a lóxica do pensamento, favorece a memoria e potencia os hábitos de disciplina no estudo, co cal se razoa mellor e se aprende a aprender. Neste sentido, parece recomendable seguir un método natural en que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución e no cal a súa aprendizaxe sistemática constitúa unha segunda fase.

Así que o estudo da historia e evolución da lingua latina e da formación das palabras dota o alumnado de coñecementos necesarios para entender a evolución lingüística, determinar os procesos de cambio fonético e

semántico e ilustrar os procedementos que actúan na formación do léxico, ao mesmo tempo que enriquece o seu vocabulario. O alumnado, ao falar calquera lingua románica, debe ter conciencia de estar mantendo vivos moitos séculos de civilización mediterránea co latín como nexo unificador.

Ademais a materia aborda o coñecemento do marco xeográfico e histórico e dos aspectos máis relevantes da sociedade romana e clásica en xeral, desde a que se transmitiron modos de vida, institucións e creación literarias, técnicas e artísticas que están na base da configuración e evolución da Europa actual. Este coñecemento supón un referente necesario no que rastrexar os antecedentes históricos da organización social ou a delimitación dos dereitos das persoas. A cultura que modelou o noso presente e impregna boa parte dos nosos canons estéticos é tamén transmisora de valores universais, que entroncan a nosa herdanza cultural coas raíces do mundo clásico. Neste sentido, a lectura de textos literarios axuda a observar como temas e tópicos da cultura grecolatina se transmitiron ata hoxe e seguen presentes nos nosos escritos.

De acordo con estes principios, os contidos da materia distribúense en catro bloques: os tres primeiros, o sistema da lingua latina, a historia e evolución da lingua latina e a formación de palabras, poñen o acento en contidos propiamente lingüísticos e gardan unha relación coherente entre eles, contribuíndo non só a un coñecemento do latín, senón a un uso máis preciso da lingua propia e ao adecuado entendemento da terminoloxía culta, científica e técnica. O bloque catro, vías non lingüísticas de transmisión do mundo clásico, trata os aspectos máis relevantes da sociedade romana e pon o acento na continuidade do mundo clásico que ofrece o mundo contemporáneo, na análise comparativa dos seus correspondentes antecedentes clásicos e na valoración crítica dos aspectos de continuidade, evolución e cambio. A distribución destes contidos a través das unidades permitirá ofrecer un tratamento específico, equilibrado e interrelacionado dos aspectos da materia. A funcionalidade e a utilidade dos coñecementos básicos sobre a lingua latina e a súa cultura en diversos contextos de aprendizaxe guiará o tratamento dos contidos e a selección de obxectivos, así como a adecuación das competencias básicas pertinentes. Por esa razón, tentarase que o latín, na medida en que sirva para a consecución dos obxectivos e desenvolvemento das capacidades e competencias propostos para esta etapa, asente os fundamentos para o estudo, se é o caso, das humanidades ou as ciencias sociais.

Este curso académico guiarémonos pola lei LOMCE (Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa) en todos os niveis da ESO e de Bacharelato e polo Decreto 86/2015 que fixa as ensinanzas mínimas recollidas para cada unha das materias que constitúen o currículo co obxectivo de contribuír ao logro duns principios básicos que se resumen en lograr calidade de educación para todo o alumnado, equidade que garanta a igualdade de oportunidades e esforzo compartido por toda a comunidade educativa.

Na elaboración desta programación guiámonos polo que sinala o Artigo 13 da Resolución de 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, nos cales se fixan os aspectos que deben ser tratados nunha programación didáctica.

4.2. OBXECTIVOS XERAIS

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4.3. CONTIDOS SECUENCIADOS E TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓN

Referencia: Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se estabelece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, no Anexo I apartado 23 correspondente a Latin; Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

1º TRIMESTRE		**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances	• A situación xeográfica. A península itálica: mares, orografía, división rexional, hidrografía. O pobo romano.	1.1.1., 1.2.1., 1.3.1., 1.4.1, 6.2.1.
Bloque 2. Gramática	• Lectura e interpretación de textos sinxelos en dificultade progresiva creados nunha variedade de contextos e situacións nos que as palabras e as estruturas teñan sentido, de tal xeito que todo se deduza, sen ambigüidade, do contexto no que aparezan. • O latín como lingua flexiva. Os casos e os seus principais valores sintácticos. • Recoñecemento das diferenzas e similitudes básicas entre a estrutura da lingua latina e a das linguas romances utilizadas polo alumnado. • Clases de palabras. A 1ª e 2ª declinación. • verbo. A flexión verbal. • verbo SUM	1.1, 2.1.1., 2.2.1., 2.3.1., 2.4.1. 3.1, 3.2. ,3.3.1.3.4.1, 3.5.1. ,3.5.2. ,3.5.3. 3.6.1.3.7.1., 3.8.1. . 4.1.1, 4.2.1, 4.3.1., 4.4.1., 4.5.1. 4.7.1, 6.3.1.
Bloque 3. Roma: historia, cultura, arte e civilización.	• O marco xeográfico e histórico da sociedade romana. Gallaecia e o resto da Hispania. As vías romanas de Hispania e as grandes vías modernas: medio de difusión dunha civilización uniforme, de unidade política e económica e de	1.2.1. ,1.3.1., 5.1.3., 5.1.4., 5.1.5, 5.2.1. ,5.2.2. ,5.3.1. ,5.4.1. 5.4.2 5.5.1., 5.6.1.

	relación humana. Uso de fontes primarias e secundarias para coñecer o pasado. • As institucións e a vida cotiá. Ocio e negocio.	5.6.2. ,5.7.1. 5.9.2., 5.10.1.

	• Relación entre o relixioso e o festivo. Interpretación dos seus referentes desde a nosa perspectiva sociocultural. • Comparación e análise crítica das estruturas sociais e familiares.	
Bloque 4. Léxico e toponimia.	• A evolución fonética. Termos patrimoniais, semicultismos e cultismos. • Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes. Relación semántica entre palabras dunha mesma raíz latina e evolución fonética diferente. • A achega léxica do latín ás linguas modernas non derivadas del. • A formación das palabras.	1.5.1, 1.6.1.3.1.1., 3.2.1., 7.1.1.,7.1.2.,7.3.1.7.4.1.,7.5.1
Bloque 5. Textos	• Valoración da importancia da lectura de textos da literatura latina de diversidade temática.	4.6.1., 6.2.1., 6.4.1., 6.4.2.

2º TRIMESTRE		**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**
Bloque 1 Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances	• A historia e evolución da lingua latina. • A orixe e a evolución do latín. • Clasificación das linguas indoeuropeas.	1.1.1., 1.2.1., 1.3.1., 1.4.1, 6.2.1
Bloque 2. Gramática	• 3ª declinación. O adxectivo e as súas clases. Os graos do adxectivo. • A flexión verbal. .	1.1, 2.1.1., 2.2.1., 2.3.1., 2.4.1. 3.1, 3.2., 3.3.1 .3.4.1, 3.5.1. ,3.5.2. ,3.5.3., 3.6.1.3.7.1., 3.8.1. 4.1.1, 4.2.1, .4.3.1., 4.4.1., 4.5.1. 4.7.1., 6.3.1. 1.1., 2.1,4. 1.,5.1, 5.2, 5.3 , 7.1.

Bloque 3. Roma: historia, cultura, arte y civilización.	• As pegadas materiais da romanización: o foro e a arquitectura do ocio en relación • coa concepción do urbanismo posterior, a importancia do arco e a bóveda na arquitectura posterior. Valoración da conxunción da magnificencia e o xenio práctico. Emprego dos medios audiovisuais e das TIC para coñecer o patrimonio artístico e arqueolóxico. Observación directa.	1.1, 1.2, 1.4 2.1.2.1.,1 1., 5.1.3., 5.1.4., 5.1.5,5.2.1.,5.2.2.,5.3.1.,5. 1..5.4.2.,.5.5.1., ,5.6.1.5.6.2 .,5.7.1.5.9.2., 5.10.1.
Bloque 4. Léxico e toponimia.	• Compoñentes grecolatinos nas linguas romances. Identificación de lexemas, sufixos e prefixos grecolatinos usados na propia lingua: préstamos, derivación, composición e analoxía como mecanismos de enriquecemento do vocabulario. • Definición de palabras a partir dos seus étimos.	1.5.1, 1.6.1.3.1.1., 3.2.1., 7.1.1.,7.1.2.,7.3.1.7.4.1.,7.5.1
Bloque 5. Textos	• Valoración da importancia da lectura de textos da literatura latina de diversidade temática.	4.6.1., 6.2.1., 6.4.1., 6.4.2.

3º TRIMESTRE		**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances	• Latín culto e latín vulgar: lingua de cultura e lingua de comunicación. O proceso de redución morfolóxica e sintáctica no latín vulgar. A formación das linguas romances. Análise dos procesos de evolución das linguas romances.	1.1.1., 1.2.1., 1.3.1., 1.4.1, 6.2.1
Bloque 2. Gramática	• 4ª e 5ª declinación • Os pronomes: as súas clases e a súa flexión. Pronomes persoais, demostrativos, anafóricos e numerais. • O verbo. Modos imperativo e subxuntivo • A voz pasiva • O participio	1.1, 2.1.1., 2.2.1., 2.3.1., 2.4.1. 3.1, 3.2.,3.3.1.3.4.1, 3.5.1.,3.5.2., 3.5.3., 3.6.1.3.7.1.,3.8.1. . 4.1.1, 4.2.1, .4.3.1.,4.4.1., 4.5.1. 4.7.1.,., 6.3.1. 1.1.,2.1,4.1.,5.1, 5.2, 5.3 , 7.1.
Bloque 3. Roma:	• Os temas e argumentos mitolóxicos na literatura e nas	3.12.1. 1.2.1.,1.3.1.,

historia, cultura, arte y civilización.	artes plásticas e visuais. • Recoñecemento de elementos da mitoloxía clásica en manifestacións culturais de todo tipo e interpretación do seu significado. • O papel de Roma na historia de Occidente, o patrimonio arqueolóxico, artístico e literario. Coñecemento especial do herdado en Galicia.	5.1.3.,5.1.4., 5.1.5,5.2.1.,5.2.2.,5.3.1.,5.4. 1..5.4.2.,.5.5.1., ,5.6.1.5.6.2., 5.7.1.5.9.2., 5.10.1.
Bloque 4. Léxico y toponimia.	• O vocabulario da ciencia e da técnica. Os étimos gregos e latinos nas terrminoloxías específicas. • Latinismos e locucións latinas. Recoñecemento das expresións Latinas incorporadas á lingua falada e escrita. • O significado etimolóxico das palabras como guía para a adecuada utilización do vocabulario.	1.5.1, 1.6.1.3.1.1., 3.2.1., 7.1.1., ,7.1.2., 7.3.1., 7.4.1. ,7.5.1.
Bloque 5. Textos	• Valoración da importancia da lectura de textos da literatura latina de diversidade temática.	4.6.1.,6.2.1., 6.4.1, ,6.4.2.

4.4. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía didáctica de secundaria debe presentar as seguintes características:

- Favorecerá a capacidade do alumno para aprender por si, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación.
- Subliñará a relación dos aspectos teóricos da materia coas súas aplicacións prácticas na sociedade.

Consideramos que, de forma xeral, o proceso de ensino/aprendizaxe ha de realizarse mediante as seguintes actividades, que aplicaremos en cada tema:

METODOLOXÍA. ACTIVIDADES DIDÁCTICAS	
Actividades de introdución e coñecementos previos	Han de introducir o interese do alumno polo que respecta á realidade que han de aprender. Son as que se realizan para coñecer as ideas, opinións, acertos ou erros dos alumnos sobre os contidos que se van a desenvolver.
Actividades de desenvolvemento	Son as que permiten coñecer os conceptos, os procedementos ou as novas actitudes.
Actividades de sínteses- resumen	Son aquelas que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos e favorecen o enfoque globalizador.
Actividades de consolidación, recuperación e ampliación	Permiten contrastar as ideas novas coas previas dos alumnos, así como aplicar as aprendizaxes. Son as que se programan para os alumnos que non alcanzaron os coñecementos traballados. Son as que permiten profundar nos contidos a aqueles alumnos que realizaron correctamente as actividades de desenvolvemento.
Actividades de avaliación	Inclúen as actividades dirixidas á avaliación inicial, formativa e sumativa.

A aplicación destas actividades aterase aos seguintes principios básicos que han de estar presentes continuamente no proceso de ensino/aprendizaxe de cada unidade didáctica:

- Selección de textos accesibles ao nivel dos alumnos. A práctica da tradución será, pois, graduada (é dicir, acorde aos coñecementos do alumno), suxestiva (polo seu contido e relación co tema tratado na unidade), continuada (para que resulte eficaz) e controlada (baixo a dirección e orientación do profesor).
- A correcta interpretación dun fragmento implicará o seu contextualización, a análise dos aspectos gramaticales, e a captación e comentario da mensaxe que nel aparece.
- Dada a dificultade de presentar textos orixinais para a transmisión de todos os conceptos culturais da unidade, recorrerase tamén á lectura de fragmentos traducidos ou bilingües de autores latinos sempre que o profesor o xulgue pertinente.
- O comentario de texto irá, sempre que iso se considere adecuado, acompañado de material audiovisual: mapas, gráficos, diapositivas, vídeos, etc.
- Estudo dos aspectos lingüísticos e culturais debe ser coherente.
- A asimilación dos contidos lingüísticos e culturais terá o dobre obxectivo de comprender a sociedade e a cultura romana e coñecer a súa pervivencia no mundo occidental.

A aplicación metodolóxica práctica a cada unidade contará basicamente cos seguintes pasos:

1. Como **actividades de introdución, motivación e coñecementos previos** propoñemos:

- O coñecemento por parte do alumno dos obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, etc. da unidade didáctica, co fin de que saiba por onde se move e que sentido teñen as actividades que se realizan.
- Introdución motivadora por parte do profesor, onde se sinalen os elementos máis atractivos por actuais e interdisciplinares do tema que se vai a tratar.
- Debate e actividade pregunta-resposta sobre o tema introducido polo profesor, co fin de facilitar unha idea precisa de onde se parte. Para iso pódese tomar como punto de partida o texto traducido inicial de cada tema, ou algún outro que o profesor considere máis adecuado.
- Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas ou dificultades detectadas.
- Introdución de cada aspecto lingüístico, sempre que iso sexa posible, mediante as semellanzas ou pervivencia dos mesmos na lingua propia do alumno.

2. Como **actividades de desenvolvemento** inclúense:

- Lectura e comentario de textos traducidos.
- Lectura comprensiva do tema de cultura.
- Resolución de actividades do apartado de cultura.
- Elaboración de esquemas do tema de cultura.
- Resolución de exercicios de léxico.
- Resolución de exercicios sobre aspectos morfosintácticos e tradución de oracións con aplicación dos mesmos.
- Tradución dun texto orixinal proposto, realizando os seguintes pasos:

a.- Lectura previa en voz alta corrixida polo profesor.

b.- Análise do vocabulario.

c.- Relacións gramaticales:

- Illar as oracións
- Recoñecer as formas gramaticales
- Establecer as relacións sintácticas

d.- Tradución.

- Descubrimento nos textos traducidos da parte lingüística, cultural e de léxico de interese para a unidade que se está traballando. Este descubrimento estará acompañado das explicacións sistematizadas do profesor cando sexa preciso. Convén que a parte propiamente informativa que se debe memorizar, reducida a contidos mínimos, quede explicitamente apuntada e encadrada no caderno de clase do alumno.
- Selección, comentario e aprendizaxe do vocabulario, que se repasará e aplicará aos textos durante todos os temas.

Este é o conxunto total de actividades de desenvolvemento que cada unidade ofrece. É o profesor, á vista do ritmo de aprendizaxe do grupo e da diversidade do mesmo, así como dos seus propios intereses quen decidirá cales realizar con maior profusión e cales non.

3. **Actividades de sínteses-resumen**:

- Análise e comentario dun texto final. Entendemos por análise o comentario gramatical completo do texto traducido, que debe comprender, ademais das relacións gramaticales entre os seus elementos, a relación existente entre os distintos parágrafos do texto. O comentario de texto, tras captar e comentar as ideas principais que se nos transmiten, emite xuízos e achega opinións que non están directamente no texto. Consideramos conveniente realizar esta actividade tras a tradución, pois comporta a vantaxe de non emitir xuízos previos ao coñecemento directo do texto.
- Visualización da materia lingüística e cultural incluída en cada unidade mediante gráficos, paradigmas, esquemas, mapas, etc.

4. **Actividades de consolidación, recuperación e ampliación:**

Ao final realizaranse actividades sobre os catro apartados en que se estrutura cada tema: legado, léxico, lingua e textos partindo dun texto. O profesor poderá realizalas con actividades ou textos da unidade non traballados ata o momento nas de desenvolvemento. A finalidade destas será:

- Realización de exercicios apropiados e o necesariamente abundantes e variados que sexa preciso, co fin de afianzar os contidos lingüísticos, culturais e léxicos traballados no tema.
- Co fin de atender a aqueles alumnos que expoñan problemas na asimilación dos diversos contidos, prepararanse exercicios de dificultade graduada e breves para os temas lingüísticos e léxicos; para os temas culturais pediráselles a realización de breves lecturas e esquemas das mesmas, sempre acompañados da axuda do profesorado.
- Mentres se realizan estas actividades de recuperación, aqueles alumnos que alcanzasen satisfactoriamente os contidos propostos, realizarán tarefas preparadas de antemán para profundar nos mesmos, como realización de pequenos traballos de investigación sobre temas culturais, lecturas complementarias e ampliación de léxico da propia lingua relacionado co tema, mediante dicionarios ou textos apropiados.

5**. Actividades de avaliación**

Ademais da observación directa do traballo dos alumnos en clase, ao final de cada unidade temática poderanse realizar probas orais ou escritas co fin de analizar a consecución dos obxectivos propostos. Estas probas, como é lóxico, deberán ter en conta os obxectivos e contidos comentados ao comezo de cada tema aos alumnos.

4.5. DOCENCIA NON PRESENCIAL.

No caso de que se teña que recorrer a este tipo de docencia segundo o requirise a situación pola pandemia do COVID, levariase a cabo sobre todo coa maior regularidade posible a tarefa lectiva a través da aula virtual. No caso de que houbese problemas de conectividade co alumnado, mesmo se podería encomendar personalizadamente tarefas por outros medios (correo, teléfono, etc). Seguirase en todo caso as pautas acordadas, se é o caso.

4.6. AVALIACIÓN

4.6.1. Criterios de avaliación

Para avaliar os contidos da materia podense utilizar os seguintes procedimentos e instrumentos de avaliación. Referencia: Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia:

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances

B1.1. Coñecer e localizar en mapaso marco xeográfico da lingua latina.

B1.2. Identificar o indoeuropeocomo a lingua nai da maioría daslinguas faladas en Europa actualmente.

B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeasen familias lingüísticas e localizalasnun mapa.

B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa.

B1.5. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.

B1.6. coñecer e aplicar as regras.

Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos

B2.1. Coñecer diferentes sistemasde escritura e distinguilos do alfabeto.

B2.2. Coñecer a orixe do alfabetonas linguas modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa.

B2.3. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín.

Bloque 3. Morfoloxía

B3.1. Identificar e distinguir os formantes das palabras.

B3.2. Distinguir e clasificar tipos de palabras.

B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación.

B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.

B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente.

B3.6. Recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, tanto en voz activa como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto.

Bloque 4. Sintaxe

B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.

B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.

B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no

B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.

B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas.

B4.6. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis transparentes.

Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización

B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.

B5.2. Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma.

B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.

B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.

B5.5. Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.

B5.6. Recoñecer os tipos de vivenda empregados en Roma, as características principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados e cosméticos.

B5.7. Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual.

Bloque 6. Textos

B6.1. Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados.

B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.

B6.3. Utilizar correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.

B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e a estrutura de textos latinos traducidos.

B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.

B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva.

Bloque 7. Léxico

B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.

B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta.

B7.3. Recoñecer os elementos

B7.4. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.

4.6.2. Estándares de aprendizaxe

1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.

.1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.

1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.

1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.

1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.

2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función.

2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.

2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.

3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.

3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.

3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación.

3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.

3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.

3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.

3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.

3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.

3.6.2. Cambia de voz as formas

3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.

3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.

4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.

4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.

4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.

4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas construcións.

4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.

4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferénciaas das oracións simples.

4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analízaas e tradúceas correctamente.

5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.

5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.

5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información.

5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización romana.

5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.

5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais.

5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais.

5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.

5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.

5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.

5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.

6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.

6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.

6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.

6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.

6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.

6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.

6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.

7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.

7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.

7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.

7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seucontexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.

4.6.3. Graos mínimos esixibles para superar a materia

1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.

1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.

1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.

1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.

2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.

3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.

3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación.

3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.

3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.

3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.

4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.

4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas…

5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.

5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización romana.

5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.

5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.

6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.

4.6.4. Procedementos de avaliación

A avaliación abordarase atendendo ás consideracións e aos puntos marcados pola normativa vixente para a educación secundaria e basearase na consecución das **competencias clave,** na adquisición dos **coñecementos e contidos** programados para o curso e no logro dos **obxectivos** da materia. Esta avaliación será **continua**, aínda que pola organización do curso escolar realizarase por trimestres. Isto permitirá artellar as medidas de recuperación, de seren necesarias, adecuadas ao longo do curso. En relación con isto hai que indicar:

-Avaliación Ordinaria

Tres sesións de avaliación, unha por trimestre, nas que se irán comprobando o grao de consecución das competencias, contidos, recuperación de matéria pendente de avaliacións anteriores, e obxectivos. Cando se avalie positivamente unha avaliación, consideraranse recuperadasas anteriores.

-Avaliación Extraordinaria

Se as avaliacións ordinarias diagnostican o fracaso do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado ao longo do curso, realizarase unha proba extraordinária que incluiría os contidos mínimos para a avaliación positiva.

4.6.5. Instrumentos de avaliación

Tendo en conta o anterior, os instrumentos serán:

1. Esquemas e resumos de textos e comentarios dos mesmos.
2. Actividades de busca de fontes diversas, incluídas as TIC, e comentários de textos, mensaxes ou imaxes.
3. Actividades sobre etimoloxías das palabras aplicando as regras evolutivas e coñecemento e comparación cós termos herdados, distinguindo os patrimoniais dos cultismos.
4. Actividades sobre formacións de palabras e coñecemento de vocabulários específicos.
5. Emprego de latinismos en distintos textos.
6. Comprensión e uso dos paradigmas latinos.
7. Prácticas elementais de análise morfosintáctica e tradución e retroversión correspondentes.
8. Uso das TIC como instrumento para a realización de tarefas, central ou complementário em función das mesmas.

4.6.6 Criterios de cualificación

A cualificación de cada unha das avaliacións e a nota final de curso será obtida a partir das cualificacións das probas escritas (unha ou dúas por avaliación) que se realizarán despois de cada bloque de contidos, coas actividades correspondentes.

Asímesmo, serán tidas en conta para as cualificacións as intervencións orais nas clases, os traballos individuais ou grupais sexan encomendados ou voluntários (atendendo a indicadores como pulcritude e limpeza, corrección na escrita, extensión acaída, boa disposición do contido, etc), corrección integral do caderno de clase (presentación, realización correcta e en tempo das tarefas, limpeza, bo estado do mesmo, orde, redacción, ortografía, etc.), as lecturas encomendadas (no seu caso), as mostras de interese e participación (tanto na aula como nas saídas), a creatividade, etc. a resolución correcta de actividades e, en xeral, o resultado positivo de calquera das actividades consideradas instrumentos de avaliación realizados. Tamén será tido en conta o traballo diário, o cal implica a valoración do esforzo continuado do alumnado e a adquisición eficaz de hábitos durante o curso. Como quedou xa

apuntado, estes aspectos (traballo diario, participación, mostra de interese, corrección na realización das tarefas e ter ao día coa boa presentación o caderno, etc.) poderán computer ata o 30 % da nota.

O 70 % da nota corresponderá ás probas escritas (unha ou dúas por avaliación) e o restante 30 % atenderá ás actividades antes mencionadas (traballo de clase, lectura e probas escritas de menor transcendencia), así como á disposición activa e participativa e o interese amosado polo alumnado.

As probas escritas recollerán os contidos linguísticos, culturais e históricos correspondentes aos temas estudados. O profesorado poderá, se é o caso, realizar unha recuperación destas probas, así como cuantificar –comunicándoo ao alumnado previamente e explicitándoo por escrito na propia proba- as procentaxes de reducción de nota en relación coa gravedade e cantidade de faltas de ortografía etc.

Serán valoradas de xeito bo as actitudes que redunden no normal desenvolvemento das clases, o respecto polos compañeiros/as, polo profesorado e pólas normas da aula. Serán tidas positivamente en conta en canto a valoracións as saídas e intervencións voluntarias do alumnado (sobre todo se son acertadas en canto á resolución correcta dos temas e tarefas propostos), a dinámica de atención ás explicacións e os traballos realizados *motu proprio*, ademais do esforzo individual na boa realización dos traballos encomendados.

A cualificación da avaliación ordinária obterase en función da nota media das tres avaliacións (tendo en conta tamén, se fose o caso, a nota das recuperación/s). Neste sentido cómpre sinalar que é imprescindible que para superar a materia en cada unha das avaliacións terase en conta a progresión, interese e esforzo do alumnado.

Na avaliación extraordinária, a proba escrita obxectiva seguirá as mesmas pautas ou o mesmo modelo sinalado. En todo caso, os mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva terán a ver coa adquisición dos contidos mínimos.

Evidentemente serán os resultados académicos que o alumnado obteña nas distintas probas e en cada avaliación os que contribuirían en alto grao a definir un mapa de logros. A porcentaxe de resultados positivos e negativos medirán a dimensión destes. Consideramos que este cálculo poderíase definir tendo en conta o seguinte: se os resultados académicos positivos (das distintas probas, das avaliacións) non acadasen o 50 % o indicador sería negativo; se fosen do 50-60 % o indicador sería aceptable; se fose do 60-70, bo; se do 70-80 notable, e se superase iso, óptimo.

4.6.7. Docencia, Avaliación e cualificación non presencial.

No caso de darse esta circunstancia, aplicaríase o sinalando anteriormente en canto a criterios de cualificación. O profesorado marcaría as pautas concretas a seguir en canto ao mecanismo de avaliación non presencial (Aula Virtual, instrucións, tempos, etc), tendo en conta o seguinte.

De haber interrupción da presencialidade, seguiríase o que se indique dende o Centro e /ou dende a Consellería. Neste caso, como se sinalou, a comunicación cos alumnos e a impartición de docencia realizarase prioritariamente a través da aula virtual seguindo as pautas que, de ser o caso, se acorden. Para facilitar a comprensión dos contidos, ademais das explicacións e indicacións da profesora proporanse exercicios e tarefas para fixar coñecementos. As actividades propostas comunicaranse a través da aula virtual no curso correspondente á materia. Para os alumnos que sufran problemas de conectividade que dificulten ou imposibiliten o seu acceso normal á aula virtual habilitaranse outras formas de comunicación como o correo-e, ou outros métodos alternativos que se poidan establecer polo centro (comunicación telefónica, etc.). Así, o alumnado continuará funcionando da forma máis semellante posible ao período presencial, descargando os materiais propostos na aula virtual, atendendo ás indicacións da profesora e entregando as tarefas correspondentes en tempo e forma tamén telemáticamente.

Sobre avaliación e cualificación non presencial**,** durante o(s) periodo(s) no que se suspendesen as aulas, os procedementos de avaliación adaptaríanse á nova situación. A comunicación (pola profesora) e entrega (por parte dos alumnos) das tarefas realizarase a través da aula virtual, no tempo e forma que se estableza. Para os alumnos que sufran problemas de conectividade que dificulten ou imposibiliten o seu acceso normal á aula virtual habilitaranse outras formas de comunicación como o correo-e, ou outros métodos alternativos que se poidan establecer polo centro ou a administración educativa (comunicación telefónica, etc.). O cálculo das notas e criterios de superación e recuperación da materia mantéñense –xa se indicou- respecto do establecido para as clases presenciais, podendo modularse o peso do traballo en clase e aumentar o das tarefas en caso de ausencia prolongada do alumno.

4.7. EDUCACIÓN EN VALORES TRANSVERSAIS

A educación en valores incide na necesidade de achegar ao alumnado unha formación neste aspecto dende todas as materias que conforman o currículo.

Dende o departamento de latin procuramos fomentar a educación en valores a través da nosa materia; ben sexa achegando informacións precisas, ben fomentando a convivencia e respecto nas aulas e fóra delas.

Algún dos temas que achegamos ao alumnado dos diferentes cursos son:

O <u>interculturalismo</u>: fomentando o respecto por todas as culturas e a convivencia e intercambio pacífico entre elas.

A <u>igualdade</u>: a valoración de todos os seres humanos como iguais vincúlase nas nosas aulas á praxe dun trato igualitario e sen discriminacións sociais, raciais ou culturais. Fomentamos en todo momento a igualdade entre sexos e procuramos achegárllela ao noso alumnado con textos e actividades prácticas onde non hai roles preestablecidos.

A <u>ecoloxía; educación ambiental</u>: o coidado do planeta, concretado na contorna máis próxima ao alumnado, no que vivimos e unha actitude responsable tanto na potenciación de proxectos de desenvolvemento sostible como o achegamento a un consumo responsable por parte do alumnado.

O rexeitamento de todo tipo de violencia; educación para a paz: a través do achegamento á realidade actual potenciamos nas aulas o afastamento da violencia de calquera tipo e a aposta polas solucións dialogadas. Incidimos neste contido ao longo de todo o curso e en todos os niveis educativos e participemos activamente na conmemoración do Día da paz como plasmación xeral do traballo de todo o curso.

A educación para a saúde: é unha constante nas aulas o fomento dos hábitos saudables. O achegamento a determinadas áreas do léxico, tanto do galego coma do portugués, ofrécenos a posibilidade de acoutar este tema así como outros temas transversais como a educación vial ou a educación para o consumidor.

4.8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Entendendo a diversidade como todo tipo de diferenzas que individualiza a cada ser humano, a atención á diversidade refírese a todo o alumnado que manifeste unha Necesidade Educativa Especial. Isto achéganos a unha realidade moi variada que comprende a alumnado con deficiencias físicas, psíquicas ou sensoriais, etc., alumnado con sobredotación ou alumnado con distintos ritmos de traballo, estilo de aprendizaxe, coñecementos previos, experiencias e intereses.

Isto implica que o sistema educativo é quen de responder a todas estas diferenzas. É por iso que establecemos dentro das medidas ordinarias de atención á diversidade a metodoloxía descrita anteriormente en tanto que persegue dar resposta ás diferenzas que se detecten dentro da mesma aula. Á parte disto o departamento establece como medidas de atención á diversidade o reforzo educativo.

Para establecer as medidas de atención á diversidade na propia aula é imprescindible recompilar información sobre o grupo tras a realización da avaliación inicial:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; cómpre pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Ademais, a avaliación inicial achéganos información individualizada dos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades

e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).

- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.

4.9 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Tendo en conta a situación de pandemia e as recomendacións establecidas para o ámbito docente, de ser posible, so se realizarán seguindo os protocolos ao respecto, entre outras actividades puntuais en función de eventos dos que a día de hoxe descoñecemos a súa celebración, a visita a cidades ou vilas próximas –duración máxima dun día-que teñan interese no relativo ao mundo clásico, asistencia a exposicións, museos, ou obras de teatro, conferencias, etc...

Tamén se contempla a posibilidade de realizar, en datas sinaladas ou non, colaboración coa biblioteca ou outros departamentos actividades en periodo lectivo como recitais/lectura de textos, exposicións de material bibliográfico, audiovisual, etc. referido ao mundo clásico, traballos interdisciplinares (a flora da contorna, toponimia, etc), confección de traballos creativos (debuxos, maquetas, deseño de separalibros, carteis, pósters, etc con motivos clásicos). Igualmente, se as condicións o permiten e o desenvolvemento lectivo é axeitado, poderíase realizar cara ao final de curso unhas Xornadas de Cine Clásico. Polo demais, non se contemplan outras habituais actividades complementarias e extraescolares que requiran máis dun día.

5. LATÍN 1º BACHARELATO

5.1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Recollendo as ideas fundamentais do Decreto 86/2015 sobre a materia de latín, a presenza desta no bacharelato achega á formación do alumnado o coñecemento dos alicerces lingüísticos, históricos e culturais do mundo occidental. De aí o grande interese para o alumnado que teña optado por unha primeira especialización dos seus estudos no campo das humanidades. Xunto co grego, cultura que Roma asimilou e transmitiu a toda Europa, o latín constitúe un apoio insustituibel da aprendizaxe das linguas romances e, en particular, do noso idioma.

A coincidencia do estudo das dúas linguas clásicas no bacharelato invita a traballar parellamente e a realizar unha actividade interdisciplinar que evite duplicidades innecesarias no desenvolvemento de ambas materias.

O estudo da lingua latina nos seus aspectos morfolóxico, sintáctico e léxico non só ten un alto valor en si mesmo, por tratarse dunha lingua de estrutura e contido moi ricos, senón que ofrece posibilidades formativas moi prácticas, ao sentar unha sólida base científica para a aprendizaxe da lingua que o alumnado emprega a cotío.

A lectura comprensiva de textos latinos orixinais, sinxelos ou axeitadamente adaptados ao principio e máis complexos despois, así como a retroversión de textos da lingua usada polo alumnado, comportan a fixación das

estruturas básicas e un exercicio de análise e síntese especialmente beneficioso. Con eles posibilítase un contacto coas mostras máis salientables da civilización romana nos seus diversos aspectos.

A comparación sistemática de feitos do mundo romano cos do mundo actual resulta de grande utilidade para a eficacia da tarefa educativa.

En Latín I, tendo en conta o anterior, preténdese facer un achegamento elemental á lingua, aos textos e á civilización dos romanos. Usaranse textos orixinais ou elaborados, preferentemente en prosa, para ler, analizar, traducir ou comentar.

A necesaria reflexión gramatical debe partir da análise dos propios textos. Compararanse sistemáticamente o latín e as linguas coñecidas polo alumnado.

Os comentarios versarán fundamentalmente sobre aspectos históricos, institucionais e da vida cotiá. Poderán usarse outras fontes e actividades complementarias fóra da aula (museos, restos arqueolóxicos, representacións teatrais, monumentos, cine, numismática…) para a elaboración de traballos de carácter básico.

5.2. OBXECTIVOS DA ETAPA DE BACHARELATO

Según o Decreto *86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, o alumnado alcanzará una serie de capacidades que lle permitan:*

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacíficamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

5.3. CONTIDOS E SECUENCIACIÓN DAS UNIDADES

Hai que anotar, en relación con isto, que os contidos de latín de 1º Bach, en conexión cos estándares correspondentes, *son os que recolle o citado Decreto 86/2015.* Remitímonos a este, dada a súa extensión; aínda así, elaboramos aquí un esquema de concreción que figura *infra.* Polo demais, antes sinalamos os aspectos centrais en canto á secuenciación, temporalización, contidos mínimos e procedementos e instrumentos de avaliación.

Estes contidos vanse secuenciar en 12 unidades:

UNIDADE 1	Introdución á lingua latina. O indoeuropeo
	O marco xeográfico O alfabeto e a pronuncia O latín culto e o vulgar Evolución do latín: fases Linguas romances e non romances

	Nocións de morfoloxía e sintaxe

.

UNIDADE 2	Palabras variables e invariables. Casos e funcións. A primeira declinación. Os adxectivos . Introdución á tradución de textos. A ubicación de Roma.
UNIDADE 3	A segunda declinación. Os adxectivos A flexión verbal: Latinismos.
UNIDADE 4	A terceira declinación: substantivos. Verbos regulares: o tema de presente. Introdución á sintaxe: clases de oracións. A coordinación. Tradución de textos. Do latín ao galego e castelán.
UNIDADE 5	A 3ª declinación: adxectivos. Verbos regulares:tema de perfecto. Tradución de textos. Do latín ao galego e castelán. Latinismos.

UNIDADE 6	A 4ª e 5ª declinacións. O sistema pronominal. Tradución de textos. Do latín ao galego e castelán. Latinismos.

UNIDADE 7	O sistema pronominal. Tradución de textos. Produción de textos en latín. Do latín ao galego e castelán. Latinismos.
UNIDADE 8	Os graos do adxectivo. A oración subordinada. Tradución de textos. Produción de textos en latín. Latinismos.
UNIDADE 9	Voz pasiva. Tradución de textos. Produción de textos en latín. Latinismos.
UNIDADE 10	Participios. Tradución de textos. Produción de textos en latín. Do latín ao galego e castelán. Latinismos.
UNIDADE 11	Infinitivos.

	O verbo *sum* e os seus compostos. Tradución de textos. Produción de textos en latín. Latinismos.
UNIDADE 12	Os verbos deponentes e irregulares máis importantes. Tradución de textos. Produción de textos en latín. Latinismos.

5.3.1. Esquema de concreción e temporalización. Graos mínimos.

(NOTA: UN ASTERISCO, DE FIGURAR NALGÚN ESTÁNDAR, INDICA QUE NON É GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA). UN ESTÁNDAR COINCIDE CO PROPIO GRAO MÍNIMO DE NON LEVAR O DITO ASTERISCO. SOBRE AS COMPETENCIAS, ATENDER AO EXPLICITADO NO APARTADO 2.

UNIDADE 1	**SETEMBRO**

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comprender a evolución das linguas e da escritura, especialmente do indoeuropeo ás linguas de Europa e en particular a orixe do latín e a súa evolución histórica.

- Coñecer a orixe do alfabeto latino e a súa expansión. Recoñecer os seus grafemas e fonemas e as nocións fundamentais da súa acentuación.

- Adquirir unha visión xeral do sistema lingüístico latino mediante un achegamento ás nocións básicas de morfoloxía e sintaxe.

- Estudar as principais regras da evolución fonética do latín ás linguas romances.

- Recoñecer os principais latinismos que se usan na lingua propia.

- Iniciar o estudo do legado de Roma, tanto en Europa como en Hispania. Recoñecer a orixe dos principais xentilicios de orixe latina.

C

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC
1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina e das linguas romances de Europa.	B.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico da lingua latina e a súa expansión delimitando os seus ámbitos de influencia e ubicando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	**CSC, CEC**
2. Coñecer as orixes das linguas faladas na Península Ibérica, clasificalas e localizalas nun mapa.	B.1.2.1. Identifica as linguas que se falan na Península Ibérica, diferenciando pola súa orixe romances e non romances e delimitando nun mapa as zonas nas que se utilizan.	**CSC, CEC**
3. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguir do alfabeto.	B.1.3.1.* Recoñece diferentes tipos de escritura, clasificándoos consonte á súa natureza e a súa función, e describindo os trazos que distinguen uns doutros.	**CSC, CEC, CMCT**
4. Coñecer a orixe do alfabeto e a súa expansión nas linguas modernas.	B.1.4.1. Explica a orixe do alfabeto latino describindo a evolución e adaptación dos signos do alfabeto grego.	**CEC**
5.Recoñecer os grafemas grafemas e fonemas do latín e a súa acentuación.	B.1.5.1. Le coa pronunciación e a acentuación correcta textos latinos identificando e reproducindo exemplos de diferentes tipos de pronunciación.	**CCL, CAA**
6. Saber os elementos fundamentais da morfoloxía latina, tanto do sistema nominal como verbal.	B.1.6.1. Distingue palabras variables e invariables explicando os trazos que permiten identificalas e definindo os criterios para facelo.	**CAA**

7. Identificar os cambios fonéticos que se produciron na evolución do latín.	B.1.7.1. Aplica correctamente as regras de evolución do latín que se estudia na unidade ás palabras latinas propostas (pérdida de *-m* latina). B.1.7.2. Deduce o significado das palabras das linguas do Estado español a partir dos etimos latinos	CCL CMCT SIEP CCL, CMCT, SIEP
8. Utilizar adecuadamente na propia lingua os latinismos estudados na unidade.	B.6.8.1. Comprende o significado dos principais latinismos e expresións latinas que se incorporaron á lingua falada.	CCL, CEC
9. Identificar os xentilicios básicos latinos da unidade.	B.6.9.1. Coñece e utiliza correctamente os xentilicios de orixe latina estudados na unidade.	CCL, CEC

UNIDADE 2 OUTUBRO

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer as explicacións míticas sobre a fundación de Roma. Coñecer os diversos reis que tivo Roma e o significado e aportación de cada un deles á cidade. Comprender o significado da monarquía no proceso de formación e organización de Roma.

- Coñecer a morfoloxía da 1. ª e 2.ª declinación: substantivos, adxectivos 2-1-2. Recoñecer a concordancia adxectivo-substantivo.

- Comprender o concepto de conxugación latina. Coñecer os tipos de conxugación a partir do tema de presente. Recoñecer a morfoloxía do presente de indicativo activo. Identificar as formas e a conxugación das mesmas.

- Coñecer o significado e uso das principais preposicións. Traducir sintagmas preposicionais en que interveñan as mesmas.

- Coñecer o léxico latino de substantivos da 1.ª e 2.ª declinación, adxectivos 2-1-2, preposicións e verbos das catro conxugacións que se traballa na unidade, así como o léxico relativo aos apartados de legado e textos. Identificar a pertenza dese léxico ás distintas clases de palabras (substantivos, adxectivos, preposicións e verbos). Coñecer o

sistema de numeración latino. Identificar os adxectivos numerais latinos, tanto cardinais como ordinais, nos textos latinos.

- Definir e identificar términos da propia lingua ou das linguas romances coñecidas derivados do léxico latino estudado. Explicar a relación existente entre ambos términos.

- Identificar en textos traducidos de autores latinos elementos relativos aos aspectos estudados no apartado de legado relativos ás oríxes míticas de Roma e ao período histórico da monarquía en Roma, sinalando e distinguindo o que de carácter xeral e de visión particular nos transmite o autor latino. Elaborar esquemas ou enunciados concisos e claros sobre o contido do texto traducido. Identificar aqueles aspectos e enfoques do texto vixentes na actualidade ou ben que consideramos superados e as razóns pertinentes.

- Coñecer o significado do léxico latino estudado ata o momento e que apareza nos textos latinos propostos. Identificar a relación etimolóxica entre o vocabulario do texto e o da lingua do alumno.

- Identificar nos textos latinos propostos os elementos básicos da morfoloxía e sintaxe estudados ata o momento, con especial énfase naqueles relativos á unidade: substantivos da 1.ª e 2.ª declinación, adxectivos 2-1-2, presente de indicativo activo das catro conxugacións e as preposicións latinas. Detectar as variantes e coincidencias que existan coas linguas romances do alumno.

- Traducir coa maior fidelidade posible os textos latinos propostos a tal fin.
- Identificar os cambios fonéticos que se produciron na evolución do latín: a -*u* final átona latina pasa a -o.
- Recoñecer e saber aplicar correctamente latinismos e términos de orixe latina: *ad líbitum* e candidato.
- Coñecer o legado de Roma en Europa e en Hispania: as calzadas romanas.

Criterios de avaliación	**Estándares de aprendizaxe avaliables**	**CC**
1. Coñecer os feitos históricos básicos e situalos no tempo.	B.1.1. Describe o marco histórico da cultura romana B.1.2. * Identifica para cada un deles as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.	CSC, CEC, CMCT
	B.1.3. Distingue as diferentes etapas da historia de Roma, explicando os	CSC,

	seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.	CEC, CMCT
	B.1.4. Elabora esquemas conceptuais e cadros sinópticos cos aspectos históricos relativos ás oríxes de Roma e o período da monarquía.	CSC, CEC, CMCT
2. Distinguir os diferentes [illegible] seu enunciado, recoñeciendo os distintos formantes destas palabras.	B2.1. Identifica polo enunciado diferentes tipos de palabras en latín, diferenciando unhas doutras e clasificándoas segundo a súa categoría e declinación.	CCL, CAA
	B.2.2. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos e buscando exemplos doutros términos nos que estean presentes.	CAA
3. Coñecer as declinacións, [illegible] declinalas correctamente.	B.2.3.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	SIEP, CMCT
4. Identificar as desinencias verbais básicas activas de verbos das catro conxugacións latinas.	B.2.4.1. Explica o uso dos temas verbais latinos.	CCL, CMCT, SIEP
	B.24.2. Clasifica verbos segundo a súa conxugación partindo do seu enunciado e describindo os trazos polos que se recoñecen os distintos modelos de flexión verbal.	CCL, CMCT, SIEP
	B.2.4.3 Conxuga o presente de indicativo en voz activa aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.	CCL, CMCT, SIEP
5. Traducir correctamente as formas verbais estudadas nas oracións e textos propostos.	B.5.5.1. Traduce ao galego diferentes formas verbais latinas comparando o seu uso en ambas linguas.	[illegible]

6. Coñecer o significado e o uso das principais preposicións.	B.6.6.1. Identifica as formas dos casos das declinacións estudadas e as diversas funcións nas estruturas sintácticas do latín relacionándoas coas da lingua propia.	CCL
7. Traducir sintagmas preposicionais en que interveñan as mesmas.	B.5.7.1. Traduce as preposicións estudadas nas oracións e textos da unidade.	CCL, SIEP, CMCT
8. Coñecer, e identificar, os principais prefixos e sufixos.	B.5.8.1. Deduce o significado das palabras latinas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñece.	CMCT, CCL, CD, CEC
	B.5.8.2. Identifica e explica términos transparentes, así como as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos, traducíndoos correctamente á propia lingua.	CMCT, CCL, CD, CEC
9. Identificar e explicar os principais termos latinos.	B.6.9.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común na lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	CCL, CD, CEC, CMCT, CAA
	B.6.9.2. Realiza evolucións de términos latinos a distintas linguas romances aplicando as regras fonéticas de evolución.	CCL, CD, CEC, CMCT, CAA
	B.6.9.3. Relaciona distintas palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.	CCL, CD, CEC, CMCT, CAA
10. Identificar os elementos básicos da morfoloxía e a sintaxe, aprezando as	B.2.10.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal latina, explicando as funcións que realizan dentro da oración e ilustrando con exemplos a forma adecuada de traducilos.	CMCT, CCL, SIEP

variantes e coincidencias	B.2.10.2. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos de dificultade graduada, identificando as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan nol contexto.	CMCT, CCL, SIEP
11. Identificar os temas básicos dun texto.	B.5.11.1. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.	CMCT, CAA, SIEP,
	B.5.11.2. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global.	CMCT, CAA, SIEP,
12. Traducir as oracións e os textos propostos con corrección á lingua propia.	B.5.12.1. Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que entrañen dificultade identificando entre varias acepcións o sentido máis adecuado para a tradución do texto.	CD, CCL
13. Identificar os cambios fonéticos que se produciron na evolución do latín.	B.1.13.1. Aplica correctamente a regra de evolución do latín que se estudia na unidade ás palabras latinas propostas (a *-u* final átona pasa a -o).	CCL, CMCT, CEC
	B.1.13.2. Deduce o significado das palabras das linguas do Estado español a partir dos étimos latinos.	CCL, CMCT,
14. Utilizar adecuadamente na propia lingua os latinismos estudados na unidade.	B.6.14.1. Comprende o significado dos principais latinismos e expresións latinas que se incorporaron á lingua falada.	CEC, CCL
15. Recoñecer o significado cultural das calzadas romanas.	B.4.15.1. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización, sinalando a súa influencia na historia.	CEC, CSC, CD

	B.4.15.2 Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.	CSC, CD
16. Identificar as principais obras públicas romanas.	B.4.16.1. Localiza nun mapa os principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do noso patrimonio, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e cronoloxía aproximada.	CSC, CEC, CD, CAA

UNIDADE 3	**NOVEMBRO**

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer e explicar as principais características do período republicano. Recoñecer o proceso de creación das principais maxistraturas e leis que fundamentaron e definiron a República. Identificar os principais fitos históricos dos catro séculos republicanos: proceso de conquista de Italia, desenvolvemento e significado na historia de Roma das guerras púnicas, causas das loitas sociais. Coñecer e analizar as causas que conduciron á crise da República. Coñecer a importancia e o papel que xogaron no seu final os diversos personaxes que se mencionan no tema.

- Coñecer a declinación de substantivos temas en consoante da 3.ª declinación de xénero feminino, masculino e neutro. Identificar e aplicar os diversos cambios fonéticos que afectan a esta declinación (apofonía, rotacismo, etc.). Enunciar substantivos a partir do seu tema. Declinar e traducir correctamente os substantivos estudados.

- Coñecer a morfoloxía do imperfecto de indicativo activo. Identificar formas de imperfecto, formalas a partir do enunciado dun verbo e traducilas correctamente.

- Identificar as distintas clases de oracións na lingua do alumno. Recoñecer as oracións coordinadas e as súas principais conxuncións.

- Coñecer o léxico latino de substantivos da 3.ª declinación temas en consoante, doutros substantivos das tres primeiras declinacións, de adxectivos 2-1-2 e de verbos, así como o léxico relativo aos apartados de legado e de textos. Identificar a pertenza dese léxico áas distintas clases de palabras (substantivos, adxectivos e verbos).

- Definir e identificar términos da propia lingua ou das linguas romances coñecidas derivados do léxico latino estudado. Explicar a relación existente entre ambos términos.

- Identificar os preverbios que interveñen en verbos compostos estudados.

- Identificar en textos traducidos de autores latinos elementos relativos aos aspectos estudados no apartado de legado relativos á República, sinalando e distinguindo o que de carácter xeral e de visión particular nos transmite o autor latino. Elaborar esquemas ou enunciados concisos e claros sobre o contido do texto traducido. Identificar aqueles aspectos e enfoques do texto vixentes na actualidade ou ben que consideramos superados e as razóns pertinentes.

- Coñecer o significado do léxico latino estudado ata o momento e que apareza nos textos latinos propostos. Identificar a relación etimolóxica entre o vocabulario do texto e o das linguas do alumno.

- Identificar nos textos latinos propostos os elementos básicos da morfoloxía e sintaxe estudados ata o momento, con especial énfase naqueles relativos á unidade: temas en consoante da 3ª declinación de xénero feminino, masculino e neutro, imperfecto de indicativo activo das catro conxugacións; oracións coordinadas e as súas principais conxugacións. Detectar as variantes e as coincidencias que existan coas linguas romances do alumno

.- Traducir coa maior fidelidade posible os textos latinos propostos a tal fin.

- Identificar os cambios fonéticos que se produciron na evolución do latín: o *s* inicial latino seguido doutra consoante desenvolveu unha vogal -e protética.

- Recoñecer e saber aplicar correctamente latinismos e términos de orixe latina: postdata e álbum.

- Recoñecer o legado de Roma en Europa: semellanzas dos problemas políticos, económicos e sociais da Roma antiga e da Europa actual. Coñecer o legado de Roma en Hispania: as pontes.

1. Coñecer os feitos históricos dos períodos da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronológicos.	B.4.1.1. Describe o marco histórico no que xorde e se desenvolve a civilización romana sinalando distintos períodos dentro do mesmo. B.4.**1.2.*** Identifica para cada un deles as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.	CEC, CSC
	B.4.1.3. Distingue as diferentes etapas da historia de Roma, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen nol paso dunhas a outras.	CEC, CSC

	B.4.1.4. Elabora esquemas conceptuais e cadros sinópticos cos aspectos históricos relativos ao período republicano e do proceso de creación das	CEC,

	principais maxistraturas e leis que fundamentaron e definiron a República.	CSC
2. Distinguir os diferentes tipos de palabras a partir do seu enunciado, recoñecendo palabras	B.1.2.1. Identifica polo seu enunciado diferentes tipos de palabras en latín, diferenciando unhas doutras e clasificándoas segundo a súa categoría e declinación.	CCL, CMCT, SIEP
	B.1.2.2. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos e buscando exemplos doutros términos nos que estean presentes.	CCL, CMCT, SIEP
3. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa declinación e declinalas correctamente.	B.2.3.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	[illegible]
4. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente, as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos.	B.6.4.1. Explica no léxico latino o significado que aportan os sufixos preverbios.	CCL, CMCT, CAA
	B.6.4.2. Deduce o significado das palabras latinas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñece.	CCL, CMCT, CAA
	B.6.4.3 Identifica e explica términos transparentes, así como as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos, traducíndoos correctamente á propia lingua.	CCL, CMCT, CAA
	B.6.4.4. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos e buscando exemplos doutros términos nos que estean presentes.	CCL, CMCT, CAA
5. Identificar e explicar os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas	B.1.5.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común na lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	CCL, CMCT, CEC, SIEP

do estudantado.	B.1.5.2. Realiza evolucións de términos latinos a distintas linguas romances aplicando as regras fonéticas de evolución.	CCL, CMCT, CEC, SIEP
	B.1.5.3. Relaciona distintas palabras da misma familia etimolóxica ou semántica.	CCL, CMCT, CEC, SIEP
6. Identificar as desinencias persoais e as formas do imperfecto de indicativo activo de verbos das catro	B.2.6.1. Explica o uso dos temas verbais latinos identificando correctamente as formas derivadas de cada un deles.	CCL, CMCT, CAA
	B.2.6.2. Clasifica verbos segundo a súa conxugación partindo do seu enunciado e describindo os trazos polos que se recoñecen os distintos modelos de flexión verbal.	CCL, CMCT, CAA
	B.2.6.3. Conxuga o imperfecto de indicativo en voz activa aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.	CCL, CMCT, CAA
7. Traducir correctamente as formas verbais estudadas	B.5.7.1. Traduce ao galego diferentes formas verbais latinas comparando o seu uso en ambas linguas.	CMCT, SIEP
8. Distinguir as oracións simples das compostas.	B.3.8.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións compostas, diferenciándoas con precisión das oracións simples e explicando en cada caso as súas características.	CCL
9. Identificar os elementos básicos da morfoloxía e a sintaxe, aprezando as variantes as coincidencias que existen coa propia lingua.	B.3.9.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal latina, explicando as funcións que realizan dentro da oración e ilustrando con exemplos a forma adecuada de traducilos.	CCL, CMCT, CAA, SIEP
	B.3.9.2 Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos de dificultade graduada, identificando as categorías gramaticais.	CCL, CMCT, CAA

10. Identificar aqueles aspectos e enfoques do texto vixentes.	B.5.10.1. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.	CCL, CMCT, CAA
	B.5.10.2. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global.	CCL, CMCT, CAA
11. Traducir as oracións e textos propostos con corrección á lingua propia.	B.5.11.1. Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que entrañen dificultade identificando entre varias acepcións o sentido máis adecuado para a tradución do texto.	CD, CCL, SIEP
12. Identificar os cambios fonéticos que se produciron na evolución do latín.	B.1.12.1. Aplica correctamente a regra de evolución do latín que se estuda na unidade ás palabras latinas propostas (o *s* inicial latino seguido doutra consoante desenvolveu unha vogal -e protética).	CEC, CAA, SIEP, CSC
	B.1.12.2. Deduce o significado das palabras das linguas do Estado español a partir dos étimos latinos.	CEC, CAA, SIEP, CSC
13. Utilizar adecuadamente na propia lingua os latinismos estudados na unidade.	B.6.13.1. Comprende o significado dos principais latinismos e expresións latinas que se incorporaron á lingua falada.	CCL, CD
14. Recoñecer as semellanzas dos problemas políticos, económicos e sociais da Roma antiga e da Europa actual.	B.4.14.1. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Europa e de Hispania, sinalando a súa influencia na historia posterior.	CAA, SIEP, CD, CEE, CSC

15. Coñecer o legado de Roma en Hispania.	B.4.15.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.	CAA, SIEP, CD, CEE, CSC
	B.4.15.2. Localiza nun mapa os principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do noso patrimonio, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e cronoloxía aproximada.	CAA, SIEP, CD, CEE, CSC

UNIDADE 4	**DECEMBRO**

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer e distinguir as dúas grandes fases que se deron no período do Imperio, así como das dinastías que se sucederon e os nomes dos seus emperadores, as súas aportacións e o seu significado na historia de Roma e do papel que desempeñaron.

- Coñecer a morfoloxía dos substantivos temas en *-i* e dos adxectivos da 3.ª declinación.

- Recoñecer a morfoloxía do futuro de indicativo activo. Identificar as súas formas e conxugación das mesmas.

- Coñecer o léxico latino de substantivos da 3.ª declinación temas en *-i* e os adxectivos da 3.ª declinación (de 1, 2 e 3 terminacións), así como o léxico relativo aos apartados de legado e textos. Identificar a pertenza dese léxico ás distintas clases de palabras (substantivos, adxectivos e verbos).

- Definir e identificar términos da propia lingua ou das linguas romances coñecidas derivados do léxico latino estudado. Explicar a relación existente entre ambos términos.

- Coñecer o léxico da familia semántica do calendario: días da semana, meses e estacións do ano, e a súa relación co léxico das linguas romances e non romances.

- Identificar os sufixos que forman substantivos derivados en *-ia* e *-tia* e o sufixo *-e* para a formación de adverbios modais.

- Identificar en textos traducidos de autores latinos elementos relativos aos aspectos estudados no apartado de legado, relativos ao período do Imperio romano, sinalando e distinguindo o que de carácter xeral e de visión particular nos transmite o autor latino. Elaborar esquemas ou enunciados concisos e claros sobre o contido do texto traducido. Identificar aqueles aspectos e enfoques do texto vixentes na actualidade ou ben que consideramos superados e as razóns pertinentes.

- Coñecer o significado do léxico latino estudado ata o momento e que apareza nos textos latinos propostos. Identificar a relación etimolóxica entre o vocabulario do texto e o da lingua do alumno.

- Identificar nos textos latinos propostos os elementos básicos da morfoloxía estudados ata o momento, con especial énfase naqueles relativos á unidade: substantivos temas en *-i* e adxectivos da 3.ª declinación, futuro de indicativo activo das catro conxugacións. Detectar as variantes e coincidencias que existan coas linguas romances do alumno.

- Traducir coa maior fidelidade posible os textos latinos propostos a tal fin.

- Identificar os cambios fonéticos que se produciron na evolución do latín: evolución das grafías gregas ao latín e ás linguas romances.

- Recoñecer e saber aplicar correctamente latinismos e términos de orixe latina: pandemónium e moeda.

- Coñecer o legado de Roma en Europa (a presenza de Roma nas illas británicas) e en Hispania (os acueductos).

3. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa declinación e declinalas correctamente.	B.2.3.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	CCL, CMCT, SIEP

4. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente, as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos.	B.5.4.1. Explica no léxico latino o significado que aportan os sufixos *-ia* e *-tia*, *e* a terminación *-e*.	CCL, CMCT, SIEP,
	B.5.4.2. Deduce o significado das palabras latinas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñece.	CCL, CMCT, SIEP,
	B.5.4.3. Identifica e explica términos transparentes, así como as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos, traducíndoos correctamente á propia lingua.	CCL, CMCT, SIEP, CEC
	B.5.4.4. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos e buscando exemplos doutros términos en que estean presentes.	CCL, CMCT, SIEP,
5. Identificar e explicar os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do estudantado.	B.6.5.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común na lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	CCL, CAA
	B.6..2. Realiza evolucións de términos latinos a distintas linguas romances aplicando as regras fonéticas de evolución.	CCL, CAA
	B.6.5.3. Relaciona distintas palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.	CCL, CAA
6. Identificar as desinencias persoais e as	B.2.6.1. Explica o uso dos temas verbais latinos identificando correctamente as formas derivadas de cada un deles.	CCL, CMCT, CAA

formas do futuro de indicativo activo de	B.2.6.2. Clasifica verbos segundo a súa conxugación partindo do seu enunciado e describindo os trazos polos que se recoñecen os distintos modelos de flexión verbal.	CCL, CMCT, CAA

verbos das catro conxugacións latinas e do verbo *sum*.	B.2.6.3. Conxuga o imperfecto de indicativo en voz activa aplicando correctamente os paradigmas correspondentes	CCL, CMCT,
7. Traducir correctamente as formas verbais estudadas nas oracións e textos propostos.	B.5.7.1. Traduce ao galego diferentes formas verbais latinas comparando o seu uso en ambas linguas.	CCL, CMCT, SIEP, CD
8. Identificar os elementos básicos da morfoloxía e sintaxe, aprezando as variantes e coincidencias que existen coa propia lingua.	B.2.8.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal latina, explicando as funcións que realizan dentro da oración e ilustrando con exemplos a forma adecuada de traducilos.	CCL, CMCT, CAA
	B.2.8.2. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos de dificultade graduada, identificando as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan no contexto.	CCL, CMCT, CAA
9. Identificar aqueles aspectos e enfoques do texto vixentes na actualidade ou ben que consideramos superados e as razóns pertinentes.	B.5.9.1. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.	CCL, CMCT,
	B.5.9.2. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global.	CCL, CMCT, CAA
10. Traducir as oracións e textos propostos con corrección á lingua propia.	B.5.10.1. Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que entrañen dificultade identificando entre varias acepcións o sentido máis adecuado para a tradución do texto.	CD, CCL, CMCT, CAA

11. Identificar os étimos máis importantes	B.1.11.1. Aplica correctamente a regra de evolución do latín que se estuda na unidade ás palabras latinas propostas (evolución das grafías gregas ao latín e ás linguas romances).	CCL, CMCT, SIEP, CD
	B.1.11.2. Deduce o significado das palabras das linguas do Estado español	CCL,

	a partir dos étimos latinos.	CMCT, SIEP, CD
12. Utilizar adecuadamente na propia lingua os latinismos estudados.	B.6.12.1. Comprende o significado dos principais latinismos e expresións latinas que se incorporaron á lingua falada.	CEC
13. Coñecer o legado de Roma nas illas británicas.	**B.4.1. *** Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Europa (illas británicas), sinalando a súa influencia na Historia posterior.	
14. Coñecer o legado de Roma en Hispania.	B.4.14.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a influencia en modelos urbanísticos posteriores.	CEC CSC
	B.4.14.2. Localiza nun mapa os principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do noso patrimonio, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e cronoloxía aproximada.	CD, CEC, CSC

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Recoñecer a cidade como medio en que se desenvolveu a vida diaria dos romanos, así como dos elementos característicos que definen a cidade de Roma. Analizar a evolución e comparar coa vida do home moderno. Distinguir os diferentes edificios públicos romanos e as súas diversas funcións. Coñecer as distintas partes dunha casa romana e as súas principais funcións.

- Coñecer a morfoloxía da 4. ª e 5.ª declinacións, identificar os seus casos, declinar substantivos e concordar os mesmos con adxectivos dos dous tipos. Enunciar substantivos a partir do seu tema. Traducir correctamente os substantivos estudados.

- Coñecer a morfoloxía da voz pasiva no tema de presente. Identificar as diversas formas, formación das mesmas e tradución correcta. Identificar e traducir as construcións pasivas.

- Coñecer o léxico latino de substantivos da 4.ª e a 5.ª declinacións, así como o léxico relativo aos apartados de legado e textos. Identificar a pertenza dese léxico ás distintas clases de palabras.

- Definir e identificar términos da propia lingua ou das linguas romances coñecidas derivados do léxico latino estudado. Explicar a relación existente entre ambos términos.

- Coñecer o léxico da familia semántica do calendario: os días do mes, o seu emprego na Roma antiga e a relación c léxico das linguas romances e non romances.

- Identificar o prefixo *a-/ abs-* e o sufixo *-atus* e o sufixo adverbial *-ter* para a formación de adverbios de modo.

- Identificar en textos traducidos de autores latinos elementos relativos aos aspectos estudados no apartado de legado, relativos á cidade de Roma, sinalando e distinguindo o que de carácter xeral e de visión particular nos transmite o autor latino. Elaborar esquemas coas ideas fundamentais do contido do texto traducido. Identificar aqueles aspectos e enfoques do texto vixentes na actualidade ou ben que consideramos superados e as razóns pertinentes.

- Coñecer o significado do léxico latino estudado ata o momento e que apareza nos textos latinos propostos. Identificar a relación etimolóxica entre o vocabulario do texto e o das linguas do alumnado.

- Identificar nos textos latinos propostos os elementos básicos da morfoloxía e sintaxe estudiados ata o momento, con especial énfase naqueles relativos á unidade: 4. ª e 5. ª declinacións e morfoloxía e sintaxe da voz pasiva no tema de presente. Detectar as variantes e coincidencias que existan coas linguas romances do alumnado.

- Traducir coa maior fidelidade posible os textos latinos propostos a tal fin.

- Identificar os cambios fonéticos que se produciron na evolución do latín: evolución do ditongo *ae* a *e*, de oe a *e* de *au* a *ou*.

- Recoñecer e saber aplicar correctamente latinismos e términos de orixe latina: lapsus e diñeiro.

- Recoñecer o legado de Roma en Europa: a romanización do norte de Europa. Coñecer o legado de Roma en Hispania: os arcos

1. Identificar os trazos máis importantes das obras públicas e o urbanismo romano e sinalar a súa presenza dentro do patrimonio histórico do noso país.	B.4.1.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.	--
2. Coñecer as características fundamentais do arte romano e describir algunhas das súas manifestacións máis importantes.	B.4.2.1. Describe as principais manifestacións escultóricas e pictóricas da arte romana identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e cronoloxía aproximada.	CEC, CSC, CD
3. Distinguir os diferentes tipos de palabras e enunciado	B.2.3.1. Identifica polo seu enunciado diferentes tipos de palabras en latín, diferenciando unhas doutras e clasificándoas segundo a súa categoría e declinación.	CAA

1. Identificar os trazos máis importantes das obras públicas e o urbanismo romano e sinalar a súa presenza dentro do patrimonio histórico do noso país.	B.4.1.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.	--
2. Coñecer as características fundamentais do arte romano e describir algunhas das súas manifestacións máis importantes.	B.4.2.1. Describe as principais manifestacións escultóricas e pictóricas da arte romana identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e cronoloxía aproximada.	CEC, CSC, CD
3. Distinguir os diferentes tipos de palabras e enunciado	B.2.3.1. Identifica polo seu enunciado diferentes tipos de palabras en latín, diferenciando unhas doutras e clasificándoas segundo a súa categoría e declinación.	CAA
	B.2.3.2. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos e buscando exemplos doutros términos en que estean presentes.	CCL, CAA
4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da declinación e declinalas correctamente.	B.2.4.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	SIEP

5. Identificar e traducir léxico latino frecuente.	B.5.5.1. Explica no léxico latino o significado que aportan o prefixo *ab-* e os sufixos *-atus* e *-ter*.	CCL, CMCT, CAA
	B.5.5.2. Deduce o significado das palabras latinas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñece.	CCL, CMCT, CAA
	B.5.5.3 Identifica e explica términos transparentes, así como as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos, traducíndoos correctamente á propia lingua.	CCL, CMCT, CAA
	B.5.5.4. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos e buscando exemplos doutros términos en que estean presentes.	CCL, CMCT, CAA
6. Identificar e explicar os mecanismos etimolóxicos máis comúns.	B.6.6.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común na lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	CCL, CMCT, SIEP, CEC
12. Utilizar adecuadamente na propia lingua os latinismos estudados na unidade.	B6.12.1. Comprende o significado dos principais latinismos e expresións latinas que se incorporaron á lingua falada.	-- ---
13. Coñecer o legado de Roma na Europa do Este.	**B4.13.1. *** Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Europa (do Leste), sinalando a influencia na historia posterior.	CEC, CSC, CD
14. Coñecer o legado de Roma en Gallaecia.	**B4.**14.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a importancia para desenvolvemento do Imperio e a influencia en modelos urbanísticos posteriores.	CEC, CSC, CD, SIEP
	B4.14.2. Localiza nun mapa os principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do noso patrimonio, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e cronoloxía aproximada.	CEC, CSC, CD, SIEP

UNIDADE 12	XUÑO

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer e explicar as principais etapas no proceso de conquista de Europa por parte de Roma, así como os seus fitos máis importantes. Coñecer, identificar e valorar as principais aportacións de Roma a Europa.

- Coñecer a morfoloxía e a sintaxe do comparativo. Identificar as formas do grao comparativo do adxectivo, formar o comparativo a partir do grao positivo dun adxectivo e traducir correctamente as formas de comparativo que aparezan en textos. Identificar os comparativos e superlativos irregulares.

- Coñecer o significado dos verbos deponentes e semideponentes e a súa morfoloxía. Identificar as formas de verbos deponentes e semideponentes que se propoñan e formar as mesmas a partir do enunciado verbal. Conxugar correctamente os verbos deponentes e semideponentes estudados.

- Identificar, analizar, conxugar e traducir correctamente os tempos de *eo* e *fero* e os seus compostos.

- Coñecer o léxico latino de substantivos das tres primeiras declinacións, dos adxectivos 2-1-2 e da 3.ª declinación e verbos, así como o léxico relativo aos apartados de legado e textos. Identificar a pertenza dese léxico áas distintas clases de palabras (substantivos, adxectivos e verbos).

- Definir e identificar términos da propia lingua ou das linguas romances coñecidas derivados do léxico latino estudado. Explicar a relación existente entre ambos términos.

- Identificar en textos traducidos de autores latinos elementos relativos aos aspectos estudados no apartado de legado relativos á tradición clásica e o legado de Roma, sinalando e distinguindo o que de carácter xeral e de visión particular nos transmite o autor latino. Elaborar esquemas ou enunciados concisos e claros sobre o contido do texto traducido. Identificar aqueles aspectos e enfoques do texto vixentes na actualidade ou ben que consideramos superados e as razóns pertinentes.

- Coñecer o significado do léxico latino estudado ata o momento e que apareza nos textos latinos propostos. Identificar a relación etimolóxica entre o vocabulario do texto e o das linguas do alumno.

- Identificar nos textos latinos propostos os elementos básicos da morfoloxía estudados ata o momento, con especial énfase naqueles relativos á unidade: grao comparativo, verbos deponentes e semideponentes e verbos irregulares *eo* e *fero* e os seus compostos. Detectar as variantes e coincidencias que existan coas linguas romances do alumnado.

- Traducir coa maior fidelidade posible os textos latinos propostos a tal fin.

- Identificar os cambios fonéticos que se produciron na evolución do latín: os grupos iniciais *cl-*, *fl-* e *pl-* latinos pasaron a ll- en casteláo e a ch- en galego, en cambio, en catalán mantivéronse; o grupo interior de palabra *-li-* latino pasou a -j- en castelán e a -ll- en catalán e en galego.

- Recoñecer e saber aplicar correctamente latinismos e términos de orixge latina: *referéndum* e *vis cómica*.

- Coñecer o legado de Roma en Europa. A presenza de Roma en Grecia e en Hispania: hispanos ilustres.

Criteriosde avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
1. Coñecer e explicar as principais etapas no proceso de Roma, así como os seus fitos	**B4.**1.1. Describe os principais fitos históricos e os aspectos máis significativos da romanización en Europa e analiza a súa influencia no devir histórico posterior.	CEC, CSC
	B4.1.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Europa, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país.	CEC, CSC
2. Distinguir os diferentes tipos de palabras a partir do enunciado, recoñecendo os distintos formantes destas palabras.	B2.2.1. Identifica polo enunciado diferentes tipos de palabras en latín, diferenciando unhas doutras e clasificándoas segundo a súa categoría e declinación.	CCL, CAA
	B2.2.2. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos e buscando exemplos doutros términos nos que estean presentes.	CCL, CAA
3. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da declinación e declinalas correctamente.	B2.3.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	CMCT, CAA
4. Distinguir as oracións simples das compostas.	B3.4.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións compostas, diferenciándoas con precisión das oracións simples e explicando en cada caso as súas características.	CLC, CMCT, CAA
5. Coñecer o significado dos verbos deponentes e semideponentes e a súa morfoloxía. Conxuga correctamente os verbos deponentes e semideponentes estudados.	B2.5.1. Clasifica verbos segundo a conxugación partindo do enunciado e describindo os trazos polos que se recoñecen os distintos modelos de flexión verbal.	CLC, CMC
	B2.5.2. Identifica as formas de verbos deponentes e semideponentes que se propoñan e forma as mesmas a partir do enunciado verbal.	CLC, CMC
6. Identifica, analiza, conxuga e traduce correctamente os	B2.6.1. Traduce ao galego diferentes formas verbais latinas comparando o seu	

tempos de *eo* e *fero* e os seus compostos.	uso en ambas linguas.	CLC, CMCT,
7. Coñecer e traducir os principais prefixos e sufixos.	B5.7.1. Explica no léxico latino o significado que aportan os prefixos *sub*- e *in*-, e o sufixo -*ax* -*acis*.	CLC, CMCT, SIEP, CD
	B5.7.2. Deduce o significado das palabras latinas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñece.	CLC, CMCT, SIEP, CD
	B5.7.3. Identifica e explica términos transparentes, así como as palabras de Uso de procedencia latina.	CLC, CMCT, SIEP, CD
	B5.7.4. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos e buscando exemplos doutros términos nos que estean presentes.	CLC, CMCT, SIEP, CD
8. Identificar e explicar os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos estudiantes.	B6.8.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común na lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	CLC, CMCT,
	B6.8.2. Realiza evolucións de términos latinos a distintas linguas romances aplicando as regras fonéticas de evolución.	CLC, CMCT, SIEP

9. Identificar os elementos básicos da morfoloxía e a sintaxe, aprezando as variantes e as coincidencias que existen coa propia lingua.	B6.9.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal latina, explicando as funcins que realizan dentro dá oración e ilustrando con exemplos a forma adecuada de traducilos.	CLC, CMCT, SIEP
	B6.9.2 Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos de dificultade graduada, identificando as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan no contexto.	CLC, CMCT, SIEP
10. Identificar [illegible] Temas en textos.	B6.10.1. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.	CLC, CMCT,
	B6.10.2. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global.	CLC, CMCT, CAA
11. Traducir as oracións e textos propostos con corrección á lingua propia.	B5.11.1. Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que entrañen dificultade identificando entre varias acepcións o sentido máis adecuado para a tradución do texto.	CD, CLC, CAA
12. Identificar os cambios [illegible]	B1.12.1. Aplica correctamente a regra de evolución do latín que se estuda na unidade ás palabras latinas propostas (o *s* inicial latino seguido doutra consoante desenvolveu unha vogal -e protética).	CD, CCL, CMCT,
	B1.12.2. Deduce o significado das palabras das linguas do Estado español a partir dos étimos latinos.	CD, CCL, CMCT,
13. Utilizar adecuadamente na propia lingua os latinismos estudados na unidade.	B6.13.1. Comprende o significado dos principais latinismos e expresións latinas que se incorporaron á lingua falada.	CLC, SIEP, CEC
14. Coñecer o legado de Roma en Grecia.	B4.14.1. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Europa (Grecia), sinalando a influencia na historia posterior.	CD, CEC, CSC

15. Coñecer o legado de Roma en Hispania.	B4.15.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.	CEC, CSC, SIEP, CD
	B4.15.2. Localiza nun mapa os principais ex emplos de edificacións públicas romanas que forman parte do noso patrimonio, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e cronoloxía aproximada.	CEC, CSC, SIEP, CD

5.4. AVALIACIÓN

5.4.1. Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe

Evidentemente, e tendo en conta o anterior, seguimos o marcado polas disposicións, en concreto o Decreto 86/2015. Temos que considerar que a avaliación é unha actividade imprescindible nas tarefas docentes. Toda acción educativa debe ir acompañada dun proceso que valore e introduza propostas de mellora e que guíe e informe aos participantes (profesorado, alumnado…) sobre o desenvolvemento dos procesos educativos e das súas posibles modificacións. Plantexamos a avaliación como unha actividade cunha dimensión estimativa e investigadora, que facilita o cambio educativo e o desenvolvemento profesional dos docentes.

A avaliación proposta neste curso e materia, atendendo ao sinalado sobre as competencias, identifícase coas seguintes características: debe ser *continua*, durante todo o proceso educativo; *integradora*, tendo en conta as capacidades xerais establecidas nos obxectivos na etapa e na materia de latín; formativa, *cualitativa e contextualizada*, vinculada ao seu entorno e a un proceso concreto de ensino e aprendizaxe.

Con estas premisas, reproducimos en función dos bloques sinalados os criterios de avaliación seguindo o disposto no

Decreto 86/2015, para o cal remitimos, dada a súa extensión, sobre a correspondencia cos estándares:

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances

B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina.

B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da mayoría das linguas faladas en Europa hoxe. B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.

B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas no Estado español, clasificalas e localizalas, e delimitar o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo, recoñecendo as súas características.

B1.5. Distinguir as principais etapas na evolución do latín e recoñecer e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.

B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética, e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán partindo dos étimos latinos.

Bloque 2. Sistema de lingua latina: elementos básicos

B2.1. Recoñecer sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.

B2.2. Distinguir as fases da evolución do alfabeto latino, desde a súa orixe ata o alfabeto da época clásica.
B2.3. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas.

B2.4. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas da pronuncia en latín e distinguir os seus tipos.

Bloque 3. Morfoloxía

B3.1. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.
B3.2. Distinguir os tipos de palabras a partir do seu enunciado.
B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación.

B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas con corrección.

B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente.

B3.6. Analizar o funcionamento dos temas verbais latinos de presente e de perfecto, e recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir deles, tanto en activa como en pasiva.

B3.7. Diferenciar formas persoais e non persoais do verbo, e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha.

B3.8. Traducir ao galego as formas verbais latinas, e comparar os sistemas verbais.

Bloque 4. Sintaxe

B4.1. Coñecer e analizar as función das palabras na oración.

B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos, identificar as principais función que realizan na oración e saber traducir os casos ao galego adecuadamente.

B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego.
B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.

B4.5. Distinguir as oracións simples das oracións das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas.

B4.6. Coñecer as función das formas non persoais nas oracións: infinitivo e participio.

B4.7. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes.

Bloque 5. Roma: historia, cultura, arte e civilización

B5.1.Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu periodo correspondente e realizar eixes cronolóxicos.

B5.2. Coñecer os feitos históricos principais da romanización de Hispania e de Gallaecia, e realizar eixes cronolóxicos.

B5.3.Recoñecer as pegadas da romanización nos principais depósitos arqueolóxicos e museos.
B5.4. Coñecer a organización política e social de Roma e recoñecer o seu mantemento actual.
B5.5. Coñecer as principais divindades e héroes da mitoloxía grecolatina.

B5.6. Coñecer divindades, mitos, héroes e lendas latinas principais, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os héroes antigos e actuais.

B5.7.Coñecer e comparar coas actuais as características da relixiosidade e da relixión latinas, os cultos privados e os ritos funerarios.

B5.8.Coñecer as características fundamentais da arte romana e describir algunas das súas manifestacións máis importantes.

B5.9.Identificar os trazos máis destacados das edificacións públicas e do urbanismo romano, e sinalar a súa presenza dentro do patrimonio histórico do Estado español e Europa.

B5.10.Describir a estrutura e o funcionamento do exército romano, e distinguir as etapas da súa evolución.

Bloque 6. Textos

B6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, síntácticos e léxicos da lingua latina para a interpretación, a tradución e a retroversión de textos de dificultade progresiva.

B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.

B6.3. Usar correctamente manuais e diccionarios, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.
B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario de contido e da estrutura de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.

B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.

B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva.

Bloque 7. Léxico

B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.

B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta.

B7.3. Establecer mediante mecanismos de inferencia as relación existentes entre determinados étimos latinos e os derivados en linguas romances.

B7.4 Identificar e explicar os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do estudantado.

B7.5. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas no contexto axeitado.

5.4.2. Procedementos de avaliación

A avaliación abordarase atendendo ás consideracións e aos puntos marcados pola normativa vixente para a educación secundaria e basearase na consecución das **competencias clave,** na adquisición dos **coñecementos e contidos** programados para o curso e no logro dos **obxectivos** da materia. Esta avaliación será **continua**, aínda que pola organización do curso escolar realizarase por trimestres. Isto permitirá artellar as medidas de recuperación, de seren necesarias, adecuadas ao longo do curso. En relación con isto hai que indicar:

-Avaliación Ordinaria

Tres sesións de avaliación, unha por trimestre, nas que se irán comprobando o grao de consecución das competencias, contidos, recuperación de matéria pendente de avaliacións anteriores, e obxectivos. Cando se avalie positivamente unha avaliación, consideraranse recuperadas as anteriores.

-Avaliación Extraordinaria

Se as avaliacións ordinarias diagnostican o fracaso do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado ao longo do curso, realizarase unha proba extraordinária que incluiría os contidos mínimos para a avaliación positiva.

5.4.3. Criterios de cualificación

A cualificación de cada unha das avaliacións e a nota final de curso será obtida a partir das cualificacións das probas escritas (unha ou dúas por avaliación) que se realizarán despois de cada bloque de contidos, coas actividades correspondentes.

Asímesmo, serán tidas en conta para as cualificacións as intervencións orais nas clases, os traballos individuais ou grupais sexan encomendados ou voluntários (atendendo a indicadores como pulcritude e limpeza, corrección na escrita, extensión acaída, boa disposición do contido, etc), corrección integral do caderno de clase (presentación, realización correcta e en tempo das tarefas, limpeza, bo estado do mesmo, orde, redacción, ortografía, etc.), as lecturas encomendadas (no seu caso), as mostras de interese e participación (tanto na aula como nas saídas), a creatividade, etc. a resolución correcta de actividades e, en xeral, o resultado positivo de calquera das actividades consideradas instrumentos de avaliación realizados. Tamén será tido en conta o traballo diário, o cal implica a valoración do esforzo continuado do alumnado e a adquisición eficaz de hábitos durante o curso. Como quedou xa apuntado, estes aspectos (traballo diario, participación, mostra de interese, corrección na realización das tarefas e do caderno, etc.)

O 70 % da nota corresponderá ás probas escritas (unha ou dúas por avaliación) e o restante 30 % (actividades, libro e probas) atenderá ás actividades antes mencionadas, así como á disposición activa e participativa e o interese amosado poloalumnado.

As probas escritas recollerán os contidos linguísticos, culturais e históricos correspondentes aos temas estudados. O profesor poderá, se é o caso, realizar unha recuperación destas probas.

Serán valoradas de xeito bo as actitudes que redunden no normal desenvolvemento das clases, o respecto polos compañeiros/as, polo profesorado e pólas normas da aula. Serán tidas positivamente en conta en canto a valoracións as saídas e intervencións voluntarias do alumnado (sobre todo se son acertadas en canto á resolución correcta dos temas e tarefas propostos), a dinámica de atención ás explicacións e os traballos realizados *motu proprio*, ademais do esforzo individual na boa realización dos traballos encomendados.

A cualificación da avaliación ordinária obterase em función da nota media das tres avaliacións (tendo en conta tamén, se fose o caso, a nota das recuperación/s). Neste sentido cómpre sinalar que é imprescindible que para superar a materia en cada unha das avaliacións ten que figurar unha cualificación de como mínimo un 4. Porén, tamén se terá en conta a evolución do alumnado en interese, esforzo, etc. ao longo do curso.

Na avaliación extraordinária, a proba escrita obxectiva seguirá as mesmas pautas ou o mesmo modelo sinalado. En todo caso, os mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva terán a ver coa adquisición dos contidos mínimos.

Evidentemente serán os resultados académicos que o alumnado obteña nas distintas probas e en cada avaliación os que contribuirían en alto grao a definir un mapa de logros. A porcentaxe de resultados positivos e negativos medirán a dimensión destes. Consideramos que este cálculo poderíase definir tendo en conta o seguinte: se os resultados académicos positivos (das distintas probas, das avaliacións) non acadasen o 50 % o indicador sería negativo; se fosen do 50-60 % o indicador sería aceptable; se fose do 60-70, bo; se do 70-80 notable, e se superase iso, óptimo.

5.4.4. Organización de actividades de seguemento, recuperación e avaliación da materia pendente

No caso dun repetidor/a, cómpre establecer un plan personalizado para superar as dificultades e recuperar a materia pendente, a partir dos contidos mínimos do curso. En función das características do alumnado delimitarase unha serie de actividades que contemplen un reforzo da materia, impulsando tarefas de revisión e repaso distribuídas por cada trimestre en relación cos contidos mínimos.

Por outra banda, durante o curso é necesaria unha avaliación de diagnose continua que permita artellar as medidas de reforzo e recuperación necesarias para que o alumnado con dificultades específicas sexan atendidos personalizadamente ou para modificar/adaptar os obxectivos, contidos ou métodos que non teñan os resultados

previstos no proceso de ensino-aprendizaxe.

Con esta finalidade o alumnado deberá realizar unha serie de tarefas e exercícios prácticos entregados polo profesor correspondentes a cada avaliación. Polo tanto, será trimestral e terá a ver cos contidos dos que debe amosar coñecemento.

En canto a actividades de avaliación, ademais de valorar positivamente a corrección das tarefas encomendadas e a súa entrega en prazo e forma, que computará cun50 % da cualificación, o restante 50 % corresponderase côa proba obxectiva que se realizará trimestralmente.

Esta terá en conta os contidos cos que se foi traballando no curso. A superación da materia de cada trimestre suporá ao aprobado da materia, seguindo o apuntado antes. Do contrario, en setembro haberá outra convocatoria para o alumnado que non fose quen de dita superación.

Os criterios de avaliación son os mesmos que antes se sinalaron.

6. LATÍN 2º de BACHARELATO

6.1. CONTIDOS SECUENCIADOS E TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓN

Referencia: Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo

que se estabelece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, no Anexo I apartado 23 correspondente a Latin; Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Atenderase ao disposto polo Grupo de Traballo de Latín da CIUG.

1º TRIMESTRE		**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances	Mantemento de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	1.1.1., 1.2.1., 1.2.2.
Bloque 2. Gramática	Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares. Identificar, declinar e traducir toda as formas nominais e pronominais.	2.1.1.,2., 2.1,2.3.1., 2.4.1.2.4.2., 2.5.1., 2.5.2., 3.1.1., .3.2.1., 3.3.1.,3.4.1., 3.5.1.,
Bloque 3. Roma: historia, cultura, arte e civilización.	Enumerar os principais factores da transmisión da literatura latina ao longo dos períodos históricos, e describir os soportes da escritura na Antigüidade e a súa evolución.	4.1.1., 4.2.1., 4.3.1., 4.3.2., 4.4.1., 4.5.1., 4.5.2.
Bloque 4. Léxico	Ampliación de vocabulario básico latino: léxico literario, científico	5.5.1., 5.5.2., 5.5.3.,

e toponimia.	e filosófico.	5.5.4., 5.5.5.
Bloque 5. Textos	Tradución e Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos. Interpretación de textos latinos.	6.1.1., 6.2.1., 6.2.2., 6.3.1., 6.4.1.,

2º TRIMESTRE		ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances	Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.	1.1.1., 1.2.1., 1.2.2.
Bloque 2. Gramática	Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de todas as formas verbais. Coñecer e aplicar os coñecementos da sintaxe nominal e pronominal para a tradución de textos latinos.	2.1.1., 2.2.1, 2.3.1., 2.4.1.2.4.2., 2.5.1.,
Bloque 3. Roma: historia, cultura, arte e civilización.	Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.	4.1.1., 4.2.1., 4.3.1., 4.3.2., 4.4.1., 4.5.1. ,4.5.2.
Bloque 4. Léxico e toponimia.	Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.	5.5.1., 5.5.2., 5.5.3., 5.5.4., 5.5.5.
Bloque 5. Textos	Identificación das características formais dos textos.	6.1.1., 6.2.1., 6.2.2., 6.3.1., 6.4.1.,

3º TRIMESTRE		ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Bloque 1. O latín, orixe das linguas	Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao	1.1.1., 1.2.1., 1.2.2.

romances	castelán.	
Bloque 2. Gramática	Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas en interpretación e tradución de textos latinos.	2.1.1., 2.2.1, 2.3.1., 2.4.1.2.4.2., 2.5.1., 2.5.2., 3.1.1., .3.2.1., 3.3.1. ,3.4.1., 3.5.1.,

	Definir, comprender e recoñecer os diferentes tipos de oracións compostas coordinadas e subordinadas. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo: infi-nitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino.	
Bloque 3. Roma: historia, cultura, arte e civilización.	Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.	4.1.1., 4.2.1., 4.3.1., 4.3.2., 4.4.1., 4.5.1. ,4.5.2.
Bloque 4. Léxico e toponimia.	Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria.	5.5.1., 5.5.2., 5.5.3., 5.5.4., 5.5.5.
Bloque 5. Textos	Identificación das características formais dos textos. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega.	6.1.1., 6.2.1., 6.2.2., 6.3.1., 6.4.1.,

6.2. METODOLOXIA

A metodoloxía didáctica de Bacharelato debe presentar as seguintes características:

- Favorecerá a capacidade do alumno para aprender en por si, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación.

- Subliñará a relación dos aspectos teóricos da materia coas súas aplicacións prácticas na sociedade.

Consideramos que, de forma xeral, o proceso de ensino/aprendizaxe ha de realizarse mediante as seguintes actividades, que aplicaremos en cada tema:

METODOLOXÍA. ACTIVIDADES DIDÁCTICAS.	
Actividades de introdución e coñecementos previos	Han de introducir o interese do alumno polo que respecta á realidade que han de aprender. Son as que se realizan para coñecer as ideas, opinións,
Actividades de desenvolvemento	Son as que permiten coñecer os conceptos, os procedementos ou as
Actividades de sínteses- resumen	Son aquelas que facilitan a relación entre os distintos contidos
Actividades de consolidación, recuperación e ampliación	Permiten contrastar as ideas novas coas previas dos alumnos, así como aplicar as aprendizaxes. Son as que se programan para os alumnos que non alcanzaron os coñecementos traballados. Son as que permiten profundar nos contidos a aqueles alumnos que realizaron correctamente
Actividades de avaliación	Inclúen as actividades dirixidas á avaliación inicial, formativa e

A aplicación destas actividades aterase aos seguintes principios básicos que han de estar presentes continuamente no proceso de ensino/aprendizaxe de cada unidade didáctica:

- Selección de textos accesibles ao nivel dos alumnos. A práctica da tradución será, pois, graduada (é dicir, acorde aos coñecementos do alumno), suxestiva (polo seu contido e relación co tema tratado na unidade), continuada (para que resulte eficaz) e controlada (baixo a dirección e orientación do profesor).

- A correcta interpretación dun fragmento implicará o seu contextualización, a análise dos aspectos gramaticales, e a captación e comentario da mensaxe que nel aparece.

- Dada a dificultade de presentar textos orixinais para a transmisión de todos os conceptos culturais da unidade, recorrerase tamén á lectura de fragmentos traducidos ou bilingües de autores latinos sempre que o profesor xúlgueo pertinente.

- O comentario de texto irá, sempre que iso considérese adecuado, acompañado de material audiovisual: mapas, gráficos, diapositivas, vídeos, etc.

- Estudo dos aspectos lingüísticos e culturais debe ser coherente.

- A asimilación dos contidos lingüísticos e culturais terá o dobre obxectivo de comprender a sociedade e a cultura romana e coñecer a súa pervivencia no mundo occidental.

A aplicación metodolóxica práctica a cada unidade contará basicamente cos seguintes pasos:

1. Como **actividades de introdución, motivación e coñecementos previos** propoñemos:

- O coñecemento por parte do alumno dos obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, etc. da unidade didáctica, co fin de que saiba por onde se move e que sentido teñen as actividades que se realizan.

- Introdución motivadora por parte do profesor, onde se sinalen os elementos máis atractivos por actuais e interdisciplinares do tema que se vai a tratar.

- Debate e actividade pregunta-resposta sobre o tema introducido polo profesor, co fin de facilitar unha idea precisa de onde se parte. Para iso pódese tomar como punto de partida o texto traducido inicial de cada tema, ou algún outro dos incluídos nos materiais de Anaya que o profesor considere máis adecuado.

- Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas ou dificultades detectadas.

- Introdución de cada aspecto lingüístico, sempre que iso sexa posible, mediante as semellanzas ou pervivencia dos mesmos na lingua propia do alumno.

2.Como **actividades de desenvolvemento** inclúense:

- Lectura e comentario de textos traducidos.
- Lectura comprensiva do tema de cultura.
- Resolución de actividades do apartado de cultura.
- Elaboración de esquemas do tema de cultura.
- Resolución de exercicios de léxico.

- Resolución de exercicios sobre aspectos morfosintácticos e tradución de oracións con aplicación dos mesmos.
- Tradución dun texto orixinal proposto, realizando os seguintes pasos:

a.- Lectura previa en voz alta corrixida polo profesor. b.- Análise do vocabulario.
c.- Relacións gramaticales:

- Illar as oracións
- Recoñecer as formas gramaticales
- Establecer as relacións sintácticas

d.- Tradución.

- Descubrimento nos textos traducidos da parte lingüística, cultural e de léxico de interese para a unidade que se está traballando. Este descubrimento estará acompañado das explicacións sistematizadas do profesor cando sexa preciso. Convén que a parte propiamente informativa que se debe memorizar, reducida a contidos mínimos, quede explicitamente apuntada e encadrada no caderno de clase do alumno.

- Selección, comentario e aprendizaxe do vocabulario, que se repasará e aplicará aos textos durante todos os temas.

Este é o conxunto total de actividades de desenvolvemento que cada unidade ofrece. É o profesor, á vista do ritmo de aprendizaxe do grupo e da diversidade do mesmo, así como dos seus propios intereses quen decidirá cales realizar con maior profusión e cales non.

3. **Actividades de sínteses-resumen**:

- Análise e comentario dun texto final. Entendemos por análise o comentario gramatical completo do texto traducido, que debe comprender, ademais das relacións gramaticales entre os seus elementos, a relación existente entre os distintos parágrafos do texto. O comentario de texto, tras captar e comentar as ideas principais que se nos transmiten, emite xuízos e achega opinións que non están directamente no texto. Consideramos conveniente realizar esta actividade tras a tradución, pois comporta a vantaxe de non emitir xuízos previos ao coñecemento directo do texto.

- Visualización da materia lingüística e cultural incluída en cada unidade mediante gráficos, paradigmas, esquemas, mapas, etc.

4. **Actividades de consolidación, recuperación e ampliación:**

Ao final realizaranse actividades sobre os catro apartados en que se estrutura cada tema: legado, léxico, lingua e textos partindo dun texto. O profesor poderá realizalas con actividades ou textos da unidade non traballados ata o momento nas de desenvolvemento. A finalidade destas será:

- Realización de exercicios apropiados e o necesariamente abundantes e variados que sexa preciso, co fin de afianzar os contidos lingüísticos, culturais e léxicos traballados no tema.

- Co fin de atender a aqueles alumnos que expoñan problemas na asimilación dos diversos contidos, prepararanse exercicios de dificultade graduada e breves para os temas lingüísticos e léxicos; para os temas culturais pediráselles a realización de breves lecturas e esquemas das mesmas, sempre acompañados da axuda do profesorado.

- Mentres se realizan estas actividades de recuperación, aqueles alumnos que alcanzasen satisfactoriamente os contidos propostos, realizarán tarefas preparadas de antemán para profundar nos mesmos, como realización de pequenos traballos de investigación sobre temas culturais, lecturas complementarias e ampliación de léxico da propia lingua relacionado co tema, mediante dicionarios ou textos apropiados.

5. Actividades de avaliación

Ademais da observación directa do traballo dos alumnos en clase, ao final de cada unidade temática poderanse realizar probas orais ou escritas co fin de analizar a consecución dos obxectivos propostos. Estas probas, como é lóxico, deberán ter en conta os obxectivos e contidos comentados ao comezo de cada tema aos alumnos.

6.3 AVALIACIÓN

6.3.1. Criterios de avaliación

Para avaliar os contidos da materia podense utilizar os seguintes procedimentos e instrumentos de avaliación. Referencia: Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia:

BLOQUE 1. O latín, orixe das linguas romances

B1.1. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.

B1.2. Coñecer e aplicar as regras da evolución fonética e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.

BLOQUE 2. A morfoloxía

B2.1. COñecer as categorías gramaticais.

B2.2. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras

B2.3. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto latino e enuncialas.

B2.4. Identificar, declinar e traducir toda as formas nominais e pronominais.

B2.5. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de todas as formas verbais.

BLOQUE 3: A Sintaxe

B3.1. Coñecer e aplicar os coñecementos da sintaxe nominal e pronominal para a tradución de textos latinos.

B3.2. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas.

B3.3. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas en interpretación e tradución de textos latinos.

B3.4. Definir, comprender e recoñecer os diferentes tipos de oracións compostas coordinadas e subordinadas.

B3.5. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino.

BLOQUE 4: A Literatura

B4.1. Enumerar os principais factores da transmisión da literatura latina ao longo dos períodos históricos, e describir os soportes da escritura na Antigüidade e a súa evolución.

B4.2. Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores, as obras máis representativas e as súas influencias na literatura posterior.

B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura latina como base literaria da literatura e da cultura europea e occidental.

B4.4. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo xénero, época, características e estrutura, se a extensión da pasaxe o permite.

B4.5. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior.

BLOQUE 5: Toponimia e Léxico

B6.1. Coñecer, identificar e traducir termos latinos pertencentes ao vocabulario especializado: léxico literario, científico e filosófico.

B6.2. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.

B6.3. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.

B6.4. Recoñecer a presenza de latinismos e helenismos na linguaxe científica e na fala culta, e deducir o seu significado a partir dos correspondentes termos latinos e gregos.

BLOQUE 6. Textos

B5.1. Realizar a tradución e interpretación de textos latinos orixinais.

B5.2. Utilizar o dicionario, analizar e valorar correctamente a información gramatical que proporciona e procurar o termo máis acaído na lingua propia para a tradución do texto.

B5.3. Realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos de autores latinos.

B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos. B5.5. Identificar as características formais dos textos.

6.3.2. Estándares de aprendizaxe

LA2B1.1.1. Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso.

LA2B1.2.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino.

LA2B1.2.2. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia, e ilustralo con exemplos.

LA2B2.1.1. Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen.

LA2B2.2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nosque estean presentes.

LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado. LA2B2.4.1. Identifica con seguridade e axudándose do diccionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán.

LA2B2.4.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.

LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co diccionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán

LA2B2.5.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.

LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución.

LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza.

LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaos para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán.

LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan.

LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.

LA2B4.1.1. Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo.
LA2B4.2.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.

LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina.

LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas.

LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen.

LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea.

LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sérvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben.

LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.

LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto.

LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.

LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.

LA2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.

LA2B6.1.1. Identifica e explicatermos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán.

LA2B6.2.1. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza.

LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán.

LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica. LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.

6.3.3. Graos mínimos esixibles

LA2B1.1.1. Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso.

LA2B1.2.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino.

LA2B2.1.1. Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen.

LA2B2.2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nosque estean presentes.

LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado.

LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co diccionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán

LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza.

LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaos para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán.

LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.

LA2B4.2.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.

LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina.

LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas.

LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen.

LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto.

LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.

LA2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.

LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán.

LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica.

6.3.4. Procedementos de avaliación

A avaliación abordarase atendendo ás consideracións e aos puntos marcados pola normativa vixente para a educación secundaria e basearase na consecución das **competencias clave,** na adquisición dos **coñecementos e contidos** programados para o curso e no logro dos **obxectivos** da materia. Esta avaliación será **continua**, aínda que pola organización do curso escolar realizarase por trimestres. Isto permitirá artellar as medidas de recuperación, de seren necesarias, adecuadas ao longo do curso. En relación con isto hai que indicar:

-Avaliación Ordinaria

Tres sesións de avaliación, unha por trimestre, nas que se irán comprobando o grao de consecución das competencias, contidos, recuperación de matéria pendente de avaliacións anteriores, e obxectivos. Cando se avalie positivamente unha avaliación, consideraranse recuperadas as anteriores.

-Avaliación Extraordinaria

Se as avaliacións ordinarias diagnostican o fracaso do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado ao longo do curso, realizarase unha proba extraordinária que incluiría os contidos mínimos para a avaliación positiva.

6.3.5. Instrumentos de avaliación

Tendo en conta o anterior, os instrumentos serán:

1.Esquemas e resumos de textos e comentarios dos mesmos.

2.Actividades de busca de fontes diversas, incluídas as TIC, e comentários de textos, mensaxes ou imaxes.

3.Actividades sobre etimoloxías das palabras aplicando as regras evolutivas e coñecemento e comparación cós termos herdados, distinguindo os patrimoniais dos cultismos.

4.Actividades sobre formacións de palabras e coñecemento de vocabulários específicos.

5. Emprego de latinismos en distintos textos.

6.Comprensión e uso dos paradigmas latinos.

7.Prácticas elementais de análise morfosintáctica e tradución e retroversión correspondentes.

8.Uso das TIC como instrumento para a realización de tarefas, central ou complementário em función das mesmas.

6.3.6. Criterios de cualificación

A cualificación de cada unha das avaliacións e a nota final de curso será obtida a partir das cualificacións das probas escritas (unha ou dúas por avaliación) que se realizarán despois de cada bloque de contidos, coas actividades correspondentes.

Asímesmo, serán tidas en conta para as cualificacións as intervencións orais nas clases, os traballos individuais ou grupais sexan encomendados ou voluntários (atendendo a indicadores como pulcritude e limpeza, corrección na escrita, extensión acaída, boa disposición do contido, etc), corrección integral do caderno de clase (presentación, realización correcta e en tempo das tarefas, limpeza, bo estado do mesmo, orde, redacción, ortografía, etc.), as lecturas encomendadas (no seu caso), as mostras de interese e participación (tanto na aula como nas saídas), a creatividade, etc. a resolución correcta de actividades e, en xeral, o resultado positivo de calquera das actividades consideradas instrumentos de avaliación realizados. Tamén será tido en conta o traballo diário, o cal implica a valoración do esforzo continuado do alumnado e a adquisición eficaz de hábitos durante o curso. Como quedou xa apuntado, estes aspectos (traballo diario, participación, mostra de interese, corrección na realización das tarefas e do caderno, etc.)

O 70 % da nota corresponderá ás probas escritas (unha ou dúas por avaliación) e o restante 30 % atenderá ás actividades antes mencionadas, así como á disposición activa e participativa e o interese amosado polo alumnado.

As probas escritas recollerán os contidos linguísticos, culturais e históricos correspondentes aos temas estudados. O profesor poderá, se é o caso, realizar unha recuperación destas probas.

Serán valoradas de xeito bo as actitudes que redunden no normal desenvolvemento das clases, o respecto polos compañeiros/as, polo profesorado e pólas normas da aula. Serán tidas positivamente en conta en canto a valoracións as saídas e intervencións voluntarias do alumnado (sobre todo se son acertadas en canto á resolución correcta dos temas e tarefas propostos), a dinámica de atención ás explicacións e os traballos realizados *motu proprio*, ademais do esforzo individual na boa realización dos traballos encomendados.

A cualificación da avaliación ordinária obterase em función da nota media das tres avaliacións (tendo en conta tamén, se fose o caso, a nota das recuperación/s). Neste sentido cómpre sinalar que é imprescindible que para superar a materia en cada unha das avaliacións ten que figurar unha cualificación de como mínimo un 4. Porén, tamén se terá en conta a evolución do alumnado en interese, esforzo, etc. ao longo do curso.

Na avaliación extraordinária, a proba escrita obxectiva seguirá as mesmas pautas ou o mesmo modelo sinalado. En todo caso, os mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva terán a ver coa adquisición dos contidos mínimos.

Evidentemente serán os resultados académicos que o alumnado obteña nas distintas probas e en cada avaliación os que contribuirían en alto grao a definir un mapa de logros. A porcentaxe de resultados positivos e negativos medirán a dimensión destes. Consideramos que este cálculo poderíase definir tendo en conta o seguinte: se os resultados académicos positivos (das distintas probas, das avaliacións) non acadasen o 50 % o indicador sería negativo; se fosen do 50-60 % o indicador sería aceptable; se fose do 60-70, bo; se do 70-80 notable, e se superase iso, óptimo.

6.3.7. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente

No caso dun repetidor/a, cómpre establecer un plan personalizado para superar as dificultades e recuperar a materia pendente, a partir dos contidos mínimos do curso. En función das características do alumnado delimitarase unha serie de actividades que contemplen un reforzo da materia, impulsando tarefas de revisión e repaso distribuídas por cada trimestre en relación cos contidos mínimos.

Por outra banda, durante o curso é necesaria unha avaliación de diagnose continua que permita artellar as medidas de reforzo e recuperación necesarias para que o alumnado con dificultades específicas sexan atendidos personalizadamente ou para modificar/adaptar os obxectivos, contidos ou métodos que non teñan os resultados previstos no proceso de ensino-aprendizaxe.

Com esta finalidade o alumnado deberá realizar unha serie de tarefas e exercícios prácticos entregados polo profesor correspondentes a cada avaliación. Polo tanto, será trimestral e terá a ver cos contidos dos que debe amosar coñecemento. En canto a actividades de avaliación, ademais de valorar positivamente a corrección das tarefas encomendadas e a súa entrega en prazo e forma, que computará cun50 % da cualificación, o restante 50 % corresponderase côa proba obxectiva que se realizará trimestralmente. Esta terá en conta os contidos cos que se foi traballando no curso. A superación da materia de cada trimestre suporá ao aprobado da materia, seguindo o apuntado antes. Do contrario, en setembro haberá outra convocatoria para o alumnado que non fose quen de dita superación.

Os criterios de avaliación son os mesmos que antes se sinalaron.

6.4. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Cada alumno/a é distinto dos demais en coñecementos, ideas, crenzas, sistema de valores. As capacidades, ritmos de desenvolvemento e de traballo e estilo de aprendizaxe tamén son diferentes. De aí que este apartado teña que contemplar estas situacións previas peculiares e propias, atendendo as necesidades psicolóxicas e educativas para poder acadar os obxectivos ou amplialos e extendelos naqueles casos en que os conseguisen. En relación con isto contémplanse tarefas para o traballo individual e en pequenos grupos heteroxéneos que comprometa a todos os integrantes no proceso e así se aproveiten as capacidades de todos/as en conxunto. Isto vai requerir un seguimento personalizado para desenvolver ao máximo as capacidades e potencialidades, tanto desde o punto de vista da diversidade individual como da diversidade no grupo. Neste sentido será de importancia un conxunto de marcadores

como a diversidade na comprensión, a diversidade de capacidade e desenvolvemento, a de interesse e motivación, a de resolución de problemas, a de comunicación, etc.

6.5 CONCRECIÓN DA TRANSVERSALIDADE.

Seguindo o indicado no Decreto 86/2015, no arto 4 do seu Título Preliminar en relación cos elementos tranversais, partimos de que o obxectivo básico é o exercicio da educación entendida como un proceso de maduración humana, que estimule o interese polo estudo e o espírito de superación, e que fomente a integración social e a realización a todos os niveis do alumnado.

Desde a materia preténdese transmitir unha serie de valores ao alumnado para a súa asunción e aplicación cotiá. Entre eles:

-aprender a ser responsable, para formarse axeitadamente como persoas, atendendo a: -responsabilidade cun mesmo/a;

-responsabilidade coas tarefas a realizar; -responsabilidade coa sociedade.

-aprender a ser respectuoso/a, para acadar unha convivencia equilibrada:-aprender a ser respectuoso/a cun mesmo/a; -aprender a ser respectuoso/a cos demais; -aprender a ser respectuoso/a co entorno; -aprender a ser respectuoso/a coa diferenza.

-aprender a ser empático/a de cara a fortalecer as relacións humanas e a comunicación interpersoal: -sensibilidade cos demais; -solidariedade e amizade; -cooperación; -civismo.

-aprender a autorregularse de cara a afrontar positivamente os impulsos e as relacións humanas: -autocoñecemento; -autocontrol emocional; aceptación das normas democráticas; -civismo.

Por outra banda, e tendo en conta o que se indica sobre comprensión lectora, expresión oral e escrita, etc (*ibidem)* e tendo en conta a necesidade de actuar neste eido, aproveitando o plan lector do centro, consideramos algunhas propostas de traballo de onde xurdan procesos implicados na competencia lectora:

-adquirir e consolidar o hábito lector e mellorar a competencia lectora individual: favorecer o uso correcto (oral e escrito) das linguas de ensino-aprendizaxe.

-consecución das competencias curriculares: axuda na comprensión lectora de textos que deben manexar os alumnos/as nas tarefas escolares; apropiación do vocabulario específico de cada área.

-comprender globalmente (capacidade para identificar a idea principal do texto)

-obter información (capacidade para extraer información do texto)

-elaborar unha interpretación (inferir a partir do lido): realización ordenada e responsable de exposicións, debates, etc.

-reflexionar sobre o contido do texto (relacionar cos coñecementos previos e comparar) tanto individual como grupalmente mediante pautas conveniadas ou acordadas.

-reflexionar sobre a estrutura do texto (e relacionar coa utilidade e función).

Para isto, algunhas das propostas poden ser:

-dedicación á lectura naqueles temas teóricos da materia, de xeito que vai acompañada coa explicación do profesor/a. *A posteriori* o alumnado pode elaborar esquemas ou guións que axuden a estruturar os temas, a complementalos, etc. sendo ésta unha boa ferramenta de aprendizaxe.

-lectura de textos escollidos en relación co mundo clásico, en concreto, con aspectos lingüísticos e culturais da civilización romana, e tamén coa herdanza de Roma (aquí ten interesse o uso da prensa)

-lectura persoal dunha obra traducida e/ou adaptada

-elaboración dun vocabulario específico das linguas e culturas clásicas, nomeadamente da lingua latina.

-debates ou exposicións orais de ideas, opinións fundamentadas e argumentadas.

Estas propostas porán na súa execución em práctica os valores e actitudes de transversalidade antes recollidos: respecto, democracia, integración, pluralidade, non discriminación de ningún tipo, creatividade, responsabilidade, autonomía, iniciativa, traballo individual e em equipo, confianza, sentido crítico, tolerancia, convivencia.

Ademais do apuntado, as tecnoloxías da información e comunicación ofrecen novas e atractivas perspectivas no estudio das linguas e cultura clásicas que cómpre aproveitar, tanto na procura de textos, imaxes, esquemas, videos na internet, ferramentas de presentación, etc., como no acceso práctico a diversos recursos e fontes. O alumnado contará cos medios precisos para o uso e traballo no ordenador. En relación co fomento das TIC contémplase a consulta e información na internet para o estudio e realización de traballos de investigación. Neste sentido é posible contarmos na aula co acceso sinxelo a aspectos de xeografía, arqueoloxía, cinema, museos, literatura, teatro, etc., co beneficioso que todo isto pode resultar para o proceso de aprendizaxe.

Como conclusión, postúlase o fomento dos valores cívicos e democráticos das persoas, o respecto aos demais e ás diferenzas. Aspecto fundamental, en relación com isto, é a conciencia de formar parte dunha colectividade determinada constituída historicamente, no noso caso Galicia. Asumir esta dimensión forma parte tamén das tarefas

transversais. Neste sentido, unha premisa que se establece como nuclear é a de considerarmos e practicarmos a diversidade como unha riqueza.

Ademais é importante valorar hábitos de estudio e respecto ás normas acordadas democraticamente, o cal permite desenvolver as capacidades dun xeito autónomo, coñecer dereitos e deberes, exercer a tolerancia, a responsabilidade e a corresponsabilidade, a solidariedade, traballar en equipo, e rexeitar prexuízos, a violencia e as discriminacións. Como prioritario evitaranse todos os comportamentos e contidos sexistas.

6.6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Na medida do posible, se as condicións sanitarias o permitisen, poderíase visitar algún espazo arqueolóxico relacionado coa materia (sendo prácticos, sería axeitado asistir a algún recinto arqueolóxico vencellado á nosa historia antiga, por exemplo, San Cibran de Las ou Santa Tegra, Castromao ou o campamento romano de Aquis Querquennis), algún museo con restos da romanización, algunha cidade ou vila que presente relación co mundo antigo estudado, Braga, Lugo etc; e asistir de ser factible a algún espectáculo que presente relación coa materia e os seus aspectos (obra de teatro, sobre todo a do Festival de Teatro Clásico de Lugo/Tui, etc.) ou a calquera outro evento, exposición, etc. vencellado á materia.

De ser posible e segundo as condicións e desenvolvemento académico do curso o permitan, poderase realizar ao final unha Xornada de cine Clásico.

Estes actividades, de podérense facer, requirirán unha preparación previa, enlazando a explicación da mesma cos aspectos estudados en clase. Tamén poderá ser obxecto de algún tipo de traballo por parte do alumnado.

De igual xeito, sería confeccionado algún tipo de cuestionario para a súa realización por parte do alumnado, tanto *in situ* como unha vez pasado o evento. Este, ademais, requirirá dunha valoración individual e colectiva.

6.7. TRATAMENTO E FOMENTO DA LECTURA

O Dep. de Latín e grego está en disposición de colaborar activamente na consecución do Plan Lector a través do desenvolvemento da materia nas aulas. Porén, non fica na aula o seu traballo e procura que o alumnado adquira hábitos lectores e actitudes favorables cara á lectura, para o cal tentamos crear, de ser posible, ambientes favorables á lectura a través de diferentes actividades que detallamos a continuación:

- Emprego da biblioteca escolar: podemos participar activamente na dinamización da biblioteca e potenciarmos o uso da mesma por parte de todo o alumnado, co fin de potenciar o hábito e gusto pola lectura.

- Integración nun posible club de lectura no que tamén tentariamos inmiscir a todo o alumnado posible.

- Achegamento a diferentes tipos de textos, literarios e non literarios, cos que se traballa activamente nas aulas.

- Integración de diferentes fontes de información á disposición do alumnado para a elaboración dos seus traballos académicos.

6.8. TRATAMENTO E FOMENTO DAS TIC

Se ben o emprego das TIC é unha parte fundamental do noso labor nas nosas aulas, debemos ter en conta as características da nosa comunidade educativa e o acceso que o noso alumnado ten ás novas tecnoloxías. En moitos casos, o noso alumnado só se achega ás TIC no centro escolar e, polo tanto, é parte do noso labor encamiñalos cara a un uso correcto e responsable das informacións que se lles achegan dende as diferentes fontes.

Fomentamos o uso dos diferentes recursos dos que dispomos a través da realización de diferentes traballos e sempre baixo a supervisión do profesorado nas aulas de informática onde fan uso dos recursos da rede, o emprego do encerado dixital (na medida do posible) ou a realización de actividades vinculadas ás TIC, dentro e fóra das aulas.
Debemos resaltar o limitado dos recursos, con escaso número de computadores e cunha conexión á rede moi deficiente. Aínda así, inténtase tirar todo o proveito posible destes recursos.

A todo isto cómpre engadir o uso TIC no ensino online.

6.9. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Ao remate do curso en xuño realizarase a memoria final na que deben constar os graos e niveis de cumprimento da programación, así como outros aspectos como a conclusión dos indicadorres de logro, a xustificación –se é o caso- da parte non impartida, as modificacións introducidas e os motivos, as propostas de melloras para a programación do curso seguinte, a análise dos resultados das avaliacións do alumnado, etc. aspectos aos que hai que engadir en setembro os datos que correspondan.

Algúns dos aspectos que se poderán ter en conta serán, en conexión cos resultados académicos e doutros indicadores como os sinalados no punto oito desta programación, os relacionados coa planificación e estruturación da materia,

cuestión referidas á motivación do alumnado, ou o desenvolvemento, seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

7. GREGO 1º BACHARELATO

1. INTRODUCION E CONTEXTUALIZACIÓN

Tal e como se sinala no Decreto 86/2015, a presenza do grego no bacharelato achega á formación do alumnado o coñecemento dos alicerces lingüísticos, históricos e culturais do mundo ado actual. É de interese estudiar o nacemento de distintos saberes e institucións en Grecia (filosofía, democracia, xéneros literarios, o teatro), así como comprender o avance histórico que supuxo o nacemento na cultura grega do alfabeto e a incidencia do léxico grego nos vocabularios das áreas de coñecemento nas linguas actuais. De aí o grande interese para o alumnado que teña optado por unha primeira especialización dos seus estudios no campo das humanidades. Xunto co grego, cultura que Grecia asimilou e transmitiu a toda Europa, o grego constitúe un apoio insustituible da aprendizaxe dos cultismos das linguas modernas así como do vocabulario específico e técnico de múltiples áreas de coñecemento.

A coincidencia do estudio das dúas linguas clásicas no bacharelato invita a traballar parellamente e a realizar unha actividade interdisciplinar que evite duplicidades innecesarias no desenvolvemento de ambas materias.

O estudio da lingua grega nos seus aspectos morfolóxico, sintáctico e léxico non só ten un alto valor en si mesmo, por tratarse dunha lingua de estrutura e contido moi ricos, senón que ofrece posibilidades formativas moi prácticas, ao sentar unha sólida base científica para a aprendizaxe da lingua que o alumnado emprega a cotío.

A lectura comprensiva de textos gregos orixinais, sinxelos ou axeitadamente adaptados ao principio e máis complexos despois, así como a retroversión de textos da lingua usada polo alumnado, comportan a fixación das estruturas básicas e un exercicio de análise e síntese especialmente beneficioso. Con eles posibilítase un contacto coas mostras máis salientables da civilización grega nos seuss diversos aspectos.

A comparación sistemática de feitos do mundo grego cos do mundo actual resulta de grande utilidade para a eficacia da tarefa educativa.

En Grego I, tendo en conta o anterior, preténdese facer un achegamento elemental á gramática, aos textos e á civilización dos gregos. Usaranse textos orixinais ou elaborados, preferentemente en prosa, para ler, analizar, traducir ou comentar.

A necesaria reflexión gramatical debe partir da análise dos propios textos. Compararanse sistemáticamente o grego e as linguas coñecidas polo alumnado.

Os comentarios versarán fundamentalmente sobre aspectos históricos, institucionais e da vida cotiá. Poderán usarse outras fontes e actividades complementarias fóra da aula (museos, restos arqueolóxicos, representacións teatrais, monumentos, cine, numismática…) para a elaboración de traballos de carácter básico.

Non parece recomendable o emprego sistemático do dicionario latino neste primeiro nivel, aínda que si se darán instrucións e farase práctica de cómo se usa.

2. CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS E CONCRECIÓN EN RELACIÓN COS ESTÁNDARES

As competencias claves son aquelas nas que se sustentan a realización persoal, a inclusión social, a cidadanía activa e mesmo o emprego. Seguindo o disposto no Decreto 86/2015, apuntamos o seguinte en relación coa materia de grego de 1º bach.

a) Competencia en comunicación lingüística.

No marco do grego esta competencia incluiría o desenvolvemento das seguintes habilidades:

.interpretar a información nun texto descubrindo o grego como unha lingua viva cun grande legado, coñecendo a súa estrutura e achegándose á comprensión da gramática funcional das linguas europeas a través da interpretación dos elementos morfosintácticos e da práctica da tradución.

.adquirir e aprender un vocabulario específico relacionado co grego mediante o estudio da formación de palabras e os fenómenos de evolución fonética, usando a linguaxe como instrumento de comunicación, coñecendo as etimoloxías de orixe clásica do vocabulario culto e específico da ciencia e a técnica, e fomentando o interese e respecto por todas as linguas.

.recuperar a información dun texto identificando as ideas xerais e as secundarias, propoñendo exemplos e identificando os seus trazos.

.organizar a información dun texto e reflexionar sobre ela identificando presuposicións, e formando racionalmente unha opinión e xustificala.

.comunicarse correctamente, tanto oralmente como por escrito, en debates, traballos individuais ou en grupo, e mediante creación propias.

En relación cos estándares conectados aos distintos contidos, esta CCL figura en practicamente toda a materia, sobre todo nas cuestións de lingua, textos e tradución. Concretamente:

B1.2.2, B1.3.1, B1.3.2, B1.4.1, B1.5.1, B1.6.1, B1.7.1, B1.8.1, B2.1.1, B2.2.1, B2.2.2, B2.3.1, B2.4.1, B2.5.1, B2.6.1, B3.1.1,B3.2.1, B3.3.1, B3.4.1, B3.5.1, B3.5.2, B3.6.1, B3.6.2, B3.6.3, B3.6.5, B3.6.6, B3.7.1, B4.1.1, B4.2.1, B4.3.1, B4.4.1, B4.5.1, B4.6.1, B4.7.1, B4.8.1, B4.9.1, B4.10.1, B4.11.1, B4.12.1, B5.5.1, B6.1.1, B6.1.2, B6.2.2, B6.3.1, B6.4.1, B6.5.1, B6.6.1, B6.7.1, B6.8.1, B7.1.1, B7.1.2, B7.1.3, B7.2.1, B7.3.1, B7.4.1, B7.5.1

b) Competencia dixital

Preténdese o achegamento do alumnado ás fontes de información e a súa aplicación no proceso de aprendizaxe, especialmente no relativo ás novas tecnoloxías como instrumento útil e acaído para a busca de información sobre o mundo antigo, empregando páxinas *web* na recolleita de fontes, análise das mesmas e da súa comparación, e investigando posibles diverxencias e contradicións, e integración da información proporcionada por fontes diversas. Todo iso ten que unirse ao desenvolvemento da capacidade crítica do alumnado para poder valorar esas fontes (utilidade, obxectivos, grao de fiabilidade ou non, etc.). Concretando:

B1.1.1, B1.2.2, B5.1.1, B5.1.2

c) Competencia para aprender a aprender

Esta competencia permitirá o alumnado unha certa autonomía na súa relación coas fontes ás que poderá enfrontarse nos seus estudios posteriores, dotándoos dos medios precisos para tratar correctamente a información mediante técnicas e habilidades de estudio:

.reflexionar sobre a estrutura da lingua grega, investigando a orixe das palabras, estudiando o legado da lingua grega nas linguas romances e non romances e realizando actividades sobre a lingua.

.traballar con distintas fontes de información, redactando textos descritivos de carácter histórico, biográfico ou mitolóxico, elaborando xustificacións, distinguindo os factores determinantes nunha situación (causas, desenvolvemento e consecuencias) e suliñando ideas principais e secundarias.

.elaborar resumos e realizar traballos por escrito coas súas partes ben diferenciadas.

.completar textos aos que lles falte información, relacionando a parte exposta cos coñecementos previos.
Concretamos: B3.3.1, B6.2.2, B6.4.1

d) Conciencia e expresións culturais

Trataranse todas as habilidades que incidan na correcta presentación do ámbito xeográfico-espacial e temporal da civilización grega e o seu legado. Tamén se promoverán o uso da obra de arte como fonte de información e como estímulo para a formación do seu espírito estético e o respecto pola herdanza cultural e do patrimonio histórico-artístico do mundo clásico. Estas habilidades poderán ser:

.interpretación de planos de monumentos antigos.

.análise de obras de arte para sacar información histórica e social.

.valoRación da importancia do patrimonio cultural doutras épocas.

.análise da pervivencia do pasado no presente.

.interpretación dos símbolos nas obras de arte.

.adquisición dun vocabulario específico.

.representacións creativas sobre un tema.

.comparación dos diferentes estilos e correntes artísticas.

.estudio de mapas referidos ao mundo antigo e interpretación.

.interpretación das fontes iconográficas e correcta adscrición a unha época determinada.

Apuntamos os estándares conectados: B1.2.1, B5.1.1, B5.1.3, B5.1.4, B5.5.1, B5.6.1, B5.6.2, B5.6.3, B5.7.1, B5.8.1, B6.6.1

e) Competencia do sentido de iniciativa e espirito emprendedor

Trátase da potenciación de valores importantes no ser humano, como o autocontrol, a autoestima e a creatividade que permiten ao alumnado formarse como persoas e enfrontarse ás diferentes situación na vida, asumindo responsablemente a toma de decisión e a defensa da propia opinión de modo argumentado, o cal aumenta a confianzaen si mesmos/as na busca de solución aos problemas. Isto leva consigo o estímulo de toma de decisión e a elección con criterio propio, a crítica racional de posturas non compartidas, ou a defensa de posicionamentos.

O estándar que desenvolve tarefas en relación con esta competencia é o B5.4.1

f) Competencia social e cívica

Tratará de ser adquirida a través do estudio da sociedade e a política no mundo grego, para reflexionar sobre a evolución da condición da muller, a orixe do pensamento democrático, a importancia do diálogo, o respecto pola opinión dos demais, e a tolerancia cara aos outros xeitos de entender a vida. As habilidades que se potenciarán serán: a reflexión crítica sobre as ideas de democracia, liberdade, solidariedade, corresponsabilidade e participación cidadá, atendendo principalmente aos dereitos e deberes (no pasado e no presente), a empatía, o exercicio do diálogo, os debates, o uso do xuízo consciente e racional para elixir e tomar decisión e a valoración dos intereses persoais e de grupo. Conéctase con esta competencia os estándares seguintes:

B1.1.1, B1.8.1, B5.1.1, B5.2.1, B5.2.2, B5.3.2, B5.4.1, B5.4.2

g) Competencia matemática e c. en ciencia e tecnoloxía

En relación com estas competencias, proporase traballar no que se refere á medición e cómputo temporal de diversos fitos históricos, á interpretación do cálculo e proporcións como base de aspectos relacionados coa arte, á dimensión relacionada com mapas visuais e o valor de distintas escalas, a cuestión das perspectivas, etc. Tamén será importante a capacidade de situar en parámetros cronolóxicos feitos e acontecementos relevantes da historia de Grecia estudados na materia. Tamén a capacidade de xerarquizar ideas, contidos, etc. Na cuestión científica será fundamental todo tipo de tarefas e habilidades que recoñezan a importancia dos científicos gregos e as súas aportacións, a súa conexión co contexto social e cultural, a concepción da ciencia na época, etc. Sobre a tecnoloxía, ser consciente da evolución deste ámbito no mundo grego. Estas competencias podem traballarse nos temas de cultura e civilización, em concreto no referido á localización xeográfica e temporal, a arte, mais tamén em ámbitos lingúisticos como as nocións de numerais, o campo mostrativo dos pronomes, etc. En relación cos estándares indiquemos como mostra:

B5.1.2, B.5.4.1,

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

Remitimos ao sinalado no Decreto 86/2015, publicado no DOG nº 120 sobre esta materia. A aprendizaxe do Grego, artellado en sete bloques (lingua grega; sistema de lingua grega: elementos básicos; morfoloxía; sintaxe; historia, cultura, arte e civilización; textos e léxico, respectivamente) contribuirá á consecución das capacidades enunciadas nos seguintes obxectivos xerais:

- Coñecer os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua grega param se iniciar na interpretación e na traducción de textos sinxelos.
- Reflexionar sobre os elementos fundamentais que constitúen as linguas e sobre cómo éstas se inflúen

reciprocamente no espacio e no tempo: compre que o alumnado se familiarice cos elementos da lingua grega que o axuden á comprensión das modernas, entre elas a súa propia.

- Interpretar textos literarios, históricos e filosóficos, traducidos e orixinais do mundo grego antigo, comprender a súa estructura, o pensamento e a ideoloxía neles reflectido, pero de xeito crítico e con proxección ó mundo no que el vive.
- Buscar en documentos e fontes de información variadas os datos relevantes para o coñecemento da lingua, da historia e da cultura estudiadas.
- Identificar os valores principais e máis característicos establecidos pola sociedade grega, e poida facer apreciación crítica da vinculación que teñan con formas de pensar e todo tipo de manifestacións actuais.

4. CONTIDOS E SECUENCIACIÓN

Os contidos e estándares de aprendizaxe marcados desenvólvense nas seguintes unidades seguindo o Decreto 86/2015, un total de 12, que se secuencian do xeito seguinte:

UNIDADE 1	Introdución ao grego. O indoeuropeo.
UNIDADE 2	A xeografía de Grecia A declinación temática (m, f, n) O artigo e os adxectivos 2-1-2 A concordancia suxeito-verbo O presente de indicativo de eimí

UNIDADE 3	Historia de Grecia: da época arcaica á Grecia clásica. Adxectivos 2-2 Os verbos temáticos: o presente de indicativo

	Lectura e comentario.
UNIDADE 4	Historia de Grecia: da Grecia clásica ao helenismo. A 3ª declinación: temas en oclusiva. As preposicións. O infinitivo O dativo posesivo.
UNIDADE 5	Atenas e as clases sociais. A 3ª declinación: as líquidas nasais. O adxectivo-pronome interrogativo-indefinido. Formación de palabras: prefixos. Compostos de “eimí” Introdución á sintaxe das coordinadas.
UNIDADE 6	As institucións para a paz: a democracia. A 3ª declinación: temas em –nt,-r,-l. Formación de palabras: derivación e composición O participio: morfoloxía e sintaxe. Análise e Tradución. Retroversión.

UNIDADE 7	Institucións para a guerra. A guerra e o exército (Atenas, Esparta). A 3ª declinación: silbantes. Inicio do estudo dos verbos contractos. Formación de palabras: comparación e derivación.

UNIDADE 8	Sociedade, educación, lecer (teatro, deporte...) Adxectivos irregulares: “megas”, “polís”. Formación de palabras: sufixos. Os graos do adxectivo: comparativos e superlativos. Análise e Tradución. Retroversión. Helenismos e léxico.
UNIDADE 9	Relixión e mitoloxía. Introdución aos pronomes: os demostrativos. A 3ª declinación: temas vocálicos e ditongo. Verbos: o aumento. Formación de palabras: prefixos Análise e Tradución. Retroversión. Helenismos e léxico.
UNIDADE 10	Filosofía e ciencia. Os pronomes persoais. O aoristo. Formación de palabras: composición e derivación. Análise e Tradución. Retroversión.

UNIDADE 11	A literatura grega:xéneros e autores. Introdución á sintaxe da subordinación. Os pronomes de relativo.
	O futuro. Formación de palabras: composición e derivación. Análise e tradución. Retroversión.
UNIDADE 12	A arte grega.O perfecto.A voz media e pasiva. Composición e derivación. Análise e tradución. Retroversión. Helenismos e léxico. Lectura e comentario.

4.1. Temporalización

Os contidos que se concretan nas unidades citadas aparecen vertebrados en sete bloques, segundo o decreto tido como referencia, e terían unha estruturación de secuenciación e temporalización que parte da interrelación entre trimestre e avaliación. Así sería:

UNIDADES 1,2,3,4	setembro, outubro, novembro, decembro	1ª AVALIACIÓN
UNIDADES 5,6,7,8	xaneiro, febreiro, marzo	2ª AVALIACIÓN
UNIDADES 9,10,11,12	abril, maio,	3ª AVALIACIÓN

Abaixo, no esquema de concreción citado, perfilamos con maior precisión a temporalización, en función de cada unidade.

4.2. Esquema de concreción

(NOTA: O ASTERISCO QUE FIGURE NALGÚN ESTÁNDAR INDICA QUE NON É GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA. LOXICAMENTE, OS ESTÁNDARES SEN ASTERISCO EQUIVALEN DE SEU AO GRAO MÍNIMO. PARA AS COMPETENCIAS DE CADA ESTÁNDAR, HAI QUE TER EN CONTA O INDICADO NO APARTADO 2)

UNIDADE (*vid.* OS CONTIDOS no ap. 4)	**TEMPORALIZACIÓN**
UNIDADE 1	**SETEMBRO**

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Comprender a evolución das linguas e da escritura, especialmente do indoeuropeo, as linguas de Europa e a creación e transmisión do alfabeto grego.
- Transcribir nomes propios gregos mediante a aplicación da transcrición automática das grafías.
- Coñecer a clasificación dos fonemas gregos. Identificar os acentos, espíritos e signos de puntuación.
- Adquirir unha visión xeral do sistema lingüístico grego mediante un achegamento ás nocións básicas de morfoloxía e sintaxe.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua grega.	1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico no que ten lugar o nacemento da lingua grega e a súa expansión.	CSC, CMCT, CD
2. Explicar a orixe da língua grega a partir do indoeuropeo e coñecer os principais grupos familia das linguas indoeuropeas.	**2.1.*** Explica e sitúa cronolóxicamente a orixe do concepto de indoeuropeo.	CSC, CMCT, CD
	2.2. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas.	CSC, CD
3. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguirlos do alfabeto.	**3.1. *** Recoñece diferentes tipos de escritura, clasificándoos conforme á súa natureza e á súa función, e describindo os trazos que distinguen uns doutros.	CCL, CMCT, CAA, CEC, CSIEE
4. Coñecer a orixe do alfabeto grego, a súa importancia e a súa influencia nos alfabetos usados na actualidade.	4.1. Explica a orixe do alfabeto grego describindo a evolución dos seus signos a partir da adaptación do alfabeto fenicio.	CCL, CMCT, CAA, CEC, CSIEE
5. Coñecer os caracteres do alfabeto grego, escribilos e lelos coa pronunciación correcta.	**5.1.*** Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do alfabeto grego, explicando a súa evolución e sinalando as adaptacións que se producen en cada unha delas.	CCL, CMCT, CAA, CEC, CSIEE

6. Coñecer e aplicar as normas de transcrición para transcribir términos gregos á lingua propia.	6.1. Identifica e nomea correctamente os caracteres que forman o alfabeto grego, escribíndoos correctamente.	CCL, CMCT, CAA, CEC, CSIEE
7. Recoñecer mediante a lectura e a escritura textos gregos	7.1. Le e escribe palabras e oracións en grego de forma correcta.	CAA
8. Recoñecer as nocións básicas de morfoloxía e sintaxe da lingua grega.	8.1. Distingue palabras variables e invariables explicando os trazos que permiten identificalas e definindo criterios para as clasificar.	CCL, CMCT
	8.2. Compara estruturas gregas coas da propia lingua, establecendo semellanzas e diferenzas.	CCL, CMCT
9. Coñecer as normas de transcrición e aplicalas con corrección na transcrición de	9.1. Aplica a nomes propios gregos a transcrición de grafías gregas.	CSIEE
10. Identificar helenismos derivados do vocabulario do texto na lingua do alumnado.	10.1. Coñece os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e explica o seu significado remitindose aos étimos gregos orixinais.	CCL, CEC, CSIEE, CAA
11. Recoñecer referencias mitolóxicas directas ou indirectas nas diferentes manifestacións artísticas.	11.1. Describe os principais trazos da mitoloxía grecolatina.	CCL, CEC, CAA

UNIDADE 2	OUTUBRO (1ª QUINCENA)

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Comprender a concepción grega do universo e a natureza, tanto mítica como científica, e aprezar la influencia que exerceron na nosa tradición cultural. Analizar e relacionar coas propias, as ideas sobre o universo e a natureza que aparecen nos textos de autores gregos, tanto orixinais como traducidos, subliñando o que de actualidadehaxa nelas.

- Coñecer os términos gregos que se traballan no apartado de léxico (en relación co universo e os contidos lingüísticos), así como a súa pertenza ás distintas clases de palabras. Enriquecer o vocabulario propio e recoñecer as raíces gregas no vocabulario da lingua materna relacionadas co léxico grego estudado. Definir e identificar términos da propia lingua derivados do léxico grego estudado. Explicar a relación existente entre ambos términos.

- Coñecer as características e a formación dos femininos da primeira declinación.

- Coñecer as formas do feminino do artigo.

- Coñecer a formación do feminino dos adxectivos 2-1-2.

- Coñecer os términos gregos que se traballan no apartado de léxico, así como a súa pertenza ás distintas clases de palabras.

- Recoñecer a morfoloxía do presente de indicativo de εἰmi.

- Coñecer e identificar a concordancia verbo-suxeito.

- Coñecer as principais funcións dlos casos.

- Recoñecer os principais elementos de coordinación: καὶ y μὲν... δὲ.

- Identificar, en textos traducidos de autores gregos, elementos relativos aos aspectos estudados na unidade, sinalando e distinguindo o que de carácter xeral e de visión particular se nos transmite. Identificar aqueles aspectos e enfoques do texto vixentes na actualidade ou ben que consideramos superados e as razóns pertinentes.

- Coñecer o significado do léxico grego estudado ata o momento e que apareza nos textos gregos propostos. Identificar a relación etimolóxica entre o vocabulario do texto e o das linguas do alumnado.

- Identificar nos textos gregos propostos os elementos básicos da morfoloxía e sintaxe estudados ata o momento, con especial énfase naqueles relativos á unidade en curso. Detectar as variantes e coincidencias que existan coa lingua do alumnado.

- Traducir coa maior fidelidade posible os textos propostos a tal fin.

- Transcribir nomes propios gregos con espíritu áspero.

- Definir e identificar términos dla propia lingua derivados do léxico grego estudado. Explicar a relación existente

entre ambos términos.

Criterios de avaliación	**Estándares de aprendizaxe avaliables**	**CC**
1. Identificar as nocións máis importantes sobre o universo e a	1.1. Comprende as diversas concepcións sobre o universo e a natureza que se plantearon no pensamento e a mitoloxía	CCL,

natureza no pensamento grego.	gregos, analizando a súa influencia no pensamento e a cultura occidental.	CAA, CEC,
2. Coñecer, identificar e distinguir os distintos formantes das palabras.	2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos e buscando exemplos doutros términos nos que estean presentes.	CCL, CAA
3. Distinguir e clasificar distintos tipos de palabras a partir do seu enunciado.	3.1. Distingue palabras variables e invariables explicando os Trazos que permiten identificalas e definindo criterios para clasificalas.	CCL, CMCT, CAA
4. Comprender o concepto de declinación/flexión.	4.1. Enuncia correctamente distintos tipos de palabras en grego, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e declinación.	CCL, CMCT, CAA
5. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa declinación e declinalas correctamente.	5.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	CCL, CAA
6. Coñecer, comprender e utilizar os elementos morfolóxicos do grego e interpretar e traducir textos de dificultade progresiva.	6.1. Identifica e relaciona elementos morfolóxicos da lingua grega para realizar a análise e tradución de textos sinxelos.	CCL, CAA

7. Coñecer o léxico grego que se a pertenza dese léxico ás distintas clases de palabras (substantivos, adxectivos, verbos, etc.)	7.1. Identifica a etimoloxía e coñece o significado das palabras de léxico común da lingua propia.	CMCT, CAA, CSIEE
8. Definir e identificar términos da propia lingua derivados do léxico estudado, explicando a relación existente entre ambos términos.	8.1. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir de palabras da propia lingua ou do contexto.	CCL, CMCT, CAA, CSIEE
	8.2. Relaciona distintas palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.	CCL, CMCT, CAA, CSIEE
9. Identificar as formas do presente de indicativo do verbo εἰμί.	9.1. Conxuga o presente de indicativo en voz activa do verbo εἰμί.	CCL, CMCT, CAA, CSIEE
10. Identificar as formas verbais del verbo εἰμί en oracións coordinadas copulativas.	10.1. Aplica na tradución de textos as formas estudadas d presente de indicativo do verbo εἰμί.	CCL, CMCT, CAA, CSIEE
11. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.	11.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos sinxelos identificando correctamente as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan no contexto.	CCL, CMCT, CAA, CSIEE
12. Coñecer e identificar os nomes dos casos gregos e as funcións que realizan na oración, saber traducir os casos á lingua	12.1. Declina e/ou conxuga de forma correcta as palabras propostas segundo a súa categoría, explicando e ilustrando con exemplos as características que diferencian os conceptos	CCL, CMCT, CAA,

materna de forma adecuada.	12.2. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal grega, explicando as funcións que realizan dentro da oración e ilustrando con exemplos a forma adecuada de traducilos.	CCL, CMCT, CAA, CSIEE
13. Identificar as conxuncións coordinadas estudadas e traducilas correctamente nas oracións e os textos propostos.	13.1. Recoñece as principais conxuncións de coordinación gregas.	CCL
14. Analizar textos.	14.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos sinxelos, identificando as categorías gramaticais a que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan no contexto.	CCL, CMCT, CAA, CSIEE, CD
	14.2. Compara estruturas gregas coas da propia lingua, establecendo comparacións.	CCL, CMCT, CAA, SIEP, CD
15. Traducir oracións e textos	15.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega relacionándoos para traducilos cos equivalentes en galego.	CCL, CMCT, CAA, CSIEE, CD
	15.2. Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que entrañen dificultade identificando, entre varias acepcións, o sentido máis adecuado para a tradución do texto.	CCL, CMCT, CAA, CSIEE, CD

16. Coñecer as normas de Transcrición.	16.1. Aplica a nomes propios gregos a transcrición de grafías gregas (nomes propios gregos con espíritu áspero).	CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CEC
17. Identificar helenismos	17.1. Coñece os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e explica o significado remitíndose aos étimos gregos orixinais.	CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CEC
18. Identificar, dentro do	18.1. Explica os principais aspectos que diferencian a deidades e heroes.	CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CEC
19. Recoñecer Mitos.	19.1. Analiza e ilustra con exemplos a pervivencia do mítico na nosa cultura.	CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CEC
	19.2. Describe os principais trazos da mitoloxía grecolatina.	CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CEC

UNIDADE 3	OUTUBRO (2ª QUINCENA)

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Coñecer as características xerais do período arcaico da historia de Grecia, en especial aqueles feitos que supuxeron as bases do desenvolvemento de logros da sociedade grega na época clásica.
- Coñecer a importancia e os logros alcanzados polos gregos no período clásico da súa historia.
- Identificar as características xerais do período clásico e o seu desenvolvemento histórico.
- Coñecer a formación da 1. ª Declinación, concretamente dos masculinos da declinación en α.
- Coñecer a formación dos femininos da declinación temática.
- Identificar as formas dos adxectivos 2-2 na súa declinación completa.
- Coñecer os términos gregos que se traballan no apartado de léxico, así como a súa pertenenza ás distintas clases de palabras.
- Enriquecer o vocabulario propio e recoñecer as raíces gregas no vocabulario da lingua materna relacionadas co léxico grego estudado.
- Identificar ol funcionamento e formas da negación “ou”.
- Identificar a formación dos adverbios en -ως.

- Identificar en textos traducidos de autores gregos elementos relativos aos aspectos estudados noapartado de legado, distinguindo o que de carácter xeral e de visión particular se nos transmite. Identificar aqueles aspectos e enfoques do texto vixentes na actualidade ou ben que consideramos superados e as razóns pertinentes.

- Coñecer o significado do léxico grego estudado ata o momento e que apareza en textos gregos propostos. Identificar a relación etimolóxica entre o vocabulario do texto e o das linguas do alumnado.

- Identificar nos textos gregos propostos os elementos básicos da morfoloía e sintaxe estudados ata o momento, con especial énfase en aqueles relativos á unidade en curso. Detectar as variantes e coincidencias que existan coa lingua do alumnado.

- Traducir coa maior fidelidade posible os textos propostos a tal fin.

- Transcribir nomes propios gregos a través do acusativo latino.

- Definir e identificar términos da propia lingua derivados de léxico grego estudado. Explicar a relación existente entre ambos términos.

Criterios de avaliación	**Estándares de aprendizaxe avaliables**	**CC**
1. Coñecer as características xerais dos períodos da historia de Grecia.	1.1. Describe o marco histórico no que surxe e se desenvolve a civilización grega sinalando distintos períodos dentro do mesmo e identificando para cada unas conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.	CSC, CMCT, CEC
	1.2. Elabora eixes cronolóxicos en que se representan fitos históricos relevantes consultando ou non diferentes fontes de información.	CSC, CMCT, CEC
	1.3. Distingue as diferentes etapas da historia de Grecia, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.	CSC, CMCT, CEC
	1.4.* Sabe enmarcar determinados feitos históricos na contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.	CSC, CMCT, CEC
2. Coñecer, identificar e distinguir os distintos	2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos e buscando exemplos doutros términos en que estean presentes.	CCL, CMCT, CSIEE, CAA
3. Distinguir e clasificar distintos tipos de palabras a	3.1. Distingue palabras variables e invariables explicando os rasgos que permiten identificalas e definendo criterios para clasificalas.	CCL, CMCT, CSIEE, CAA
4. Comprender o concepto de declinación/flexión.	4.1. Enuncia correctamente distintos tipos de palabras en grego, distinguindoos a partir do enunciado e clasificándoos segundo a categoría e declinación.	CCL, CMCT, CSIEE,
5. Coñecerlas declinacións, encadrar as palabras dentro da	5.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando	CCL, CMCT,

declinación e declinalas correctamente.	correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	CSIEE, CAA

6. Coñecer, comprender e utilizar os elementos morfolóxicos da lingua grega e iniciarse na interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva.	6.1. Identifica e relaciona elementos morfolóxicos da lingua grega para realizar a análise e tradución de textos sinxelos.	CCL, CMCT, CSIEE, CAA
7. Coñecer o léxico grego que se traballa a unidade e identificar a pertenza dese léxico ás distintas clases de palabras (substantivos, adxectivos, verbos, etc.).	7.1. Identifica a etimoloxía e coñece o significado das palabras de léxico común da lingua propia.	CCL, CMCT, CSIEE, CAA
8. Definir e identificar términos da propia lingua derivados do léxico estudado, explicando a relación existente entre ambos términos.	8.1. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir de palabras da propia lingua ou do contexto.	CCL, CMCT, CSIEP, CAA
	8.2. Relaciona distintas palabras da mesma familia etimoloxica ou semantica.	CCL, CMCT, CSIEP, CAA
9. Coñecer as formas e o emprego da negación οὐ, e identificar a formación dos adverbios en -ως.	9.1. Distingue palabras variables e invariables explicando os rasgos que permiten identificalas e definindo criterios para clasificalas.	CMCT, CSIEP
	9.2. Traduce correctamente as oracións en que aparece a	CCL, CMCT, SIEP
10. Identificar casos e funcións.	10.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal grega, explicando as funcións que realizan dentro da oración e ilustrando con exemplos a forma adecuada de traducilos.	CCL, CMCT, CSIEP, CAA, CD, CEC

	10.2. Analiza morfolóxica e sintácticamente frases e textos de dificultade graduada, identificando as categorías gramaticais a que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan no contexto.	CCL, CMCT, CSIEP, CAA, CD, CEC
	10.3. Compara estruturas gregas coas da propia lingua, establecendo similitudes e diferenzas.	CCL, CMCT, CSIEP, CAA, CD,
11. Identificar aqueles aspectos e enfoques do texto vixentes na actualidade ou ben que consideramos superados e as razóns pertinentes.	11.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global.	CMCT, CSIEP, CAA, CD, CEC
12. Traducir as oracións e á lingua propia.	12.1. Recoñece na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego.	CCL, CMCT, CSIEP, CAA, CD, CEC
	12.2. Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que entrañen dificultade identificando entre varias acepcións o sentido máis adecuado para a tradución do texto.	CCL, CMCT, CSIEP, CAA, CD, CEC
13. Coñecer as normas de transcrición e aplicalas con corrección na transcrición de	13.1. Aplica a nomes propios gregos a transcrición de grafías gregas (paso dos nomes propios gregos á lingua propia a	CCL, CEC, CSC,

términos gregos.	través do acusativo).	CD
14. Identificar helenismos derivados do vocabulario da unidade na lingua do alumnado.	14.1. Coñece os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e explica o significado remitíndose aos étimos gregos orixinais.	CCL, CEC, CSC, CD

15. Recoñecer referencias mitoloxicas directas ou indirectas nas diferentes manifestacions artisticas.	15.1. Analiza e ilustra con exemplos a pervivencia do mítico e da figura do heroe na nosa cultura.	CCL, CEC, CSC, CD
	15.2. Describe os principais trazos da mitoloxía grecolatina.	CCL, CEC, CSC, CD

UNIDADE 4	**NOVEMBRO - DECEMBRO**

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Coñecer a importancia da figura de Alexandre Magno na historia de Grecia e a súa trascendencia na historia posterior.
- Recoñecer a trascendencia histórica e cultural do período helenístico da historia de Grecia.
- Identificar as características xerais deste período histórico.
- Coñecer a formación dos temas en oclusiva da 3. ª Declinación.

- Coñecer os términos gregos que se traballan na unidade, así como a súa pertenza ás distintas clases de palabras.

- Enriquecer o vocabulario propio e recoñecer as raíces gregas no vocabulario da lingua propia relacionadas co léxico grego estudado.

- Recoñecer a morfoloxía do infinitivo de presente activo e identificar as súas formas.

- Coñecer as funcións do infinitivo.

- Recoñecer os verbos con preverbio e o valor que aporta o preverbio ao seu significado.

- Identificar a construción de dativo posesivo.

Desde a materia preténdese transmitir unha serie de valores ao alumnado para a súa asunción e aplicación cotiá. Entre eles:

-aprender a ser responsable, para formarse axeitadamente como persoas, atendendo a:

- responsabilidade cun mesmo/a;

-responsabilidade coas tarefas a realizar;

-responsabilidade coa sociedade.

-aprender a ser respectuoso/a, para acadar unha convivencia equilibrada:

- aprender a ser respectuoso/a cun mesmo/a;

-aprender a ser respectuoso/a cos demais;

-aprender a ser respectuoso/a co entorno;

-aprender a ser respectuoso/a coa diferenza.

-aprender a ser empático/a de cara a fortalecer as relacións humanas e a comunicación interpersoal:

-sensibilidade cos demais;

-solidariedade e amizade;

-cooperación;

-civismo.

-aprender a autorregularse de cara a afrontar positivamente os impulsos e as relacións humanas:

-autocoñecemento;

-autocontrol emocional;

-aceptación das normas democráticas;

-civismo.

Por outra banda, e tendo en conta o que se indica sobre comprensión lectora, expresión oral e escrita, etc (ibidem) e tendo en conta a necesidade de actuar neste eido, aproveitando o plan lector do centro, consideramos algunhas propostas de traballo de onde xurdan procesos implicados na competencia lectora:

-adquirir e consolidar o hábito lector e mellorar a competencia lectora individual: favorecer o uso correcto (oral e escrito) das linguas de ensino-aprendizaxe.

-consecución das competencias curriculares: axuda na comprensión lectora de textos que deben manexar os alumnos/as nas tarefas escolares; apropiación do vocabulario específico de cada área.

-comprender globalmente (capacidade para identificar a idea principal do texto)

-obter información (capacidade para extraer información do texto)

-elaborar unha interpretación (inferir a partir do lido): realización ordenada e responsable de exposicións, debates, etc.

-reflexionar sobre o contido do texto (relacionar cos coñecementos previos e comparar) tanto individual como grupalmente mediante pautas conveniadas ou acordadas.

-reflexionar sobre a estrutura do texto (e relacionar coa utilidade e función).

Para isto, algunhas das propostas poden ser:

-dedicación á lectura naqueles temas teóricos da materia, de xeito que vai acompañada coa explicación do profesor/a. A posteriori o alumnado pode elaborar esquemas ou guións que axuden a estruturar os temas, a complementalos, etc. sendo ésta unha boa ferramenta de aprendizaxe.

-lectura de textos escollidos en relación co mundo clásico, en concreto, con aspectos lingüísticos e culturais da civilización romana, e tamén coa herdanza de Roma (aquí ten interesse o uso da prensa)

-lectura persoal dunha obra traducida e/ou adaptada

-elaboración dun vocabulario específico das linguas e culturas clásicas, nomeadamente da lingua latina.

-debates ou exposicións orais de ideas, opinións fundamentadas e argumentadas.

Estas propostas porán na súa execución em práctica os valores e actitudes de transversalidade antes recollidos: respecto, democracia, integración, pluralidade, non discriminación de ningún tipo, creatividade, responsabilidade, autonomía, iniciativa, traballo individual e em equipo, confianza, sentido crítico, tolerancia, convivencia.

Ademais do apuntado, as tecnoloxías da información e comunicación ofrecen novas e atractivas perspectivas no estudio das linguas e cultura clásicas que cómpre aproveitar, tanto na procura de textos, imaxes, esquemas, videos na internet, ferramentas de presentación, etc., como no acceso práctico a diversos recursos e fontes. O alumnado contará cos medios precisos para o uso e traballo no ordenador. En relación co fomento das TIC contémplase a consulta e información na internet para o estudio e realización de traballos de investigación. Neste sentido é posible contarmos na aula co acceso sinxelo a aspectos de xeografía, arqueoloxía, cinema, museos, literatura, teatro, etc., co beneficioso que todo isto pode resultar para o proceso de aprendizaxe.

Como conclusión, postúlase o fomento dos valores cívicos e democráticos das persoas, o respecto aos demais e ás diferenzas. Aspecto fundamental, en relación com isto, é a conciencia de formar parte dunha colectividade determinada constituída historicamente, no noso caso Galicia. Asumir esta dimensión forma parte tamén das tarefas transversais. Neste sentido, unha premisa que se establece como nuclear é a de considerarmos e practicarmos a diversidade como unha riqueza.

Ademais é importante valorar hábitos de estudio e respecto ás normas acordadas democraticamente, a cal permite desenvolver as capacidades dun xeito autónomo, coñecer dereitos e deberes, exercer a tolerancia, a responsabilidade e a corresponsabilidade, a solidariedade, traballar en equipo, e rexeitar prexuízos, a violencia e as discriminacións. Como prioritario evitaranse todos os comportamentos e contidos sexistas.

7.1. Medidas de atención á diversidade

Cada alumno/a é distinto dos demais en coñecementos, ideas, crenzas, sistema de valores. As capacidades, ritmos de desenvolvemento e de traballo e estilo de aprendizaxe tamén son diferentes. De aí que este apartado teña que contemplar estas situacións previas peculiares e propias, atendendo as necesidades psicolóxicas e educativas para poder acadar os obxectivos ou amplialos e extendelos naqueles casos en que os conseguisen. En relación con isto contémplanse tarefas para o traballo individual e en pequenos grupos heteroxéneos que comprometa a todos os integrantes no proceso e así se aproveiten as capacidades de todos/as en conxunto. Isto vai requerir un seguimento personalizado para desenvolver ao máximo as capacidades e potencialidades, tanto desde o punto de vista da

diversidade individual como da diversidade no grupo. Neste sentido será de importancia un conxunto de marcadores como a diversidade na comprensión, a diversidade de capacidade e desenvolvemento, a de interesse e motivación, a de resolución de problemas, a de comunicación, etc.

8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Na medida do posible, sempre que a situación de pandemia o permitise, visitarase algún espazo arqueolóxico relacionado coa materia de grego- que comparte co latín o Departamento (sendo prácticos, sería axeitado asistir a algún recinto arqueolóxico vencellado á nosa historia antiga, por exemplo, San Cibran de Las, Castromao ou o campamento romano de Aquis Querquennis), algún museo con restos gregos ou da romanización, alguna cidade ou vila que presente relación co mundo antigo estudiado, por exemplo, Pontevedra, Ourense, Lugo etc; e asistirase de ser factible a algún espectáculo que presente relación coa materia e os seus aspectos (obra de teatro, sobre todo a do Festival de Teatro Clásico de Lugo, etc.) ou a calquera outro evento, exposición, etc. vencellado á materia.

De ser posible e segundo as condicións e evolución do curso o permitan, poderá realizarse cara ao final do mesmo unha Xornada de cine Clásico.

Estes actividades requirirán unha preparación previa, enlazando a explicación da mesma cos aspectos estudados en clase. Tamén poderá ser obxecto de algún tipo de traballo por parte do alumnado.

De igual xeito, será confeccionado algún tipo de cuestionario para a súa realización por parte do alumnado, tanto in situ como unha vez pasado o evento. Este, ademais, requirirá dunha valoración individual e colectiva.

2º BACHARELATO GREGO

1. OBXECTIVOS

Remitimos ao sinalado no Decreto 86/2015, publicado no DOG nº 120 sobre esta materia. A aprendizaxe do Grego, artellado en sete bloques (lingua grega; sistema de lingua grega: elementos básicos; morfoloxía; sintaxe; historia, cultura, arte e civilización; textos e léxico, respectivamente) contribuirá á consecución das capacidades enunciadas nos seguintes obxectivos xerais:

Que o alumnado coñeza os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua grega para se iniciar na interpretación e na traducción de textos sinxelos.

Que o alumnado reflexione sobre os elementos fundamentais que constitúen as linguas e sobre cómo éstas se inflúen reciprocamente no espacio e no tempo: compre que o alumnado se familiarice cos elementos da lingua grega que o axuden á comprensión das modernas, entre elas a súa propia.

Que o alumnado poida interpretar textos literarios, históricos e filosóficos, traducidos e orixinais do mundo grego antigo, comprender a súa estructura, o pensamento e a ideoloxía neles reflectido, pero de xeito crítico e con proxección ó mundo no que el vive.

Que o alumnado saiba buscar en documentos e fontes de información variadas os datos relevantes para o coñecemento da lingua, da historia e da cultura estudiadas.

Que o alumnado identifique os valores principais e máis característicos establecidos pola sociedade grega, e poida facer apreciación crítica da vinculación que teñan con formas de pensar e todo tipo de manifestacións actuais.

2. CONTIDOS SECUENCIADOS E TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓN

Teremos como referencia o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Atenderemos as indicación que nos realicen desde o Grupo de traballo de Grego da CIUG.

En 2.º de Bacharelato, despois dun amplo repaso dos contidos vistos en 1.º será a tradución de textos o obxectivo principal. Traduciranse textos das obras principais de Xenofonte: *Anábase*, *Helénicas*, *Apoloxía*, *Lembranzas*, *Ciropedia* etc., co fin de preparar unha das opcións do exame de ABAU, mais sen deixar de lado ao outro autor, Platón, de quen se traducirán textos da *Apoloxía de Sócrates*, *Critón*, *Protágoras*, *Fedón* etc. En principio, as lecturas obrigatorias serán:

- *A Ilíada* (cantos I, VI, XVI e XXII).

- Selección de poemas de Arquíloco, Safo e Alceo.

- *Edipo Rei* de Sófocles, ou outra obra tráxica.

- *Nubes* de Aristófanes, ou outra obra cómica.

Os contidos e estándares de aprendizaxe marcados desenvólvense nas seguintes unidades seguindo o Decreto 86/2015, un total de 6 temas, que se secuencian do xeito seguinte:

1ª AVALIACIÓN:

UNIDADE 1	A 3.ª declinación: temas en silbante. Vocabulario.
	Os complementos circunstanciais sen preposición.
	Os modos verbais.
	O infinitivo. A construción persoal
	O aoristo radical I.
UNIDADE 2	A poesía épica.

2ª AVALIACIÓN:

UNIDADE 3	Os temas en vogal e ditongo. Vocabulario.
	Os verbos contractos: características e vocabulario.
	O participio. Uso nominal e verbal.
	As oracións subordinadas I. As substantivas.
	A reduplicación.
	O aoristo radical II
UNIDADE 4	A poesía lírica
	A historiografía.

3ª AVALIACIÓN:

UNIDADE 5	Os verbos oclusivos: características e vocabulario.
	Os verbos líquidos: características e vocabulario.
	As oracións adverbiais I.
	As oracións adverbiais II.
	Os verbos atemáticos.
UNIDADE 6	O teatro.

Temporalización

Os contidos que se concretan nas unidades citadas aparecen vertebrados en sete bloques, segundo o decreto tido como referencia, e terían unha estruturación de secuenciación e temporalización que parte da interrelación entre trimestre e avaliación. Así sería:

UNIDADES 1,2	setembro,outubro, novembro, decembro	1ª AVALIACIÓN
UNIDADES 3,4	xaneiro, febreiro, marzo	2ª AVALIACIÓN
UNIDADES 5,6.	abril, maio,	3ª AVALIACIÓN

3. CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS

As competencias claves son aquelas nas que se sustentan a realización persoal, a inclusión social, a cidadanía activa e mesmo o emprego. Seguindo o disposto no Decreto 86/2015, apuntamos o seguinte en relación coa materia de grego de 2º bach.

4. AVALIACIÓN

Os estándares de aprendizaxe de referencia son os que constan no decreto 86/2015 do 25 xuño polo que se establece o currículo de educación secundaria e do bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia.

4.1. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave

1ª avaliación
Tema 1. Sistema nominal e verbal I

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC
1Coñecer os enunciados e a declinación dos temas en silbante e o seu vocabulario básico. Procurar derivados. Analizar e traducir frases e textos con palabras destes temas.	**B2.1.1.**Repasa as declinacións vistas en 1.º de Bacharelato e recoñece diferentes enunciados desta declinación. **B2.1.2** Declina temas en silbante e fai a análise morfolóxica de substantivos neutros en -ος e de substantivos e adxectivos en **B3.1.4** Fai a análise sintáctica e a tradución directa e inversa de frases con este vocabulario.	CCL CAA CD

2. Comprender o concepto de C.C. sen preposición e recoñecer en que tipo de expresións se utiliza. Analizar e traducir frases e textos con estes complementos.	**B2.2.1** Comprende o concepto de C.C. sen preposición e repasa a expresión do instrumento vista en 1.º de Bacharelato. **B2.2.2** Comprende o acusativo de relación e distingue os verbos, substantivos e adxectivos máis frecuentes que adoitan construírse con este acusativo. **B3.2.3** Constrúe frases en diversas linguas nas que se usen **B5.2.4** Fai a análise sintáctica e traduce directa ou inversamente frases con C.C. sen preposición. **B6.2.5** Recoñece estes complementos nos textos **B6.2.6** Nomea aquelas expresións máis frecuentes para expresar a noción do tempo. **B6.2.7** Nomea aquelas expresións máis frecuentes para expresar a extensión no espazo.	CCL CAA CD
3. Distinguir formas verbais en diferentes modos e recoñecer os seus usos en frases e textos gregos.	**B2.3.1** Repasa as características do modo indicativo vistas en 1º de Bacharelato. **B2.3.2** Distingue as diferenzas morfolóxicas do subxuntivo, optativo e imperativo fronte ao indicativo. **B3.3.3** Fai a análise morfolóxica dunha forma verbal en calquera destes modos, separando os seus compoñentes. **B5.3.4** Coñece os diversos usos do subxuntivo, optativo e **B5.3.5** Fai a análise sintáctica e a tradución ao galego de frases e textos gregos con formas verbais en diferentes modos.	CCL CAA CD
4. Coñecer o infinitivo nos seus catro temas verbais, e distinguir a construción persoal con infinitivo en frases e textos.	**B2.4.1** Repasa o infinitivo concertado e non concertado visto en 1º de Bacharelato. **B2.4.2** Recoñece o infinitivo de presente, futuro, aoristo e perfecto. **B2.4.3** Compara e distingue unha construción persoal con infinitivo dunha impersoal.	CCL CAA CD

5. Recoñecer o aoristo radical dos verbos γίγνομαι, ἔχω, βάλλω e verbos con infixo e sufixo nasal. O polirrizo λέγω.	**B2.5.1** Repasa o aoristo sigmático. Comprende o concepto de aoristo 2.º ou radical e distíngueo do aoristo sigmático. **B2.5.2** Recoñece un aoristo 2.º en todos os seus modos e voces. **B5.5.3** Recoñece nos textos o aoristo dos verbos γίγνομαι,	CCL CAA CD
Tema 2: A literatura grega I		
1. Coñecer as características e autores principais da poesía épica grega. Ler os cantos I, VI, XVI e XXII d´*A Ilíada*	**B.4.1.1** Comprende a importancia da literatura grega para Occidente e coñece as súas etapas e soportes de escritura. **B.4.1.2** Nomea as principais características da épica, así como os seus autores e respectivas obras. **B.4.1.3** Reflexiona sobre a importancia e influencia de Homero en toda a literatura occidental. **B.4.1.4** Repasa e amplía os coñecementos vistos en cursos anteriores sobre o mito da Guerra de Troia observando e comentando imaxes de arte.	CAA CSC CCEC CSIE E CD

2ª avaliación		
Temas 3: *Sistema nominal e verbal II*		
Criterios de avaliación	**Estándares de aprendizaxe**	**CC**
3.1. Coñecer os enunciados e a declinación dos temas en vogal e ditongo, así como o seu vocabulario básico. Procurar derivados. Analizar e traducir frases e textos con palabras destes temas	**B.2.3.1.1** Declina temas en vogal, e fai a análise morfolóxica de substantivos en -ι e – υ con e sen alternancia, destacando os femininos tipo πόλις, πόλεως, e o substantivo ναῦς, νεώς. **B.2.3.1.2** Declina e recoñece os adxectivos de tres terminacións de tema en -υ. **B.2.3.1.3** Elabora o cadro xeral da terceira declinación e o	CCL CAA CD

	cadro xeral do adxectivo. **B.6.3.1.4** Usa o vocabulario básico destes temas e procura os helenismos máis comúns.	

	destes temas.	
3.2 Comprender o concepto de verbo contracto e coñecer as súas características. Analizar e traducir frases e textos con estes verbos.	**B.2.3.2.1**Distingue nos textos un verbo contracto dun non contracto. **B.2.3.2.2** Recoñece as diferentes contraccións do tema de presente e os alongamentos dos outros temas verbais. **B.5.3.2.3** Nomea os verbos contractos máis frecuentes e traduce	CCL CAA CD
3.3 Coñecer o participio nos seus catro temas verbais, e distinguir o seu uso nominal e verbal en frases e textos.	**B.2.3.3.1** Repasa e distingue o participio con artigo e o participio concertado visto en 1.º de Bacharelato. **B.2.3.3.2** Recoñece o participio de presente, futuro, aoristo e perfecto. **B.2.3.3.3** Compara e distingue unha oración de participio concertado dunha de participio non concertado ou absoluto. **B.6.3.3.4** Fai análise sintáctica e tradución de diferentes	CCL CAA CD
3.4 Comprender o concepto de subordinación e de oración subordinada substantiva. Distinguir as principais oracións substantivas con ou sen nexo en frases e textos.	**B.2.3.4.1** Repasa as oracións interrogativas directas vistas en 1.º de Bacharelato e identifica as indirectas introducidas por pronomes ou adverbios interrogativos e pola conxunción εἰ. **B.3.3.4.2** Repasa os nexos coordinados vistos en 1.º de Bacharelato. **B.3.3.4.3** Distingue en textos unha oración coordinada dunha subordinada. **B.3.3.4.4** Repasa e afianza o coñecemento das oracións substantivas de infinitivo concertado e non concertado. introducidas polas conxuncións ὅτι, ὡς, ὅπως e μή, e **B.5.3.4.6** Traduce frases e textos identificando as substantivas de participio tras algúns verbos de percepción e coñecemento.	CCL CAA CD
3.5 Coñecer todos os procedementos de formación da reduplicación no	**B.2. 3.5.1** Repasa o visto en 1.º de Bacharelato sobre o tema de	CCL CAA

tema de perfecto.	perfecto. **B.2.3.5.2** Recoñece todos os procedementos de formación da	CD

	reduplicación separando os seus compoñentes. **B.5.3.5.4** Traduce e recoñece diferentes perfectos en frases e	
3.6 Recoñecer o aoristo radical dos verbos φεύγω, βαίνω, πίπτω e con sufixo -(ι)σκω. Os polirrizos ἔρχομαι, ὁράω, φέρω e αἱρέω.	**B.2.3.6.1** Comprende a diferenza entre un imperfecto e un aoristo radical. **B.2.3.6.2** Conxuga un aoristo 2º en todos os seus modos e	CCL CAA CD
Tema 4: A literatura grega II		
4.1 Coñecer as características, tipos e autores principais da poesía lírica grega. Ler unha selección de poemas de Arquíloco, Safo e Alceo.	**B.4. 4.1.1** Sitúa este xénero na etapa arcaica e repasa os personaxes e acontecementos máis importantes da mesma. **B.4. 4.1.2** Recoñece as características, tipos e autores principais da poesía lírica grega.	CAA CSC CCEC CSIE E CD
4.2 Coñecer as características, autores e obras destacadas da historiografía grega, principalmente de Xenofonte.	**B.4. 4.2.1** Sitúa este xénero na etapa clásica e identifica os personaxes e acontecementos históricos máis importantes da mesma. **B.4. 4.2.2** Coñece as causas, acontecementos principais e desenlace da Guerra do Peloponeso. **B.4.4.2.3** Identifica e comenta os personaxes e acontecementos históricos nas obras de Xenofonte obxecto de tradución.	

3ª avaliación		
Temas 5: *Sistema nominal e verbal II*		
Criterios de avaliación	**Estándares de aprendizaxe**	**CC**
5.1 Comprender o concepto de verbo oclusivo e coñecer as súas	**B.2.5.1.1** Repasa o visto o curso pasado sobre as consoantes	CCL CAA

características. Analizar e traducir	oclusivas e os temas en oclusiva da 3.ª declinación.	CD

frases e textos con estes verbos.	oclusivo. **B.2.5.1.3** Nomea os verbos oclusivos máis frecuentes e traduce frases e textos con estes verbos. **B.6.5.1.4** Recoñece os cambios fonéticos que experimentan as consoantes oclusivas labiais, guturais e dentais nos distintos temas verbais.	
5.2 Comprender o concepto de verbo líquido e coñecer as súas características. Analizar e traducir frases e textos con estes verbos.	**B2.5.2.1** Repasa o visto o curso pasado sobre as consoantes soantes e os temas en líquida e nasal da 3.ª declinación. **B2.5.2.2** Recoñece os reforzos, contraccións e alongamentos **B2.5.2.3** Comprende o concepto de aoristo asigmático e distingue o aoristo dun verbo líquido dun aoristo radical. **B2.5.2.4** Distingue nos textos un verbo líquido dun non líquido. **B5.5.2.5** Nomea os verbos líquidos máis frecuentes e traduce	CCL CAA CD
5.3 Comprender o concepto de oración subordinada adverbial. Distinguir as oracións causais, temporais, finais e consecutivas en frases e textos.	**B3.5.3.1** Coñece os principais nexos causais, temporais, finais e consecutivos. **B3.5.3.2** Distingue os nexos que só expresan unha circunstancia dos que poden expresar varias, destacando os usos da conxunción ὡς. **B5.5.3.3** Traduce frases e textos con oracións subordinadas adverbiais introducidas por estes nexos.	CCL CAA CD
5.4 Distinguir as oracións comparativas, condicionais e concesivas en frases e textos.	**B2.5.4.1** Identifica a partícula ἄν e comprende os seus usos. **B3.5.4.2**Coñece os principais nexos comparativos, condicionais e concesivos. **B3.5.4.3** Comprende os catro tipos que presentan as oracións condicionais, e relaciónaos co latín, galego e inglés.	CCL CAA CD
5.5 Comprender o concepto de verbo atemático e coñecer as súas características principais. Analizar e	**B2.5.5.1** Repasa o visto o curso pasado sobre o verbo εἰμί. **B2.5.5.2** Comprende o concepto de verbo atemático e distíngueo de un temático.	CCL CAA

traducir frases e textos con estes verbos.	**B2.5.5.3** Coñece os tres tipos de verbos atemáticos. **B2.5.5.4** Recoñece as características principais destes verbos. **B2.5.5.5** Distingue polo lexema entre formas do verbo εἰμί e	

	B2.5.5.6 Recoñece polo lexema diversas formas de δίδωμι, τίθημι, ἵστημι e ἵημι. **B2.5.5.7** Recoñece polo lexema diversas formas de verbos con sufixo -νυ, especialmente δείκνυμι e ὄλλυμι. **B2.5.5.8** Nomea os verbos atemáticos máis frecuentes e traduce frases e textos con estes verbos.	
Tema 6: A literatura grega III		
6.1 Recoñecer a orixe, características, xéneros e autores principais da poesía dramática grega. Ler a traxedia *Edipo Rei* e a comedia *A asemblea de mulleres.*	**B6.6.1.1** Coñece a orixe, características, organización, xéneros e autores principais do teatro grego. **B6.6.1.2** Comprende a relación do teatro coa democracia ateniense, observando e comentando imaxes de arte. **B6.6.1.3** Le e comenta a traxedia de Sófocles *Edipo Rei* e a comedia de Aristófanes *A asemblea de mulleres*. **B6.6.1.4** Comprende a importancia do teatro grego na literatura occidental.	CAA CSC CCEC CSIE E CD

4.2.Grao mínimo esixibles para superar a materia de 2º de Bacharelato

Agás que a CIUG modifique o que a día de hoxe está establecido, seguindo os núcleos temáticos vertebradores de lingua, léxico, textos e legado, tendo en conta o Decreto 86/2015, establécense os seguintes contidos mínimos de carácter xeral para superar a materia:

O alumnado deberá dominar os mesmos contidos mínimos de 1.º e ademais:

1. Marco histórico da Grecia antiga:

- Coñecer os acontecementos e personaxes históricos máis destacados das etapas clásica e helenística, sobre todo o século V a.C.

2. Xéneros literarios gregos:

   - Coñecer as características e autores máis destacados da épica, a lírica e o teatro grego.

3. Lectura dos seguintes textos e autores:

   - Cantos I, VI, XVI e XXII d´*A Ilíada* de Homero.

   - Selección de poemas de Arquíloco, Safo e Alceo.

   - *Edipo Rei* de Sófocles.

– *Nubes* de Aristófanes.

4. As tres declinacións.

5. Os modos subxuntivo, optativo e imperativo de λύω e είμί.

6. Principais características dos verbos contractos en -άω, έω, -όω.

7. Principais características dos verbos consonánticos.

8. As principais conxuncións subordinadas.

9. O infinitivo concertado e non concertado.

10. O participio concertado e absoluto.

11. Tradución con dicionario dun texto sinxelo dunhas tres liñas de Xenofonte.

4.3. Procedementos de avaliación

Os procedementos que haberá que empregar para acadar todas estas competencias serán os seguintes:

1) Análise e síntese de textos literarios relacionados coa cultura grega.

2) Visión e análise de obras plásticas relacionadas co mundo grego.

3) Comparación do mundo grego co actual, en especial co galego.

4) Comprobación da incidencia dos mitos na formación de palabras e frases, na literatura e na arte.

5) Localización e uso de bibliografía recomendada.

6) Localización e uso de páxinas web recomendadas.

7) Lectura e escritura en grego.

8) Análise dos principais fenómenos fonéticos.

9) Análise morfosintáctica de palabras, frases e textos gregos.

10) Comparación das estruturas morfosintácticas gregas coas do latín e demais linguas coñecidas.

11) Tradución directa e inversa de frases e/ou textos dunha dificultade progresiva sen necesidade da axuda de dicionario.

12) Tradución directa de textos de dificultade media coa axuda de dicionario.

13) Estudo dun vocabulario básico de "máxima frecuencia".

14) Realización de exercicios de vocabulario nos que o alumno se familiarice coas regras xerais de transcrición, derivación e composición.

15) Dedución de significados a través da relación de palabras da mesma familia léxica.

16) Confección de fichas coas familias léxicas máis produtivas e cos helenismos correspondentes.

17) Busca de significados no vocabulario xeral e/ou en dicionarios.

18) Recompilación de helenismos utilizados en libros de texto de bacharelato ou xornais para un posterior análise e clasificación.

19) Lectura individual de obras literarias traducidas.

20) Comparación de helenismos nas linguas modernas coñecidas.

21) Memorización de poemas ou máximas en versión orixinal ou traducidas.

22) Escenificación ou lectura escenificada dunha obra teatral.

23) Realización individual ou grupal de traballos de investigación sobre temas relativos ao mundo grego.

24) Elaboración de power-points e slides sobre a cultura grega.

25) Exposición oral de traballos.

26) Localización nun mapa de lugares, personaxes, obras artísticas, acontecementos históricos e feitos culturais.

4.4. Criterios e instrumentos da avaliación

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno debe levarse a cabo por medio dos seguintes instrumentos:

- Observación do traballo diario.
- Probas específicas.
- Realización de tarefas puntuais.

1) Traballo diario: Labor fundamental do profesorado é a observación e o control do traballo diario do alumno mediante:
   - Preguntas frecuentes na aula.
   - Seguimento do caderno do alumno.

- Control de asistencia e puntualidade.

- Observación do grao de participación na clase, na aula virtual e no blog da materia.

- Valoración da actitude.

Deste xeito o profesor observará as dificultades, os avances ou os erros máis frecuentes dos alumnos e poderá atendelos axeitadamente.

2) Probas específicas: As probas recollerán o exposto durante o período correspondente, sen que representen unha dificultade non salvable para o alumno que traballou acotío. Poderán facerse:

- Probas escritas ou orais.

- Probas sen previo aviso.

- Probas fixadas xa de antemán ao principio do trimestre.

En 1.º de bacharelato as probas constarán de:

- Análise morfolóxica de varios nomes.

- Análise morfolóxica de varios verbos.

- Análise sintáctica e tradución de varias frases.

- Cuestións relativas ao vocabulario (helenismos).

- Preguntas dos temas culturais.

En 2.º de bacharelato as probas constarán de:

- Un texto para traducir.

- Preguntas de morfoloxía.

- Preguntas de sintaxe.

- Helenismos.

- Cuestións culturais.

A proba final de 2.º de bacharelato constará dun texto para traducir dunhas tres liñas que poderá ser puntuado cun máximo de 6 puntos; catro preguntas a elixir tres sobre cuestións gramaticais e culturais referidas ao texto, que poderán ser puntuadas cun máximo de 3 puntos; e dúas preguntas a elixir unha sobre os temas de literatura e as lecturas, que se puntuará cun máximo de 1 punto.

3) Tarefas puntuais: É importante que o alumnado se achegue á literatura clásica directamente, así como que controle os mecanismos para facer traballos de investigación. Isto só é posible fóra das horas lectivas. Valorarase:

- A puntualidade na data de entrega prevista.

- A presentación do traballo.

- A comprensión e síntese do tema motivo do traballo.

- A elaboración persoal.
- A exposición oral.
- A comprensión lectora.
- O manexo das TIC.

4.5. Criterios mínimos de avaliación

1) Identificar aos principais deuses e heroes, así como os seus poderes, atributos e mitos.
2) Localizar nun mapa mudo os principais lugares da Grecia antiga.
3) Situar historicamente aos personaxes, sucesos e obras máis destacadas da cultura grega.
4) Ler con soltura un texto grego.
5) Transcribir palabras gregas ao galego.
6) Declinar os substantivos, adxectivos e pronomes máis comúns.

7) Conxugar as principais formas regulares do verbo grego.

8) Traducir frases sinxelas sen dicionario en 1.º, e en 2.º traducir textos con dicionario dunha dificultade media progresiva.

9) Analizar os helenismos dunha relación léxica determinada.

10) Realizar aqueles traballos puntuais encomendados.

11) Asistir a clase e realizar con regularidade os exercicios propostos.

4.6. Criterios de cualificación

A cualificación de cada unha das avaliacións e a nota final de curso será obtida a partir das cualificacións das probas escritas (unha ou dúas por avaliación) que se realizarán despois de cada bloque de contidos, coas actividades correspondentes.

Asímesmo, serán tidas en conta para as cualificacións as intervencións orais nas clases, os traballos individuais ou grupais sexan encomendados ou voluntários (atendendo a indicadores como pulcritude e limpeza, corrección na escrita, extensión acaída, boa disposición do contido, etc), corrección integral do caderno de clase (presentación, realización correcta e en tempo das tarefas, limpeza, bo estado do mesmo, orde, redacción, ortografía, etc.), as lecturas encomendadas (no seu caso), as mostras de interese e participación (tanto na aula como nas saídas), a creatividade, etc. a resolución correcta de actividades e, en xeral, o resultado positivo de calquera das actividades consideradas instrumentos de avaliación realizados. Tamén será tido en conta o traballo diário, o cal implica a valoración do esforzo continuado do alumnado e a adquisición eficaz de hábitos durante o curso. Como quedou xa apuntado, estes aspectos (traballo diario, participación, mostra de interese, corrección na realización das tarefas e do caderno, etc.)

O 70 % da nota corresponderá ás probas escritas (unha ou dúas por avaliación) e o restante 30 % atenderá ás actividades antes mencionadas, así como á disposición activa e participativa e o interese amosado polo alumnado.

As probas escritas recollerán os contidos linguísticos, culturais e históricos correspondentes aos temas estudados. O

profesor poderá, se é o caso, realizar unha recuperación destas probas.

Serán valoradas de xeito bo as actitudes que redunden no normal desenvolvemento das clases, o respecto polos compañeiros/as, polo profesorado e pólas normas da aula. Serán tidas positivamente en conta en canto a valoracións as saídas e intervencións voluntarias do alumnado (sobre todo se son acertadas en canto á resolución correcta dos temas e tarefas propostos), a dinámica de atención ás explicacións e os traballos realizados *motu proprio*, ademais do esforzo individual na boa realización dos traballos encomendados.

A cualificación da avaliación ordinária obterase em función da nota media das tres avaliacións (tendo en conta tamén, se fose o caso, a nota das recuperación/s). Neste sentido cómpre sinalar que é imprescindible que para superar a materia en cada unha das avaliacións ten que figurar unha cualificación de como mínimo un 4. Porén, tamén se terá en conta a evolución do alumnado en interese, esforzo, etc. ao longo do curso.

Na avaliación extraordinária , a proba escrita obxectiva seguirá as mesmas pautas ou o mesmo modelo sinalado. En todo caso, os mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva terán a ver coa adquisición dos contidos mínimos.

Evidentemente serán os resultados académicos que o alumnado obteña nas distintas probas e en cada avaliación os que contribuirían en alto grao a definir un mapa de logros. A porcentaxe de resultados positivos e negativos medirán a dimensión destes. Consideramos que este cálculo poderíase definir tendo en conta o seguinte: se os resultados académicos positivos (das distintas probas, das avaliacións) non acadasen o 50 % o indicador sería negativo; se fosen do 50-60 % o indicador sería aceptable; se fose do 60-70, bo; se do 70-80 notable, e se superase iso, óptimo.

5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: REFORZOS E PENDENTES DE 1º E 2º BACHARELATO

Para os alumnos de Grego coa materia de 1.º de bacharelato pendente que necesiten recuperala pódense establecer dous exames: un no primeiro cuadrimestre (polo mes de decembro-xaneiro) no que entrarán os temas 1, 2, 3 e 4 e outro final (polo mes de marzo-abril) no que entrarán os temas 5, 6 e 7. Tratándose dunha lingua, enténdese que no exame final entrarán os contidos lingüísticos dos sete temas estudados.

En 2.º de bacharelato adoitan escoller Grego os alumnos e as alumnas que tiveron un resultado positivo no curso anterior. De calquera forma, se se observan atrasos significativos no progreso da materia, os alumnos e as alumnas

disporán de material complementario con actividades de reforzo que lles axudarán a adquirir un mellor rendemento

na aprendizaxe do grego.

Atención a diversidades 1º bacharelato

En relación ás actividades de reforzo especiais, a materia de Grego en 1.º de bacharelato é propia de modalidade polo que adoita ser escollida por aqueles alumnos e por aquelas alumnas que non tiveron grandes problemas coa lingua na ESO; ademais comézase desde cero, o que facilita a incorporación á mesma de todos os alumnos e todas as alumnas desde o principio, e o número de alumnos e de alumnas por aula adoita ser pouco numeroso.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS DA MATERIA DE 1º E 2º BACHARELATO

Ademais do material elaborado polo profesor/a, que se explicará acaídamente e/ou se repartirá mediante fotocopias e explicacións na pizarra no momento pertinente, tamén se poderán empregar outros recursos didácticos como os seguintes:

Diapositivas, Mapas,Vídeos,Libros, Revistas e prensa escrita,Internet,Dicionarios

7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Na medida do posible, sempre que a evolución do curso e a situación de pandemia o permita,visitarase algún espazo arqueolóxico relacionado coa materia de grego- que comparte co latín o Departamento (sendo prácticos, sería axeitado asistir a algún recinto arqueolóxico vencellado á nosa historia antiga, por exemplo, San Cibran de Las, Castromao ou o campamento romano de Aquis Querquennis), algún museo con restos gregos ou da romanización, alguna cidade ou vila que presente relación co mundo antigo estudiado, por exemplo, Pontevedra, Ourense, Lugo etc; e asistirase de ser factible a algún espectáculo que presente relación coa materia e os seus aspectos (obra de teatro, sobre todo a do Festival de Teatro Clásico de Lugo, etc.) ou a calquera outro evento, exposición, etc. vencellado á materia. Tamén, se fose posible, cara ao final de curso, unha Xornada de Cine Clásico.

Estes actividades requirirán unha preparación previa, enlazando a explicación da mesma cos aspectos estudados en clase. Tamén poderá ser obxecto de algún tipo de traballo por parte do alumnado.

De igual xeito, será confeccionado algún tipo de cuestionario para a súa realización por parte do alumnado, tanto in situ como unha vez pasado o evento. Este, ademais, requirirá dunha valoración individual e colectiva.

8. TRATAMENTO E FOMENTO DA LECTURA EN 1º E 2º DE BACHARELATO

O Dep. de Latín e grego pode colaborar activamente na consecución do Plan Lector a través do desenvolvemento da materia nas aulas. Porén, non fica na aula o seu traballo e procura que o alumnado adquira hábitos lectores e actitudes favorables cara á lectura, para o cal tentamos crear ambientes favorables á lectura a través de diferentes actividades que detallamos a continuación:

- Emprego da biblioteca escolar: participamos activamente na dinamización da biblioteca e potenciamos o uso da mesma por parte de todo o alumnado. Concretamente, no alumnado de primeiro ciclo procuramos a creación de bibliotecas de aula nas que dispoñen de obras de referencia e de lectura usadas na aula co fin de potenciar o hábito e gusto pola lectura.

- Integración nun club de lectura no que tamén tentamos inmiscir a todo o alumnado posible.
- Achegamento a diferentes tipos de textos, literarios e non literarios, cos que se traballa activamente nas aulas.

- Integración de diferentes fontes de información á disposición do alumnado para a elaboración dos seus traballos académicos.

Ademais como lecturas da materia:

1.- Lecturas da materia:

1.º de bacharelato:

- *Odisea*.
- Selección de poemas líricos.
- Outras: antoloxía de textos, teatro, etc.

2.º de bacharelato:

- *A Ilíada* (cantos I, VI, XVI e XXII).
- Poemas de Arquíloco, Safo e Alceo.
- *Edipo Rei* de Sófocles.
- *Nubes* de Aristófanes.

9. TRATAMENTO E FOMENTO DAS TIC

Se ben o emprego das TIC é unha parte fundamental do noso labor nas nosas aulas, debemos ter en conta as características da nosa comunidade educativa e o acceso que o

noso alumnado ten ás novas tecnoloxías. En moitos casos, o noso alumnado só se achega ás TIC no centro escolar e, polo tanto, é parte do noso labor encamiñalos cara a un uso correcto e responsable das informacións que se lles achegan dende as diferentes fontes.

Fomentamos o uso dos diferentes recursos dos que dispomos a través da realización de diferentes traballos e sempre baixo a supervisión do profesorado nas aulas de informática onde fan uso dos recursos da rede, o emprego do encerado dixital (na medida do posible) ou a realización de actividades vinculadas ás TIC, dentro e fóra das aulas.

Debemos resaltar o limitado dos recursos, con escaso número de computadores e cunha conexión á rede moi deficiente. Aínda así, inténtase tirar todo o proveito posible destes recursos

10. INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DO ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

Evidentemente serán os resultados académicos que o alumnado obteña nas distintas probas e en cada avaliación os que contribuirían en alto grao a definir un mapa de logros. A porcentaxe de resultados positivos e negativos medirán a dimensión destes. Consideramos que este cálculo poderíase definir tendo en conta o seguinte: se os resultados académicos positivos (das distintas probas, das avaliacións) non acadasen o 50 % o indicador sería negativo; se fosen do 50-60 % o indicador sería aceptable; se fose do 60-70, bo; se do 70-80 notable, e se superase iso, óptimo. Aínda así habería que ter presentes tamén outros marcadores:

-A estruturación clara da programación.

-Os contidos e obxectivos son transparentes e os graos mínimos de consecución así como os estándares de aprendizaxe son os convenientes para cada curso.

-Os principios metodolóxicos están claros e adecúanse na práctica ao alumnado de cada curso.

11. CONCRECIÓNS DA METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Potenciarase o traballo individual do alumno, tanto nos aspectos teóricos (memorización de paradigmas, estudio da sintaxe), coma nos prácticos (tarefas cotiás, tradución e interpretación das frases e textos, comentarios de textos...). As explicacións do profesor procurarán conducir ao alumno a atopar o método lóxico de observación e análise lingüístico partindo da reflexión sobre o funcionamento da lingua. Primaranse fundamentalmente os contidos lingüísticos.

Os contidos históricos, literarios, culturáis e mitolóxicos traballaranse tamén de feito individual mediante o estudio dos diversos temas, lecturas e realización dun traballo de investigación sobre un tema concreto do temario. Aínda así fomentarase todo tipo de dinámicas subgrupais e interindividuais á hora de realización de tarefas, traballos, etc. Tamén se potenciarán pautas e mecanismos de participación, voluntariedade e activismo na realización de tarefas, así como no deseño e execución de debates e comentarios de aspectos vinculados coa materia.

Como principio metodolóxico fundamental trataremos de fuxir da mera exposición de conceptos como do aprendizaxe memorístico e procurar a participación activa do alumno así como a súa interacción. Debemos poñer en contacto a súa cultura coa propia do mundo clásico. O procedemento, sempre que sexa posible, será:

-Buscar no presente datos relacionados co tema a tratar.

-A partir do obtido e do que o alumno coñece por si mesmo ou acaba de coñecer coas explicacións do profesor, establecerá e buscará solucións e conexións entre o a súa realidade e a do mundo clásico.

Do aquí exposto pódese deducir que a aprendizaxe cimentarase esencialmente sobre a percepción, a reflexión e a resolución de exercicios.

-Se están claros os criterios e procedementos de cualificación e avaliación, e igual de claridade hai na súa comunicación, así como os mecanismos de reforzo e recuperación.

- Se existe consulta e cumprimento da avaliación ao longo do curso.

-Explicitar ao alumnado os aspectos centrais da programación, como obxectivos, contidos e criterios de cualificación.

-Seleccionar e realizar as actividades acaídas en relación co nivel de curso.

-Se existe a motivación precisa do alumnado.

-Uso dos recursos e materiais idóneos.

-O seguimento dos contidos da programación en relación coa secuenciación e temporalización planeadas.

-A comprensión por parte do alumnado dos mesmos, e o correspondente axuste concreto de contidos, se for o caso, á propia situación do dito nível de comprensión, coas implicacións temporais que poidese conlevar.

- O grao de interese e atención explicitamente manifestados.
-O nível de participación e actividade acadados.
-O clima de confianza e activismo tanto individual coma colectivo na aula.
-As dinâmicas e actitudes de profundización de determinadas temáticas.
-O voluntarismo e superación.
-A facilidade e bo entendemento dos contidos explicados.
- O nível de asimilación dos mesmos. Etc.

Aspectos coma os anteriores debuxarán unha radiografia bastante axustada do proceso de ensinanza-aprendizaxe e da práctica docente en concreto. A partir da mesma, se incorporarían as modificacións necesarias despois dunha análise pormenorizada dos distintos elementos sinalados.

12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Esta programación será avaliada ao longo do curso nas horas de Xefatura do departamento, que terán lugar unha vez á semana. Ao remate do curso, en xuño, realizarase a memoria final no que serán recollidos e analizados os obxectivos que se puideron cumprir, introducindo as modificacións que algúns deles necesiten para a súa adecuación no curso que vén. Igualmente serán recollidos aqueles obxectivos que non foi posible levar a cabo, analizando as causas e introducindo as rectificacións necesarias nos casos en que sexa posible, ou eliminándoos.

Algúns dos aspectos que se poderán ter en conta serán, en conexión cos resultados académicos e relacionados coa planificación e estruturación da materia, cuestión referidas á motivación do alumnado, ou o desenvolvemento, seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Igualmente os procesos de mellora que se consideren.